



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 113

IV lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria

8 de outubro de 1996

Presidencia do Excmo. Sr. D. Victorino Núñez Rodríguez

ORDE DO DÍA

Punto previo.-

Elección de secretario da Mesa do Parlamento.

Punto único.-

Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia para expoñe-la situación política da Comunidade Autónoma de Galicia, debate e propostas de resolución (doc. núm. 11.328).

SUMARIO

Abrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

Prestación, se é o caso, da promesa ou xuramento de acata-la Constitución e o Estatuto de Autonomía por parte da nova deputada Da. María del Carmen Bastos Rodríguez. (Punto previo da orde do día).

Para dar cumprimento ó artigo 7º do Regulamento, a Sra. María del Carmen Bastos Rodríguez promete acata-la Constitución e o Estatuto de Autonomía (páx. 7152).

Elección de secretario da Mesa do Parlamento

Votación: Queda elixido D. Fernando González Suárez, con 41 votos (páx. 7152).

Debate de política xeral: informe do Excmo. Sr. presidente da Xunta de Galicia para expoñe-la situación política da Comunidade Autónoma de Galicia, debate e propostas de resolución. (Punto único da orde do día).

Exposición : Sr. presidente da Xunta de Galicia (páx. 7152).

Galicia 1996 (páx. 7153).

O labor realizado e os nosos obxectivos inmediatos (páx. 7154).

O final do illamento territorial de Galicia (páx. 7154).

Telecomunicacións (páx. 7156).

Medio ambiente (páx. 7156).

Os sectores productivos (páx. 7157).

Agricultura, Gandería e Montes (páx. 7157).

O sistema alimentario (páx. 7157).

O sistema forestal (páx. 7158).

O sistema rural (páx. 7158)

Pesca, Marisqueo e Acuicultura (páx. 7159).

Sector industrial (páx. 7160).

Parque tecnolóxico de Galicia (páx. 7160).

Sector naval (páx. 7160).

Fomento da artesanía (páx. 7161).

Turismo (páx. 7161).

A identidade de Galicia e a cohesión social (páx. 7162).

A lingua e a cultura de Galicia cara ó futuro (páx. 7162).

A nosa lingua (páx. 7162).

Proxecto cultural (páx. 7162).

Patrimonio cultural (páx. 7162).

Xacobeo 99 (páx. 7163).

Os problemas da educación na nosa Galicia en transición (páx. 7163).

Universidades (páx. 7164).

Unha política de integración social (páx. 7164).

A familia como núcleo social básico (páx. 7164).

Xuventude (páx. 7164).

Muller (páx. 7165).

Servicios Sociais (páx. 7165).

Atención especial ós maiores (páx. 7165).

Discapacitados e emprego (páx. 7166).

Políticas activas de inserción (páx. 7166).

Deporte (páx. 7166).

A saúde (páx. 7167).

Atención especializada (páx. 7167).

Atención primaria (páx. 7168).

Ordenación farmacéutica (páx. 7168).

Drogodependencias (páx. 7168).

Saúde pública (páx. 7169).

Vivenda (páx. 7169)

Vivenda rural (páx. 7169).

Solo residencial (páx. 7169).

As administracións públicas (páx. 7169).

Administración autonómica (páx. 7169).

Administración de Xustiza (páx. 7170).

Administración local (páx. 7170).

Policia autonómica (páx. 7170).

A Galicia do Exterior (páx. 7170).

Política económica (páx. 7171).

Galicia 1997 (páx. 7174).

Os dilemas do financiamento autonómico (páx. 7175).

A conformación xurídica da sociedade (páx. 7177).

Relacións co Goberno central (páx. 7177).

Conclusión (páx. 7178).

Suspéndese a sesión á unha e vinte minutos da tarde e reiníciase ás cinco e cinco minutos da tarde.

Rolda de grupos para fixar posicións: Sr. Beiras Torrado (BNG) (páx. 7180), Sr. Cortizo Nieto (S) (páx. 7190) e Sr. Rodríguez Rodríguez (P) (páx. 7198).

O Sr. Beiras Torrado (BNG) intervéñ para unha cuestión de orde (páx. 7204).

Resposta da Xunta: Excmo. Sr. presidente da Xunta. (páx. 7204).

Réplica dos grupos: Sr. Beiras Torrado (BNG) (páx. 7215), Sr. Cortizo Nieto (S) (páx. 7215) e Sr. Rodríguez Rodríguez (P) (páx. 7218).

Contrarréplica da Xunta: Excmo. Sr. presidente da Xunta (páx. 7219).

O Sr. presidente comunica o prazo de presentación das propostas de resolución subseguintes ó debate (páx. 7221).

Suspéndese a sesión ás oito e corenta e cinco minutos da tarde.

Ábrese a sesión ás once e cinco minutos da mañá.

Preside o presidente do Parlamento, acompañado do vicepresidente primeiro, do vicepresidente segundo e do vicesecretario da Mesa, que é asistida polo oficial maior e o letrado señor Sarmiento Méndez.

Ocupa o banco do Goberno o presidente da Xunta de Galicia, acompañado de tódolos conselleiros.

PRESTACIÓN DA PROMESA OU XURAMENTO DE ACATA-LA CONSTITUCIÓN E O ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE DEPUTADOS E DEPUTADAS.

O señor PRESIDENTE: Señora deputada, dona Carmen Bastos Rodríguez, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ó Estatuto de Galicia?

A señora BASTOS RODRÍGUEZ: Si, prometo.

O señor PRESIDENTE: Se así o fai, que Deus e Galicia llo premien, e se non que llo demanden.

Gracias.

Benvida a esta Cámara.

ELECCIÓN DE SECRETARIO DA MESA DO PARLAMENTO

O señor PRESIDENTE: Procedemos a seguir á votación para cubri-la vacante de secretario na Mesa do Parlamento de Galicia.

Os señores deputados teñen no seu poder a papeleta aprobada pola Mesa. O señor vicepresidente primeiro terá a bondade de achegarse á urna para recibilo voto dos señores deputados e o señor vicesecretario terá a bondade de inicia-lo chamamento dos señores deputados.

(O señor secretario le os nomes das señoras e señores deputados, que depositan o seu voto na urna).

O señor PRESIDENTE: ¿Algunha señora ou señor deputado queda por votar? *(Pausa).*

O señor Trigo Durán non acudiu ó chamamento.

O señor VICESECRETARIO (Álvarez Domínguez): É que non estaba.

(O señor Trigo Durán deposita o seu voto na urna).

O señor PRESIDENTE: Unha vez exercido o seu voto, señoras e señores deputados, imos proceder ó escrutinio.

Efectuado o escrutinio, o resultado é o seguinte: votos a favor de D. Fernando González Suárez, 41; votos en branco, 22.

En consecuencia queda elixido secretario da Mesa o deputado don Fernando González Suárez, a quen lle rogamos que acuda ó seu novo escano a tomar posesión do cargo.

Recibirémo-lo seu xuramento na condición de secretario da Mesa.

Señor secretario, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ó Estatuto de Galicia?

O señor GONZÁLEZ SUÁREZ: Si, xuro.

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor secretario.

Se así o fai, que Deus e Galicia llo premien, e se non que llo demanden.

Gracias.

DEBATE DE POLÍTICA XERAL: INFORME DO EXCMO. SR. PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA PARA EXPOÑE-LA SITUACIÓN POLÍTICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, DEBATE E PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor presidente do Goberno.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Fraga Iribarne): Señor presidente, señoras e señores deputados, comparezo unha vez máis ante esta Cámara no debate sobre o estado da Autonomía, que se consolidou como un debate xeral, no que non só estamos obrigados a reflexionar e a tomar posición

sobre os temas inmediatos que afectan á nosa Comunidade, senón tamén sobre aqueles menos próximos pero que necesariamente nos afectan, reflexión que debemos estender á evolución da sociedade galega.

En 1996, séguese consolidando no mundo que vivimos unha situación monopolar do poder, como feito aparente, e unha profunda transformación consecuen-te das sociedades políticas mundiais.

O predominio de Estados Unidos como única gran potencia mundial, de maneira especial na orde militar, vai acompañado por dous fenómenos singulares: a forza emerxente dos países asiáticos e o rexurdir dos nacionalismos en Europa.

A desintegración da URSS e a liberalización dos mercados están fortemente presentes no programa europeo. Ante o reto da competencia dos países emerxentes, con tecnoloxías de vangardía, con sistemas de protección social e con niveis de salarios claramente inferiores ás sociedades occidentais, Europa reaccionou intentando aumenta-la súa produtividade e axustando o seu sistema de protección social para reduci-la diferenza. Non se trata de volver a un liberalismo trasnoitado nin de rompe-la cohesión social. Trátase de sobrevivir nun mundo competitivo e aberto no que xa non é posible o illamento.

Maastricht non é o triunfo do capitalismo, senón a expresión do sentido común europeo. Europa non está disposta a perde-la batalla da competitividade nin a renunciar ó seu papel na orde mundial.

En España, marzo de 1996 significou un cambio histórico. A hexemonía socialista, que durante 14 anos marcou o rumbo da historia política no noso país, é xa un feito do pasado no que houbo luces e sombras. Foron anos intensos, e sen querer facer unha análise desta época -non é o momento nin o lugar- lamentámo-la historia dos tristes últimos anos do poder socialista.

O Partido Popular de España e o seu presente, e hoxe presidente do Goberno, ten ante si un novo reto: ollar cara ó futuro de España e reorienta-lo noso sistema económico e social ó que queren os españois de 1996, segundo o expresaron as urnas. Nesta tarefa terán toda a nosa leal colaboración e tamén a nosa total

exixencia en defensa dos intereses de Galicia, pero ninguén poderá negar que a receptividade e o interese cara ós temas de Galicia e o apoio á nosa terra, que o presidente do Goberno e todos e cada un dos ministros xa demostraron e seguirán demostrando, como te-rei ocasión de detallar noutra parte da miña intervención, é un feito certo.

GALICIA 1996.

Quen nos vexa a través do prisma dos exabruptos dalgúns sectores da oposición, pensará que Galicia é unha sociedade crispada e profundamente dividida. Estas imaxes prodúcese unha minoría, e non só unha minoría política, senón tamén unha minoría social.

Señorías, coido sinceramente -e estou seguro de que esta crenza é compartida por moitos dos que estamos neste hemiciclo- que a sociedade galega alcanzou un elevado grao de madurez, de cohesión social e de estabilidade.

A mellora do nivel de vida e de solidariedade social, a extensión xeral da educación e a intermediación da información van conformando unha sociedade máis equilibrada que non ten moito que ver cos aspectos máis negativos da Galicia histórica.

Nembargantes, algúns que poderíamos conceptuar como nostálgicos da revolución social seguen soñando cunha Galicia fóra de España -non queren “exército de ocupación”, pero si fragatas e en xeral industrias militares- e fóra de Europa. Pero fóra vai moito frío. Só se escoita o “bate-los dentes” de tódolos que queren entrar. Non hai fondos estruturais nin de cohesión que, hoxe, por certo, estamos discutindo e intentando ampliar para Galicia. Conciben así unha Galicia autárquica, fóra do contexto europeo e maximalista, no número e velocidade dos cambios. Autárquica, non aceptando a Europa non só de Maastricht, senón a do Tratado de Roma. Galicia, como célula independente que só acepta de Europa o que lle convén e que rexeita toda carga e toda responsabilidade. Galicia, fóra do contexto europeo, propugnando a volta ó capitalismo de Estado, ó burocratismo, ó paraíso do intervencionismo estatal. Unha Galicia maximalista, ríxida e -se me permiten a expresión- cun certo aroma a tardomarxismo e a un cóctel de utopías.

Debo dicirlles ás súas señorías que non é esa a nosa Galicia. Cremos nunha Galicia como sociedade europea cohesionada, disposta a loitar polo seu futuro nunha sociedade aberta. É certo que existen problemas, e algúns deles de especial gravidade. Refírome, por exemplo, á demografía.

A taxa de natalidade da sociedade galega, co índice máis baixo de España, é unha das máis baixas de Europa e é a principal ameaza para o noso futuro. Hai algúns anos xa presenteí este problema con ocasión doutro debate similar e recordo as risas dalgúns. Pois, se ben inicialmente esta mensaxe foi recibida con escepticismo e cun certo sarcasmo, hoxe é considerada por toda a sociedade galega como a nosa principal preocupación de futuro. Por suposto, que unha política de natalidade é necesariamente unha política de Estado. Os seus instrumentos básicos son a política fiscal e a política de rendas.

É obvio, por outra banda, que desde a Autonomía se pode cooperar nesta política. Estámolo a facer e faremolo coa maior intensidade e, neste sentido, no presuposto de 1997 instrumentaremos novas medidas que reforcen a acción actual. Paralelamente, presentaremos propostas de ámbito estatal que aproximen a nosa política de natalidade á das nacións europeas que se enfrontaron con este problema e conseguiron superalo ou, cando menos, suavíllazo.

Como terei ocasión de examinar posteriormente, o descenso crecente no nivel de paro constitúe un dos factores máis positivos da nosa economía nos últimos meses. Nos últimos doce meses, o nivel de paro rexistrado descendeu en 14.406 persoas. Se comparámola cifra de paro rexistrado en 1990, 185.869 persoas, coa de agosto de 1996, 161.917, a diferenza expresa sintetiza o despegue da nosa economía.

Teremos ocasión de volver sobre este tema. Quixera expresar unicamente neste pórtico da miña intervención que o camiño do rigor, do esforzo e do traballo colectivo é o único posible e, con todo isto, Maastricht é a nosa materia obrigada.

Isto non implica rachar nin a cohesión nin a solidariedade social, senón simplemente axusta-lo noso sistema, facelo máis eficaz, prima-lo aforro, defende-la austeridade no público e no privado e saber afrontar unidos as dificultades. Só progresaron as socieda-

des que souberon loitar polo seu futuro e asumiron que esta loita implica sacrificios temporais e esforzo.

O LABOR REALIZADO E OS NOSOS OBXECTIVOS INMEDIATOS.

Dentro da filosofía estricta dun debate sobre o estado da Autonomía é obrigada a análise do feito e dos nosos obxectivos inmediatos; análise que procurei situar non só nun contexto próximo, senón tamén nunha certa perspectiva temporal.

Non é aínda hora de facer un balance de lexislatura. Aínda falta un ano para que conclúa a segunda lexislatura, na que, de novo, o pobo galego nos honrou coa súa confianza por maioría absoluta e, desde logo, fronte ós apresurados e os augures, é o meu propósito esgotala.

Procurei sintetizar e concreta-los datos de forma que esta análise nos permita un debate en profundidade sobre a realidade de Galicia, sobre o feito e o pendente de facer e sobre a solución dos problemas da que depende o noso futuro. Por certo, despois entregáraselles unha copia do discurso, unha documentación cumprida a este respecto, tema por tema.

O final do illamento territorial de Galicia.

O cambio cualitativo producido na nosa Comunidade Autónoma nos últimos anos é evidente. Isto foi debido, fundamentalmente, ó enfoque diferente que este Goberno lles deu ás súas actuacións infraestructurais.

O Goberno galego, que me honro en presidir, desde o primeiro momento asumiu o reto de desenvolver e transforma-las nosas estruturas económicas, para o que se facía imprescindible dota-la Comunidade Autónoma dunhas infraestructuras axeitadas e homologables coas do resto dos países avanzados. En consecuencia, deseñouse un programa de actuacións baseado, en primeiro lugar, no desenvolvemento das infraestructuras viarias, tanto internas como externas á Comunidade.

Esta nova visión estratéxica deu como resultado, en primeiro lugar, a sinatura dun convenio co Ministerio de Obras Públicas e Urbanismo para a execución das dúas autovías de unión coa Meseta -por

certo, sen o apoio nesta Cámara do PS de G-PSOE-, e nun segundo lugar, a redacción dun ambicioso Plan de estradas de Galicia (P.E.G.).

A situación actual, sen falsos optimismos, podemos cualificala como satisfactoria. As autovías de conexión coa Meseta nestes momentos están en obras en tódolos seus tramos, agás os 52,5 km de Pedrafita, que teñen autorizada a súa licitación polo Consello de Ministros desde o pasado setembro, por un importe de 93.000 millóns de pesetas.

De acordo co ritmo de execución que teñen as obras na actualidade, podemos asegurar que os tramos da Coruña-Lugo e Vigo- Ourense estarán rematados en 1997. No mesmo ano tamén se rematarán case tódolos tramos entre Ourense e Benavente e moitos dos correspondentes a Lugo-Benavente.

En 1998 estará rematada integramente a autovía Vigo-Benavente e tódolos tramos da Coruña-Benavente, salvo os 52,5 km de Pedrafita, que comezarán a construírse no primeiro trimestre de 1997, cun prazo de execución de tres anos.

Fronte ós agoireiros e pesemistas, gracias a unha acción enerxica e persistente da Xunta de Galicia, a maior obra de infraestruturas de toda a historia española vai rematar nun prazo razoable. A súa execución e o seu financiamento é responsabilidade do Goberno central, pero tódolos galegos saben que nunca se farían sen a xestión e a presión do noso Goberno, e quero dicir, da maioría deste Parlamento.

Quixera, nembargantes, recoñecer e agradecer primeiro, a decisión inicial do Goberno anterior de acomete-la obra, de acordo co citado convenio, e agora os especiais esforzos de don José María Aznar para acelerar ó máximo os traballos e asignar tódolos recursos necesarios, a pesar dos axustes orzamentarios.

Non podo dici-lo mesmo dos últimos tempos, desde 1993 ata as eleccións de marzo deste ano, perdido no que as vacilacións, os retrasos e as tácticas dilatorias foron constantes.

Polo que se refire ó Plan de estaradas da Xunta, estanse alcanzando altos niveis de cumprimento. Así están en servizos ou en execución 163 kms de vías de alta capacidade e 567 km da rede primaria básica, o

que representa respectivamente o 76% e o 73% do total.

Da rede primaria complementaria están en servizo ou en execución 483 km, un 35% do total previsto.

Todo isto, a pesar das restricións orzamentarias que obrigaron a reduci-la asignación de créditos prevista inicialmente no plan. Unha boa xestión e procesos transparentes de contratación fixeron posible este alto cumprimento.

En materia ferroviaria, loitamos contra a opinión dun Goberno central que pensaba que a única referencia española era o mediterráneo, se ben, finalmente, se logrou que a variante do Guadarrama, o tramo Madrid-Valladolid, como piar básico da futura vía de penetración a Galicia, ó noroeste peninsular, fose recollida no PDI e fosen feitos os estudos para a súa execución, xa posta en marcha polo actual Goberno.

Igualmente, conseguimos introducir nos plans do Ministerio unha vía de velocidade alta (200 km/h) ata Monforte e redactamos un plan de infraestruturas ferroviarias para Galicia, que, coas posteriores achegas de tódolos grupos políticos desta Cámara, que agradecemos, constitúe o eixe, non só das nosas reivindicacións ferroviarias, senón tamén un exemplo e guía para tódalas comunidades do noroeste peninsular.

Outro punto importante acordado nesta materia é que se considere seriamente a posibilidade de unir Vigo e O Porto cun tren de alta velocidade, conectado nun futuro co resto da rede de alta velocidade europea.

Quixera subliñar diante desta Cámara, ó igual que o fixemos coas autovías, que loitaremos coa mesma enerxía co Goberno central para logra-la accesibilidade de Galicia na materia ferroviaria. Sobre isto somos razoablemente optimistas, porque en Madrid temos hoxe un goberno amigo que quere a Galicia e entende as súas lexítimas reivindicacións. O que non faremos é apoiar no Congreso dos Deputados iniciativas illadas formuladas por grupos minoritarios que pretenden actuar como francotiradores, utilizando para isto iniciativas consensuadas por tódolos grupos. Desde esta mañá -e non figura no texto escrito- podo confirmar que o Ministerio de Fomento me autorizou para informar á Cámara de que a Comisión Mixta prevista para

estudia-los temas ferroviarios de Galicia se reunirá por primeira vez neste mesmo mes de outubro.

As nosas reivindicacións de futuro, á parte das xa expostas en canto ó ferrocarril, concréntanse na construción inmediata da autoestrada Santiago-Ourense - os seus estudos previos comezarán en 1997, segundo anunciou recentemente o ministro de Fomento- e na autovía do Cantábrico, así como en completa-la rede arterial das grandes cidades.

Telecomunicacións.

As telecomunicacións son os camiños sobre os que se asentará o desenvolvemento dos pobos e de tódalas nacións deste final de século. Todos vostedes coñecen, señorías, o esforzo que se está facendo neste campo na nosa Comunidade. As tecnoloxías de información e de comunicación son un universo ó que Galicia se soubo, por unha vez, incorporar nos últimos anos, polo cal navega con firmeza e ideas claras e constitúe un exemplo que está a ser imitado por outras comunidades.

A extensión da telefonía rural permitiu dotar de teléfonos a calquera habitante de Galicia, aínda que vivise na última parroquia, ó mesmo custo có servizo urbano e con máis de 107.000 instalacións de teléfonos. Escoito falar doutro plan, polo visto moi serio, pero que non puxo nin un só teléfono. O plan para transformar toda a rede telefónica galega en Rede Dixital de Servizos Integrados estará culminado no ano 1997. Son dous avances substanciais e, neste sentido, teño que agradecerlle a Telefónica de España a súa aposta por Galicia, xa que gracias ó seu esforzo e á colaboración financeira da Xunta de Galicia, que achegou máis de 13.000 millóns de pesetas, Galicia está hoxe á cabeza das comunidades autónomas nesta materia. Isto permitiu a implantación da rede informática da Xunta para usos administrativos; rede privada que enlaza tódalas oficinas públicas da Xunta, hospitais e outros servizos, e que se estenderá con carácter inmediato a tódolos concellos.

A globalización da Rede Dixital de Servizos Integrados (RDSI) abre a vía para aplicacións informáticas que poden cambiar radicalmente o noso futuro: apoio a centros docentes, a agricultores, ás PEMES, ós servizos sanitarios e outros moitos exem-

plos que abren novas vías para situar a Galicia nun nivel distinto, indispensable no século XXI.

Neste mesmo sentido, teño que sinalar que temos asentada a Rede Oficial de Comunicacións da Xunta e a Rede de emisores, reemisores e microreemisores da Radio e Televisión de Galicia, e agora xa estamos traballando de cheo nun dos retos que caracterizarán a Galicia e ó mundo do século XXI: as autoestradas da información.

Hai un ano anunciáballes ás súas señorías a creación da primeira grande autoestrada de información de Galicia. Pois ben, hoxe aquel proxecto é toda unha realidade. Campus universitarios, centros sanitarios, parque tecnolóxico e centros de investigación están xa conectados a través de catro centros nodais.

As posibilidades de crecemento da autoestrada da información galega son inmensas, e xa estamos afrontando novos obxectivos, como o “teleensino”, o funcionamento en rede das nosas bibliotecas e museos ou a incorporación a este espazo do Centro Superior de Documentación de Galicia.

Como poden comprobar, señorías, Galicia “navega” con sultura e seguridade polo ciberespacio e está en condicións de afronta-los desafíos que presenta a sociedade da información.

Medio ambiente.

A preservación, restauración e mellora do medio ambiente constitúen unha preocupación troncal do meu Goberno.

A Xunta optou por un modelo de coordinación no que se conxuga a acción das consellerías sectoriais con instrumentos de coordinación: Comisión Delegada, Comisión Galega e comisións provinciais de medio ambiente.

A nosa acción ten como obxectivo a mellora integral das nosas infraestruturas de saneamento e abastecemento, o tratamento de refugallo, a rexeneración de solos e a redución da contaminación industrial.

No primeiro aspecto, e en cumprimento da Directiva 91/271, a Xunta redactou o Plan de saneamento de Galicia, que abrangue a toda a Comunidade

Autónoma, e non só á zona das rías, como se recollía anteriormente. Isto supón a realización de investimentos de saneamento e depuración por importe de 163.814 millóns de pesetas no período 1994/2005. O referido importe de 163.814 millóns inclúe actuacións de redes de sumidoiros, saneamentos e depuracións.

O esforzo realizado desde 1990 permitiu que a maior parte das depuradoras e saneamentos dos grandes núcleos costeiros estean en funcionamento ou en construción nestes momentos.

No tratamento global da auga como recurso, teño que destaca-lo Plan hidrolóxico das cuncas intracomunitarias de Galicia (Galicia-Costa), o cal está xa rematado e pendente unicamente da súa aprobación polos órganos competentes do organismo autónomo Augas de Galicia, aprobación que se producirá antes da fin do presente ano.

Coa inmediata adxudicación da planta de tratamento de refugallo sólido de Cerceda, da que espero pronta tramitación, e coa aprobación da proposición de lei de refugallo, por iniciativa de tódolos grupos desta Cámara, daranse os pasos definitivos para a resolución global do tratamento dos refugallo sólidos en Galicia.

Foi un proceso laborioso e difícil, pero tamén é o reto que asumimos: un plan integral para Galicia que evite no futuro situacións tan angustiosas e difíciles como as que está pasando A Coruña co vertedoiro de Bens. E teño que dicir que, por esta razón, espero que ninguén queira facer deste tema pequena política e se considere por tódolos cidadáns como un plan realmente importante para todos nós.

En materia de contaminación atmosférica, e a través da Comisión Galega de Medioambiente, estanse negociando coas grandes empresas galegas pactos ambientais que reduzan sensiblemente as emisións á atmosfera, non só respectando os mínimos legais establecidos, senón reducíndoos considerablemente.

O conxunto destas accións unido ó funcionamento eficaz da planta de refugallo industriais das Somozas, xa en funcionamento, que vai ser completada inmediatamente cunha planta especial para pilas, permite que, paso a paso, e de maneira constante,

vaiamos logrando unha melloría substancial no medio ambiente da nosa Comunidade.

A seriedade da nosa política demóstrase igualmente co feito de que estean implantados en Galicia dous tributos que concretan o principio de que “quen contamina paga”: o canon de saneamento e o canon de contaminación atmosférica, aplicables exclusivamente a empresas industriais. E xa se produciu, non só unha interesante recadación, senón unha efectiva redución desas contaminacións.

OS SECTORES PRODUCTIVOS.

Agricultura, Gandería e Montes.

O que entendiamos tradicionalmente por agricultura transformouse na actualidade en conxuntos de actividades ben diferenciadas cada unha con características e lóxicas específicas. De ser unha actividade con certa homoxeneidade e semellanza en tódolos esquemas productivos, destinada a asegurar sustento ó grupo familiar e despois a vende-los escasos excedentes, pasouse, nunha etapa intermedia, a definir agrupacións con actividades especializadas para a produción de materias primas, agrícolas e forestais.

Nos nosos tempos, o campo ofrece un panorama moi diversificado, que podemos sintetizar nos sistemas alimentario, forestal e rural.

O sistema alimentario.

En canto á agricultura, cremos moi notable a evolución que experimentaron os sectores máis activos. Así, as explotacións con producións orientadas ó mercado medraron de maneira importante tanto en termos relativos coma absolutos. A marxe bruta total medio por explotación, entre 1989 e 1993, segundo as contas máis fiables, creceu nun 9,24% por ano.

Pero, sen dúbida, a evolución da gandería de vacún de leite é a máis significativa, ó representar en 1993 o 39% do número total de explotacións agrícolas e o 59% de marxe bruta total da agricultura.

Pois ben, se comparámo-las enquisas de 1992 e 1994 vemos cómo o crecemento do leite producido por explotación foi dun 9,18% anual, mentres que o

crecemento da cantidade de leite producido por vaca foi dun 4,5% tamén anual.

En todo caso, o conxunto da nosa agricultura está experimentando uns cambios estruturais extraordinariamente notables e positivos en tódolos grupos, incluso tamén nos de autoconsumo. Esta reforma refléctese nunha mellora da produtividade por persoa ocupada na agricultura, que foi do 54,63% do valor actual bruto (VAB) en pesetas correntes de cada ano entre 1990 e 1994.

En canto ó grao transformador, a industria alimentaria galega experimentou cambios dignos de mención. Así, entre os aspectos máis positivos, é oportuno mencionala importante reforma estrutural da industria leiteira. Isto permitiu unha ampliación das producións de máis valor engadido, así como amplía-la cantidade de leite transformado en Galicia, que chega a ser agora do 75%. Aínda que certamente con outras dimensións, os matadoiros de abastos experimentaron reformas de importancia, co fin de adaptarse ás esixencias das directivas europeas relativas ás condicións sanitarias, e creáronse sete de carácter comarcal.

As importantes melloras do viñado foron parellas coas melloras das adegas de base cooperativa, industrial e de colleiteiro. Supuxeron a creación de máis de 50 novas adegas e a oferta dunha variada gama de viños con garantía de denominación de orixe e de marca.

Creo que hoxe se recoñece en moitos mercados, por suposto en tódolos ibéricos, pero pouco a pouco irá recoñecéndose noutros países europeos, en América, e mesmo no Xapón, a calidade de moitos produtos alimentarios galegos, froito da promoción dunha nova cultura empresarial, da promoción da imaxe e calidade de Galicia e do apoio constante da Administración e de tantas institucións galegas. Viño, queixo, carne, mel ou castañas da nosa terra son algúns exemplos de produtos de calidade.

O sistema forestal.

A evolución do sistema forestal vén nucleado por catro aspectos basicamente: o control dos incendios forestais; a reestruturación e mellora de toda a industria da madeira e da pasta de papel; a actividade

emprendida polos particulares e a Administración para a mellora e a capitalización dos montes; e un espezanzador interese das comunidades de veciños pola xestión dos seus montes en man común. Sen dúbida, a evolución e especialización da agricultura, unha maior seguridade para os investimentos no monte, a definición dun horizonte estable para este sistema a través da aprobación do Plan forestal de Galicia e un financiamento aceptable pola Unión Europea foron factores que incidiron á vez para provocar esta transformación.

Resultado desta actividade é a repoboación ou a transformación de máis de 100.000 hectáreas de monte, unha industria de taboleiros con significado mundial nos mercados, un incremento substancial no valor engadido pola industria de segunda transformación e unha fábrica de pasta de papel en primeira liña de tecnoloxía industrial e ambiental.

O sistema rural.

No sistema rural interéranos subliñar especialmente dous aspectos: o de equipamento e o desenvolvemento socioeconómico que, se ben están conceptualmente diferenciados, gardan entre si unha mutua e útil influencia.

En síntese, Galicia fixo no último quinquenio un importante esforzo de modernización das súas explotacións, con accións sobre mínimos de tamaño ou complexidade, equipamento, especialización profesional e concentración comarcal. Ademais, incrementáronse os procesos de integración das explotacións familiares en mesorredes para dispoñer de servizos especializados e garantías de negociacións e de peso nos mercados.

Neste esforzo pola transformación do sector primario non podemos esquecer a concentración parcelaria. O programa aprobado no ano 1990 -concentrar 600.000 hectáreas- significou entre os anos 1990 e 1996, ámbolos dous incluídos, un investimento de 36.000 millóns de pesetas, aproximadamente o 68% do previsto. As realizacións tradúcense na terminación ata o momento actual de 109.861 hectáreas, que afectan a 100.014 propietarios. Tales cifras representan aproximadamente unha porcentaxe anual do 300% do ritmo rexistrado no período 1954-1989. No actual

ano 1996, estase actuando sobre 200.128 hectáreas, que afectan a uns 210.800 propietarios.

As cifras dos parágrafos anteriores representan unha actuación total do proceso concentrador en 504.941 has -incluíndo as concentradas en períodos anteriores-, cifra próxima ó obxectivo total do plan elaborado no ano 1990 para o período 1990-2000.

Pesca, Marisqueo e Acuicultura.

A situación actual da pesca, o marisqueo e a acuicultura, afortunadamente, pouco ten que ver coa que se rexistraba a principios de 1990.

Desde entón, o Goberno que me honro en presidir veu dando os pasos precisos para acadalo incremento da renda e benestar do sector, poñendo todo o seu empeño na protección e ordenación dos recursos; na renovación e modernización do aparello productivo; na mellora dos procesos de produción e comercialización; no incremento da formación e a investigación; e na seguridade e salvamento no mar.

O labor lexislativo foi especialmente intenso, e hoxe Galicia conta cun corpo lexislativo completo e homoxéneo, perfectamente adaptado á normativa comunitaria, que marca unha abismal diferenza coa situación existente hai tan só sete anos.

A renovación e modernización do aparello productivo, tanto polo que se refire ás empresas pesqueiras coma ás industrias de transformación dos produtos da pesca, foron apoiadas de modo firme, e a mesma atención recibiron as instalacións de acuicultura, tanto nas granxas mariñas coma nas bateas. Isto propiciou un investimento no sector de máis de 60.000 millóns de pesetas.

Polo que se refire á protección de recursos, Galicia fixo un esforzo que mereceu o recoñecemento expreso da Comisión Europea. Sen dúbida, influíu moito neste proceso o reequipamento e a mellora do Servizo de Inspección, que hoxe conta con 24 embarcacións e 50 vehículos, que levan incorporados todos os medios necesarios para o desemprego do seu labor; unha situación que contrasta vivamente coa precariedade na que se movía este servizo en 1989.

A profesionalización do marisqueo a pé é algo do que se viña falando desde había tempo pero que ninguén se atreveu antes a afrontar coa debida decisión. Despois dun gran esforzo, hoxe estamos moito máis preto de acadar este obxectivo.

Para velar e estar advertido en todo momento da calidade das nosas augas, establecéronse tres redes de control, e creouse tamén para a xestión destas redes o Centro de Control do Medio Mariño de Vilaxoán, modelo no mundo no seu xénero que hoxe en día constitúe xa un referente neste campo.

En materia de ensino e investigación remodeláronse integralmente todos os centros de ensino náutico-pesqueiro e de investigación existentes, creándose ademais o Instituto Galego de Formación en Acuicultura da Illa de Arousa, o Centro de Experimentación en Acuicultura de Couso e a Escola Náutico-Pesqueira de Ribeira. Todos estes centros, tanto os remodelados coma os de nova creación, foron dotados do mellor equipamento técnico existente e constitúen un novo recurso pesqueiro para Galicia: a oferta de formación a outros países, que máis de un é posuidor interesante de recursos pesqueiros.

E falando doutros países, non podemos esquecer que a pesca galega segue tendo gran dependencia dos recursos externos; recursos que se atopan en augas internacionais ou de terceiros países, onde a Xunta de Galicia carece por completo de competencias e onde a súa capacidade de actuar é certamente moi limitada.

Pero a pesca de altura e de gran altura sempre foi motivo de gran preocupación para o Goberno galego, que, con todos os medios ó seu alcance, tratou sempre de influír preto das autoridades competentes, co fin de defende-los lexítimos intereses do sector pesqueiro galego.

Hoxe, témo-la satisfacción de comprobar que as relacións e o entendemento co Goberno central cambiaron diametralmente, que as nosas teses prosperan e que as solicitudes e suxestións feitas hai moito tempo teñen por fin resposta. Cuestións de tanta importancia como a xestión do IFOP -o instrumento europeo para a pesca- ou a participación dos representantes autonómicos en foros internacionais están definitivamente resoltas, e outras, de índole distinta, como a necesida-

de dunha lei básica estatal, que tanto tempo levamos reclamando, xa están en marcha e a curto prazo.

Sector industrial.

Na área da enerxía é un obxectivo prioritario da Xunta de Galicia acadar-la gasificación íntegra da Comunidade Autónoma mediante un sistema de distribución estendido xeograficamente, de forma que permita a súa utilización en tódolos segmentos do mercado: doméstico, comercial, institucional, industrial, coxeración e produción de enerxía eléctrica.

O pasado mes de xuño iniciouse a obra do gasoducto Vilalba-Tui e, ó longo deste ano, está previsto o comezo das obras nas principais redes e ramais que permitan dispoñer no ano 1997 de gas natural nas principais cidades de Galicia.

O Plan MEGA supuxo un salto cuantitativo sobre plans anteriores nun reto sen precedentes na electrificación rural de Galicia. O esforzo realizado plasmouse nunha notable mellora da calidade da distribución eléctrica en Galicia. A finais de 1996, o Plan MEGA estará executado nunha porcentaxe superior ó 75%.

Co convenio asinado entre a Xunta de Galicia e o Ministerio de Industria e Enerxía o pasado 10 de abril dispónse para os próximos tres anos de 18.000 millóns de pesetas, que permitirán a execución das obras de electrificación en media e baixa tensión necesarias para finaliza-lo Plan MEGA.

Mentres que no resto de España a minería se reduce, en Galicia o valor da produción mineira aumenta cada ano, e así a porcentaxe de participación da minería no PIB galego incrementouse no período 1989-1994 nun 20%.

A punta de lanza do sector mineiro son as rochas ornamentais -granitos e lousa-, nos que Galicia é líder destacado en España, cunha presenza no exterior que se incrementa cada ano (no ano 1995 a exportación de lousa incrementouse nun 7,5%).

Nestes momentos, como accións máis importantes, estase desenvolvendo o cluster do granito, que permitirá articular unha política de axudas para adaptala dimensión das empresas e abrir mercados.

Neste sentido, destácase o Plan enerxético de Galicia (PLENGA). Coa aplicación do PLENGA durante os seus 15 anos de vixencia incrementarase o grao de autoabastecemento enerxético do 40 ó 54%; producirase un aforro enerxético equivalente a 4.250.000 Tm de petróleo e a explotación de gas natural e o crecemento de produción mediante enerxías renovables que cubrirá o 15% da enerxía producida permitirá acadar unha produción equivalente a 2.700.000 Tm de petróleo ó ano. Desde o punto de vista medioambiental, as emisións de CO₂ á atmosfera reduciranse en 5.000.000 Tm ó ano e as de xofre en 500.000 Tm.

A Consellería de Industria ten aprobados nove plans eólicos estratéxicos na Comunidade Autónoma que permitirán a implantación duns 150 parques eólicos.

O investimento total para o desenvolvemento do Plan eólico cífrase en 300.000 millóns de pesetas, coa creación de 5.000 empregos directos.

Parque tecnolóxico de Galicia.

O Parque Tecnolóxico de Galicia e o Centro de Empresas e Innovación (CEI), nel situado, veñen funcionando con normalidade desde a súa posta en funcionamento no ano 1992, e neles a Xunta de Galicia fixo un esforzo investidor ata o presente duns 5.420 millóns de pesetas.

O devandito edificio do CEI acolle 67 “niños” -ou locais de incubación de empresas-, que na actualidade, e froito dos labores sinalados no parágrafo anterior, están ó 100% de ocupación. Empresas como Uma Ibérica ou Coren e laboratorios como o de Metroloxía e o Centro de Innovación e Servizos Tecnolóxicos da Madeira completan a ocupación do parque.

Sector naval.

Fronte á brutal e inxusta reconversión naval, que afectou especialmente a Galicia, e de maneira singular a Ferrol, a Xunta instrumentou un conxunto de medidas para a defensa do sector e para aseguralo seu futuro: desde a promoción e financiamento ó 100% da Asociación de Asteleiros Privados de Galicia (ASEGA) ata o convenio Xunta-Pymar, ac-

tualizado en 1995, que prevé unha achega de 1.550 millóns no cuadrinio 1995/1998, e do que se derivou o acordo marco para o financiamento da construción naval en estaleiros galegos entre ICO-Xunta-Pymar e entidades financeiras.

A incorporación da Xunta de Galicia, desde o novo Goberno, ó Consello de Administración de Astano e Barreras, permitirá reforza-la acción xa emprendida de potencia-lo seu futuro.

A Xunta non renuncia á súa petición de que o Goberno central lle solicite á Unión Europea a reapertura de ASTANO á construción naval e xulga prioritaria a realización dos investimentos programados de innovación tecnolóxica para o rexuvenecemento do seu cadro de persoal.

Igualmente, e froito das xestións feitas, acadouse o encargo das catro fragatas F-100 a Bazán. Este encargo garante a ocupación da factoría nos próximos anos e constitúe unha das novas máis importantes do presente ano. Entre todos imos lograr que Ferrol volva mira-lo seu futuro con optimismo.

Baseado na realidade do conseguido, fago un chamamento a tódolos ferroláns, especialmente ós sindicalistas de Ferrol, para que utilicen as vías de diálogo e do consenso, ó que sempre estamos abertos, e para que reflexionen sobre os importantes efectos negativos que para o desenvolvemento empresarial de Ferrol ten a política de mobilizacións inxustificadas. As empresas precisan estabilidade social e os investimentos nunca se concentran en áreas de sistemática conflictividade social.

Fomento da artesanía.

Conscientes da importancia que o sector artesanal ten en Galicia, tanto polo seu volume de emprego coma pola súa tipoloxía, ó constituir unha alternativa de fixación de emprego en zonas rurais -todo isto sen esquece-la súa relevancia desde a perspectiva histórico-cultural-, a Xunta concentrou os seus esforzos nos diferentes ámbitos de regulación e promoción desta actividade económica.

Na actualidade, e no Rexistro Xeral de Artesanía, están inscritos 697 artesáns, 39 mestres e 160 talleres.

Salientarase o proxecto “Artesanía”, en colaboración coa rexión norte de Portugal, acollido ó Programa Interreg II e, dentro da iniciativa comunitaria ADAPT, o proxecto “Senda”, xa aprobado.

Turismo.

Desde 1990, na evolución da oferta turística podemos sinalar dous aspectos claves: a modernización e ampliación da oferta hoteleira, cun incremento do 86%, e a profundación nas áreas de futo: turismo rural, cultural, de deportes náuticos e golf.

Galicia está especialmente dotada e é claramente competitiva nestes novos sectores turísticos, e neles estamos concentrando os nosos esforzos sen abandonar, por suposto, o turismo tradicional.

Hoxe, 149 establecementos dedicados ó turismo rural esténdense por toda a xeografía galega, cuns niveis de ocupación totalmente satisfactorios que se manteñen en cifras importantes en calquera época do ano. As axudas a este tipo de establecementos, o labor de rehabilitación das edificacións tradicionais, unha óptima relación calidade-prezo e a potenciación do contorno natural autóctono están configurando un futuro moi prometededor.

Nunha liña paralela á anterior, a estreita vinculación entre medio ambiente e turismo levou consigo a aparición dunha maneira de gozar da nosa paisaxe, da nosa riqueza botánica e xeolóxica a través dun turismo activo, que vai desde o senderismo ata o cicloturismo, incluíndo parapente, paseos, cabalos, montañismo, rafting e outros. Os nosos antigos sendeiros e camiños rurais, a protección e coidado de parques naturais como a serra do Xurés, o monte Aloia, as illas Cíes e outros espazos, como Os Ancares, O Courel, as lagoas de Cospeito, as ribeiras do Navia, os bosques da Marronda e outros, son un marco de indiscutible atractivo para este novo tipo de turismo.

Máis de 1.500 Km de costa son outro recurso de primeira magnitude, tanto pola súa extensión como pola súa beleza e condicións xeográficas, que permiten a instalación de refuxios para as embarcacións e unha actividade deportiva que pode desenvolverse en calquera época do ano. Os 23 portos deportivos, perfectamente equipados e con excelente servizo ó cliente, son xa unha base máis que esperanzadora.

A nosa riqueza histórico-artística está permitindo que, mediante labores de rehabilitación e difusión, o turismo cultural sexa un elemento definitorio da nosa oferta. Só nesta acción investíranse máis de 700 millóns en 1996.

Galicia ten que aproveitar ó máximo o tirón que representa, despois de 1993, o próximo Xacobeo 1999. Por isto, e xa no orzamento de 1997, ampliaremos substancialmente as dotacións para promoción do turismo e coordinaremos co Goberno central axudas para a mellora da oferta turística, e especialmente no importante sector de balnearios.

A IDENTIDADE DE GALICIA E A COHESIÓN SOCIAL.

A lingua e a cultura de Galicia cara ó futuro.

A cultura, expresión de sensibilidade e de auto-identificación do noso pobo, sempre foi, e segue a ser, unha das prioridades do Goberno galego. Se ben é certo que aínda é moito o que nos queda por facer, podo afirmar que, despois de sete anos de intenso traballo, hoxe temos postas as bases que posibilitan o desenvolvemento e a proxección universal da nosa creatividade.

Esta afirmación acredítase con feitos. Aí está o proceso de incorporación da nosa cultura ás grandes redes mundiais de información e de comunicación. Ademais, aí témo-lo esforzo que estamos desenvolvendo para crear infraestrutura cultural minimamente axustada nas nosas cidades, vilas e aldeas. No ano 1989, dos 313 concellos galegos, só 55, é dicir, un 16%, tiñan unha casa de cultura e gozaban dunha dotación cultural básica. Hoxe, sete anos despois, 135 concellos teñen casa da cultura, o que supón que case triplicámo-lo equipamento cultural básico dos concellos galegos.

No ano 1989, había en Galicia 136 bibliotecas públicas municipais. Hoxe, acadamos xa as 307 bibliotecas, que supoñen un incremento do 250%. Hai sete anos, tan só 135 núcleos de poboación galegos dispoñían do servizo básico dunha biblioteca pública. Hoxe 296 localidades teñen biblioteca pública municipal, o que representa un incremento do 210%.

Aínda queda moito por facer, pero o que estamos a conseguir co esforzo e coa colaboración de todos permítenos ter xa á disposición da maioría dos galegos, e especialmente dos máis novos, uns medios mínimos que lles permitan acceder ó mundo da lectura, potencia-la súa creatividade e engrandece-lo noso acervo cultural.

A nosa lingua.

A equiparación que conseguimos de Galicia a Cataluña na asignación de fondos do Goberno central para a normalización lingüística permitiu acadar avances substanciais:

-Aprecio pola nosa lingua e as súas manifestacións literarias.

-Convivencia limpa e harmónica das dúas linguas oficiais.

-Prestixio e presenza da nosa lingua en calquera actividade da nosa sociedade.

-Creación e apoio a centros de investigación nos que se desenvolven proxectos que consolidan e dan altura científica á nosa lingua, permitindo, ó mesmo tempo, que a difundamos por todo o mundo.

Proxecto cultural.

Neste contexto de potenciación da nosa identidade como pobo hai que situar un gran proxecto cultural no que estamos a traballar. Este proxecto, que se coñecerá co lema "Galicia, terra única", terá como obxectivo sumarnos o vindeiro ano ás actividades organizadas desde o Museo do Pobo Galego logo do descubrimento dunha inscrición de hai dous mil anos na que aparece por primeira vez o nome de *Gallaecia*.

Patrimonio cultural.

O noso patrimonio histórico-artístico é a testemuña dos nosos 2.000 anos de historia, e Galicia pode presumir de ter un dos patrimonios mellor conservados e coidados de España. Isto non é froito da casualidade, senón, en primeiro lugar, do traballo, da colaboración e do esforzo de todos aqueles organismos, institucións, colectivos e persoas que están vinculadas, dunha ou doutra maneira, co noso patrimonio histórico-artístico.

Un exemplo de traballo desenvolvido témolo nas nosas catedrais. Namentres que noutras comunidades autónomas teñen serios problemas cos seus conxuntos catedralicios, as marabillosas catedrais galegas gozan -permítanmo dicir- de boa saúde, e á súa restauración destinaremos no trienio 1996-1998 máis de 1.100 millóns de pesetas.

Tamén aquí o que queda por facer é moito, pero imos mante-lo ritmo e o esforzo. Fago un chamamento á sociedade civil para que sexa consciente de que o patrimonio cultural é responsabilidade de todos e non só do Goberno galego.

Xacobeo 99.

O ano 1999 é o noso ano de referencia para situar definitivamente a Galicia entre as comunidades autónomas máis desenvolvidas. O traballo levado a cabo durante todos estes anos comezará a da-los seus froitos.

Na Exposición Universal de Lisboa de 1998 Galicia terá unha presenza importante e farase escoitar. Ó ano seguinte, no Ano santo de 1999, Galicia pechará o milenio e abrirá as portas ó século XXI como comunidade punteira da Unión Europea. A capitalidade cultural europea de Santiago converterá o ano 2000 no faro que irradiará a todo o mundo a nosa potencialidade.

Cara a ese trienio 1998-2000 estamos dirixindo xa esforzos e ideas, nas que o Camiño de Santiago terá un papel determinante e vertebrador. Así, estamos a traballar en proxectos encamiñados a dinamiza-lo Camiño e todo o que significa, nos que tamén participarán o Goberno central e as comunidades polas que pasa o Camiño de Santiago.

Non podo remata-la miña análise no eido da cultura sen facer referencia ó sector do audiovisual. Destacarei, en primeiro lugar, o proceso de saneamento que está a experimenta-la televisión pública galega. Isto permite enfrontarse ó seu futuro con optimismo, como instrumento básico para a potenciación e para a difusión da nosa lingua e da nosa cultura. A Televisión de Galicia ten por diante a tarefa de dinamiza-lo sector audiovisual galego, xunto coas empresas da industria audiovisual.

O cine está a celebra-lo seu centenario. Este é o momento para o despegue definitivo do cine galego. As institucións debemos achega-lo noso impulso e apoio, pero son as propias empresas e os profesionais os que teñen a responsabilidade de asumir os retos dun mercado tan competitivo. Entre todos podemos facer que a presenza dunha Galicia moderna no mundo do audiovisual traspase as nosas fronteiras e se asente na nosa Comunidade unha industria que está chamada a ser determinante na sociedade de ocio que se aveciña. E quero facer unha referencia exemplar ó mestre Domínguez, que vai estrear dentro de pouco unha película importante.

OS PROBLEMAS DA EDUCACIÓN NA NOSA GALICIA EN TRANSICIÓN.

No período que vai desde 1989 a 1996 mellorámo-la situación do ensino non universitario en tódolos aspectos. Construímos uns 100 centros novos e ampliamos 26. Investíronse no pasado curso académico 1995-1996 máis de 1.416 millóns de pesetas no equipamento dos centros de secundaria.

Desde que entrou en vigor a LOXSE, aplicámola de acordo co calendario establecido polo Real decreto 1.487/1994, do 1 de xullo, malia os importantes problemas de financiamento que temos.

Camiñamos cara a unha maior cualificación profesional que posibilita que as empresas galegas sexan máis eficaces e competitivas. Neste sentido, a Xunta de Galicia vén implantando, con carácter anticipado, as novas ensinanzas de formación profesional. Uns 4.650 alumnos van cursar ensinanzas recollidas no novo catálogo de títulos de FP, o que supón un gran adianto na implantación destas ensinanzas con respecto a outras administracións educativas.

No programa de prácticas en alternancia, que levaron a cabo uns 38.000 alumnos no período comprendido entre o ano 1989 e 1996, participaron unha media de 2.000 empresas de Galicia e uns 120 centros docentes por curso, cun investimento de 1.098 millóns de pesetas.

Púxose en marcha un programa de orientación profesional e de inserción laboral dirixido ós alumnos que están no derradeiro curso dos seus estudos de formación profesional co obxectivo de informar das

vantaxes que teñen ó predetermina-lo futuro profesional, evita-lo desemprego e a espera da incorporación ó primeiro traballo, así como potenciar e estimula-la creación de asociacións, cooperativas e o exercicio de traballos autónomos.

Polo que respecta á formación do profesorado, púxose en marcha un Plan galego de formación continuada, anos 1990-1996, participando nas actividades de formación programadas un total de 130.140 profesores, o que supuxo un investimento de 5.538 millóns de pesetas.

Salientarei, así mesmo, o acordo do Consello da Xunta de Galicia de 1992, polo que se incrementaron substancialmente as retribucións dos funcionarios públicos docentes que prestan servizos nos centros públicos de niveis non universitarios.

En servizos complementarios, fundamentalmente comedores e transporte escolar, pasouse de 7.290 millóns de pesetas no ano 1989 a 10.143 millóns no presente ano 1996, o que representa un incremento ó redor dun 40%, malia, por desgracia, o considerable descenso da natalidade.

Universidades.

Desde o ano 1989 o sistema universitario de Galicia expandiuse, pasando de 46 titulacións universitarias a 148 titulacións completas no ano 1996. Estas titulacións corresponden a 85 títulos distintos. A escolarización universitaria elevouse, neste período, de 22 alumnos por 1.000 habitantes a 32 alumnos na matrícula do curso 1993-1994. Pasouse de 2.591 profesores en 1990 a 4.000 en 1996, e de 52.000 alumnos a 85.000.

O Plan de financiamento permitiu corrixi-los desequilibrios de partida e dota-las universidades de nova creación das infraestruturas básicas.

Hoxe, cumprido este plan, e sendo necesario recupera-lo principio de unidade do presuposto, o noso obxectivo será consolidar-las cifras de partida. Neste sentido, manteremos en 1997 as dotacións de 1996 incrementadas na porcentaxe global que medre o orzamento de Educación en tódolos niveis educativos.

UNHA POLÍTICA DE INTEGRACIÓN SOCIAL.

A familia como núcleo social básico.

Un dos nosos obxectivos prioritarios é elabora-las normas legais que reforcen o protagonismo que a familia ten na sociedade e establecer unha rede de apoio que permita cumprir axeitadamente co su papel solidario de protección e de promoción da infancia e da xuventude.

Está no Parlamento o proxecto de lei de protección á familia e á infancia, pioneira como norma autonómica de protección á familia na súa globalidade, como marco protector á vez da infancia, sen limitarse a un determinado modelo familiar.

Elaborouse e aprobouse o Plan integral de apoio á familia -recordo que se creou unha Consellería especial para o tema- que, cun orzamento para a lexislatura por riba dos vinte mil millóns de pesetas, ten consolidados xa programas, servizos e medidas innovadoras -recibirán sobre estes temas documentación complementaria- nos ámbitos de prevención e apoio ás familias, servizos de garda e axuda, escolas de familia, gabinetes de orientación e apoio familiar, teléfono do neno e un longo etcétera.

Os menores, tanto en situación de desprotección social coma de conflito social, son o elemento máis feble e máis importante de toda a sociedade, e, polo tanto, é un obxectivo prioritario para a Xunta de Galicia, que pasou de atender a 3.500 nenos no ano 1989 a 8.300 en xullo do presente ano.

O tratamento dos menores en conflito social, a través das medidas educadoras da liberdade vixiada e a prestación de servizos á comunidade, estase a desenvolver en estreita colaboración con xuíces e fiscais, destacándose a colaboración de moitos concellos que se sumaron a este esforzo de solidariedade a través de convenios de colaboración coa Consellería de Familia, que nos gustaría moito aumentar.

Xuventude.

A xuventude galega representa hoxe unha realidade extraordinariamente dinámica, rica e plural que

vén xogando un rol fundamental no dinamismo e na evolución da sociedade de Galicia.

A Rede Galega de Información Xuvenil, como servizo novo, e a potenciación do carné xove, das escolas de tempo libre, dos campamentos de verán do turismo xuvenil, constitúen un exemplo claro dunha política de apoio ás iniciativas xuvenís.

Por último, convén salienta-lo esforzo sen precedentes feito para apoiar a construción e equipamentos de centros socioxovenís de carácter interxeracional en toda a Comunidade Autónoma, que se materializou na sinatura de 100 convenios con concellos e cunha achega da Xunta superior ós 1.000 millóns de pesetas.

Muller.

O Goberno da Xunta de Galicia amosa unha especial preocupación por promover a igualdade efectiva entrámbolos dous sexos e a plena integración da muller na sociedade, poñendo en marcha estratexias precisas para compensa-los desequilibrios existentes.

No apartado de sensibilización, información e fomento, convén salienta-la creación, en colaboración cos concellos, de 13 centros de carácter comarcal que, xunto co Teléfono da Muller, integran a Rede de Información e Asesoramento á Muller.

Na área de promoción e inserción laboral impartíronse nos últimos tres anos 280 cursos de formación ocupacional específicos, ós que asistiron 4.500 mulleres, e desenvóléronse programas dirixidos á reinserción laboral, a través das iniciativas comunitarias NOW.

O Programa de mulleres emprendedoras, que ten por obxecto estimular e apoiar a creación de empresas, beneficiou a máis de 150 mulleres, cun orzamento superior ós 135 millóns de pesetas. Debo dicir que estes programas impresionaron profundamente, así o dixo onte publicamente, á comisaria Wulf Mathies, que nestes días nos honra coa súa visita.

Servicios Sociais.

Os servizos sociais son considerados por este Goberno un elemento básico do benestar social e un

instrumento necesario para a cohesión social e para mellora-la calidade e as condicións de vida das persoas e das familias.

Debe salientarse a Lei 4/1993, de servizos sociais, e as súas normas de desenvolvemento, que crearon un marco estable e moderno para a acción dos distintos axentes sociais, tanto públicos coma privados, así como para os usuarios e beneficiarios dos servizos e prestacións.

Os servizos sociais de atención primaria, de competencia municipal, son a porta de entrada do sistema, e constitúen a primeira rede de loita contra a exclusión. A Xunta de Galicia prestou unha especial atención ó longo destes anos garantindo un financiamento crecente a través do Plan concertado, mesmo nos anos de maiores dificultades orzamentarias. No período 1990-1995 este incremento foi dun 70%, ó pasar de 1.015 millóns de pesetas a máis de 1.700 millóns a achega da Comunidade.

A garantía nos próximos exercicios de financiación desta rede seguirá a ser un obxectivo prioritario do Goberno, así como a transferencia ós concellos dos centros de servizos sociais da Xunta de Galicia, sempre no principio do consenso.

Atención especial ós maiores.

O envellecemento progresivo da poboación que se está a producir en tódolos países occidentais é tamén un fenómeno propio da nosa Comunidade Autónoma, na que se dá un dos índices máis elevados de envellecemento do Estado español. Así mesmo, vai aumentando progresivamente o número de persoas que conforman o que se deu en chamar “cuarta idade”, é dicir, os maiores de 85. E mesmo nos honramos en ter vivos máis de 400 centenarios na nosa Galicia.

O Goberno galego é especialmente sensible ós problemas e necesidades destas persoas e ós das familias que teñen que atenderlos maiores con necesidades de asistencia especial.

A política seguida orientouse, por unha banda, á mellora da calidade de vida do propio contorno dos maiores, potenciando aquelas situacións que posibiliten unha vida máis independente e máis autónoma. Por outra banda, fomentouse a creación de prazas re-

sidenciais para dar resposta á demanda representada polos anciáns incapacitados.

Discapacitados e emprego.

As persoas con discapacidade e as súas familias teñen dereito a un apoio especial dos poderes públicos para remove-los atrancos cara á súa plena integración social. A mellor expresión desa integración é un posto de traballo, sempre que isto sexa posible. Para este obxectivo traballouse, e seguírase traballando, en dúas liñas principais:

- Consolidación da rede de centros ocupacionais. A sinatura de convenios con máis de 40 asociacións xestoras destes centros en Galicia permitiu unha maior estabilidade financeira e unha mellor calidade dos servizos.

- Programas de integración e emprego. En 1993 xestionábase un só proxecto cofinanciado polo Fondo Social Europeo cun orzamento de 49 millóns de pesetas. En 1996 hai cinco proxectos, cun orzamento de 845 millóns e 150 beneficiarios.

Existen, ademais, outros programas e accións de integración social e sociosanitaria.

Políticas activas de inserción.

En 1992 comezaron a articularse as accións previstas na Lei de medidas básicas de inserción social. En 1996 haberá 3.500 familias beneficiarias da Renda de Integración Social de Galicia, cun orzamento de 1.385 millóns de pesetas. Iniciouse en 1995 un proxecto pioneiro para apoiar a inserción sociolaboral destas persoas cofinanciado polo Fondo Social Europeo cunha dotación de 400 millóns de pesetas e que se vai desenvolver nos concellos de Vigo e Ourense e nas comarcas de Ferrolterra e Val de Lemos.

Deporte.

A nosa Comunidade Autónoma carecía por completo dunha política deportiva adaptada á realidade de Galicia e que marcara as prioridades e os plans de desenvolvemento para intentar paliar-lo desequilibrio histórico no que se atopaba o noso deporte respecto doutras comunidades do resto do Estado.

Agora xa podemos presentar balances do resultado destes anos de xestión -os números van cantar dentro dun momento, non se preocupen- cunha volta total do mapa deportivo galego, tanto no que se refire ás infraestructuras como á implantación de tódolos deportes. Sabemos perfectamente cara a onde imos, porque o camiño está definido, e o que é máis importante: os axentes deportivos tamén o coñecen e o valoran na súa xusta medida.

Existe unha programación -e debo dicir que é exemplar- de infraestructuras deportivas, que evita as desigualdades entre a Galicia rural e a urbana -que actuou obxectivamente en virtude dos convenios coas deputacións provinciais- ó deixar perfectamente establecidos cáles son os criterios de actuación, as prioridades, os baremos e os graos de solidariedade das distintas administracións. O acordo coas deputacións, vixente ata 1997 -que penso que será renovado-, implica un mecanismo corrector que respecta a configuración de cada provincia en función da conformación dos núcleos de poboación, coa correspondente ponderación do fenómeno comarcal.

A fidelidade ó programa establecido permitiunos supera-los seus límites e situa-lo horizonte do noso desenvolvemento deportivo nas cotas máis altas, demostrando, cunha política de feitos, ser unha das comunidades autónomas que maior sensibilidade demostrou cara ó mundo do deporte. Gracias ó rigor e seriedade da nosa planificación deportiva e á coordinación do esforzo investidor de tódalas institucións, puidemos superar en solitario -teño que dicir que sen a solidariedade do anterior Goberno central- o atraso deportivo ó que Galicia fora relegada.

En 1989, tódalas comunidades autónomas, agás Ceuta e Melilla, nos superaban en dotación de infraestructuras deportivas. Hoxe, atopámonos nos postos de cabeza no nivel nacional. A case totalidade dos concellos galegos contan cun pavillón polideportivo cuberto. Existen piscinas climatizadas cubertas executadas, en fase de finalización ou proxectadas en tódolos municipios de máis de 16.000 habitantes. Construíronse multitude de campos de fútbol, pistas de atletismo, etc. Catro de cada cinco galegos dispoñen no seu municipio de instalacións deportivas cubertas. Como poderán observar, señorías, a volta que se produciu no mapa deportivo de infraestructuras é,

sen ningunha dúbida, espectacular. Tamén hai que dicir que o orzamento para deportes é dun 400% máis que o que existía no ano 1989.

No apartado de actividade deportiva debo salientalo crecemento que desde 1989 con ritmo constante experimentaron os parámetros que indican o nivel de integración da sociedade galega no fenómeno deportivo. O continuo incremento do número de licencias deportivas, do número de clubs, entidades e asociacións, do número de profesionais da educación física, do número de técnicos deportivos e do número de participantes en competicións en idade escolar son fiel reflexo do estado do noso deporte.

O sistema de axudas a través de baremos obxectivos, pioneiro no ámbito do estado español e consensuado coas respectivas federacións, conseguiu que a estrutura asociativa do deporte galego se asentase, aumentase e obtivese éxitos nacionais e internacionais que propagan e expanden o nome de Galicia a toda España e a todo o mundo.

Case 300.000 deportistas e máis de 4.000 clubs e agrupacións deportivas escolares estanse beneficiando dos sistemas de axudas establecidos a través das federacións, sen necesidade de clientelismo político, sen necesidade de solicitalo. Os nosos deportistas e os nosos dirixentes deportivos sábeno, e coñecen e respectan o sistema.

Todo iso impúlsanos a observa-lo presente e o futuro con pleno optimismo, considerando que o fenómeno deportivo calou con forza na sociedade galega, que fixo del unha das súas bandeiras de progreso.

A saúde.

A saúde dos galegos constitúe inevitablemente unha das preocupacións principais do Goberno. Co fin de melloralas leváronse a cabo importantes accións nos nosos servizos sanitarios, incrementando substancialmente o seu financiamento, procurando mellores organizativas e de actividades, de xeito que a situación actual se diferencia significativamente da existente nos anos 1989 e 1990.

Entre os aspectos máis positivos, creo oportuno mencionala creación dun sistema de información hospitalaria que é unha referencia en todo o Estado,

co que é posible segui-la actividade dos centros do SERGAS e non soamente do gasto acadado. Estes proxectos vanse beneficiar da implantación das tarxetas sanitarias individuais, que substituirán as clásicas cartillas da Seguridade Social, das que xa se levan emitidas 400.000, e, antes de finais deste ano, outros 500.000 galegos disporán delas, co que se chegará a unha cobertura do 33% da poboación.

En materia de recursos económicos fóronse paliando as graves carencias do pasado; lembremos que en todo o período 1982-1990 Galicia dispoñía dun gasto sanitario público *per cápita* moi inferior á media estatal. En concreto era do 70% no ano 1990. Cabe salientar que, trala transferencia do INSALUD -tan criticada por algúns- e cos novos acordos de financiamento, o noso gasto duplicará en 1996 o acadado en 1990, pasando de 46.043 pesetas a 94.270 pesetas *per cápita*. Estas son cifras indiscutibles, co que se iguala por vez primeira o financiamento da nosa Comunidade Autónoma co doutras comunidades autónomas como Cataluña e coa media do Estado.

Atención especializada.

O esforzo realizado para aumenta-lo número de recursos hospitalarios do SERGAS foi extraordinario. De 1990 a 1996 o número de camas instaladas incrementouse en 2.100, un 39,5% máis, como consecuencia das transferencias e da asunción polo SERGAS dos hospitais das corporacións locais e da apertura do Hospital de Verín.

A ampliación vai proseguir coas obras de adecuación do Hospital Militar da Coruña, tralo seu traspaso, e coa construción dos hospitais comarcais -tres en marcha-, o que permitirá acerca-la atención especializada a áreas afastadas, como a Costa da Morte, A Barbanza e tamén O Salnés. Tamén se proseguirá coa nova construción do Hospital de Santiago, malia as dificultades sufridas que, como todos vostedes saben, non son responsabilidade nosa, pero que nós xa resolvemos definitivamente na última semana.

Noutra orde de cousas, é a nosa intención modificar aquelas instalacións hospitalarias que na actualidade quedaron obsoletas. Neste sentido, na actualidade xa se están rematando os traballos para realiza-los plans funcionais de adecuación dos complexos hospitalarios Xeral-Calde e Hospital da costa de Lugo;

complexo hospitalario Cristal-Piñor e Comarca de Valdeorras, en Ourense; complexo hospitalario Arquitecto Marcide-Novoa Santos, en Ferrol, e Hospital Montecelo en Pontevedra.

Paralelamente, durante estes anos, elevouse considerablemente a actividade dos centros do SERGAS, o que contribuíu á diminución considerable das listas de espera de hospitalización cirúrxica, malia o incremento da demanda asistencial, que pasou de 28.286 persoas en 1993 a 17.932 a finais de 1995, descendendo tamén a demora media nese período de 253 a 85 días. Os obxectivos para finais deste ano son igualmente ambiciosos: que ningún espere máis de seis meses para ser intervido cirúrxicamente, cunha demora media de 85 días, e a espera para as primeiras consultas non deberá ser maior de 30 días, igual que para as probas complementarias.

Un ano máis, cábeno-la satisfacción de lembra-la actividade relacionada con esas ramas privilexiadas, punteiras e de futuro da medicina, como son os transplantes de órganos. A tendencia ascendente das doazóns -53 en 1990 e 92 en 1995- sitúanos cunha das taxas de doazóns máis altas do mundo, o que honra á sociedade galega.

Durante esta lexislatura comezáronse a dar os pasos para a integración da atención psiquiátrica e de saúde mental no sistema de atención xeral do SERGAS, creando o marco normativo axeitado coa promulgación do Decreto 389/1994, do 15 de decembro, e posteriormente, e de xeito gradual, creando novos dispositivos asistenciais ou remodelando os existentes; obxectivos nos que faremos especial fincapé no que queda de lexislatura.

Atención primaria.

Polo que se refire ás urxencias extrahospitalarias déronse importantes pasos co funcionamento do Centro de Coordinación de Urxencias "061", estando previsto tamén que, a finais de 1996, estean operativos 37 Puntos de Atención Continuada "PAC". Había dous en 1995 e serán 37 a finais deste ano.

Polo que respecta a infraestruturas, continuouse a traballar para melloralas e ampliálas. No período que vai de 1989 ata o día de hoxe leváronse a cabo as seguintes accións:

Construcións: 196 actuacións en centros de saúde en 184 concellos.

Reparacións, ampliacións ou melloras: 175 en 165 concellos.

Coa apertura do Centro de Transfusións de Galicia en 1994 superouse o índice de 30 doazóns por 1.000 habitantes, con previsións de 32 para 1996, todas elas de doadores altruístas.

Finalmente, non podemos esquecer-lo labor que realiza a fundación "Instituto Galego de Oftalmoloxía", constituída en xaneiro de 1995, cunha ampla carteira de servizos de cirurxía oftalmolóxica que está na cabeza do noso país.

Ordenación farmacéutica.

Este Goberno é partidario da planificación e ordenación deste sector, de xeito que sempre poidamos garantir-la debida accesibilidade ás prestacións farmacéuticas, con independencia do lugar onde vivamos. Así, no pasado mes de xuño, reguláronse os horarios mínimos de apertura das oficinas de farmacia -que inclúen un mínimo de catro horas os sábados laborables- e as urxencias. A promulgación do Decreto 288/1996, sobre competencias e procedementos de autorización de novas farmacias, inclúe tamén aspectos innovadores sobre a situación anterior. E cando se coñeza a nova lexislación preparada a nivel nacional, Galicia elaborará a súa propia lei de ordenación desta materia.

Drogodependencias.

O consumo de drogas e as drogodependencias continúan -por desgracia- sendo un dos problemas que máis preocupan a tódolos galegos e, por suposto, ó seu Goberno.

Trala creación en 1993 do Comisionado do Plan Autonómico de Drogodependencias (PAD), desenvolveron as súas funcións en consonancia coas recomendacións do Dictame da Comisión non permanente do Parlamento para o estudo da repercusión socioeconómica e sanitaria do narcotráfico en Galicia. Igualmente, o dito criterio levou á elaboración e aprobación da Lei 2/1996 de Galicia, sobre drogas. No seu desenvolvemento xa se elaborou o Plan de Galicia so-

bre drogas, que será remitido moi pronto a este Parlamento.

Saúde pública.

A política de promoción da saúde e da prevención das enfermidades tiveron e terán especial relevancia nesta lexislatura, na que se levaron a cabo programas de actuación sobre factores de risco relacionados coas enfermidades transmisibles; sobre factores medioambientais; programas de educación para a saúde, de prevención das minusvalías psíquicas e de diagnóstico precoz do cancro de mama, e a reestructuración do corpo de veterinarios, co fin de dispor de persoal dedicado a tarefas de saúde pública que nos permitan adaptarnos ás directivas da Unión Europea, entre outros.

Vivenda.

En materia de vivenda, a Xunta continuou aplicando as diversas liñas de axudas existentes para a mellora das condicións de vida dos galegos, incrementando o parque de vivendas dirixidas ás familias menos favorecidas da nosa sociedade, sen esquecer accións reguladoras do mercado e a mellora das condicións do medio rural.

No ano 1996 marcouse o comezo dun novo ciclo, co remate do Plan cuadrienal de vivenda 1992-1995 e co comezo da aplicación do Plan 1996-1999.

O Plan 1992-1995 pechouse en Galicia con éxito, superándose os obxectivos totais en máis do 120%.

O novo Plan cuadrienal 1996-1999 establece para Galicia o obxectivo de máis de 26.000 actuacións, centradas principalmente nas modalidades máis demandadas pola sociedade galega, como son o réxime xeral e o prezo taxado. Así mesmo, por primeira vez o Goberno central, por medio do Plan cuadrienal, cofinanciará vivendas de promoción pública, correspondendo a Galicia preto do 50% dos obxectivos nesta modalidade, o que deixa ben patente a importancia da promoción pública de vivendas da Xunta de Galicia, un dos poucos gobernos autonómicos que continúa promovendo vivendas con cargo ós seus propios orzamentos, xa que outras comunidades se limitan soamente ó plan do Estado.

En 1996 o Instituto Galego da Vivenda e Solo entregou ós seus adxudicatarios preto de 1.200 vivendas. Ó mesmo tempo, en 1996 licitáronse 581 novas vivendas, o que supón un investimento de máis de 5.200 millóns de pesetas.

Doutra banda, dedicouse un especial esforzo á mellora do parque de vivendas transferido polo Goberno central, vivendas dunha notable antigüidade e construídas con materiais e técnicas moi distantes dos empregados na actualidade.

Vivenda rural.

A problemática da vivenda no medio rural reúne unhas características peculiares que obrigan a afrontalo problema con solucións axeitadas a cada caso e deseñadas especificamente para a nosa Comunidade Autónoma, e mesmo para as súas importantes diferencias comarcais.

Nos oito primeiros meses de 1996 recibiron a aprobación provisional preto de 2.000 expedientes de rehabilitación e reconstrución rural, cun importe de axudas que supera os 773 millóns de pesetas e cun investimento inducido próximo ós 2.500 millóns. Así mesmo, recibiron a aprobación definitiva preto de 3.000 expedientes, con axudas que superaron os 1.163 millóns de pesetas e cun investimento inducido superior ós 3.500 millóns.

Solo residencial.

En materia de solo residencial, os esforzos da Xunta céntranse nas sete grandes cidades. En 1996 estase a dar un importante impulso ás actuacións en Santiago de Compostela, coa sinatura dun convenio co Concello, que permitirá, en varias etapas, o desenvolvemento de sete Unidades de Solo Urbanizable non Programado (SUNP), co obxectivo de crear solo para a construción de 1.700 vivendas de protección oficial. Unha parte delas será de promoción pública. Estas actuacións completaranse con outras en Ferrol, A Coruña, Vigo, Lugo e Ourense.

AS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS.

Administración autonómica.

A persistencia nunha política coherente de reforma e modernización da Administración pública comezou a da-los seus froitos.

O modelo galego é recoñecido por tódalas comunidades autónomas como un dos máis avanzados nos dous aspectos clave: a informatización da Administración, co conseguente incremento de produtividade, e a introducción da dirección por obxectivos e a avaliación do rendemento, como instrumento básico de mellora da eficacia e da distribución do persoal.

Todo isto permitiu, e seguirá permitindo no futuro, unha redución no número de funcionarios, coa conseguente diminución dos custos: 1.500 millóns de pesetas en 1996.

Seguiremos na mesma liña: eliminación de trámites innecesarios, máis facilidades para o cidadán para relacionarse coa Administración, menores tempos de tramitación e limitación do número de funcionarios.

Administración de xustiza.

Polo que se refire a esa peza clave da vida pública que é a Administración de xustiza, a política é igualmente clara: apoio institucional e incondicional ós órganos xurisdiccionais; convenios con universidades e co Tribunal Superior de Xustiza para a publicación de sentencias e xurisprudencia; apoios en materia penitenciaria; colaboración financeira no sostemento dos xulgados de paz; colaboración na formación continua de xuíces e axudas ás institucións xurídico-administrativas galegas e ás escolas de práctica xurídica.

A Xunta de Galicia asumiu importantes competencias nestes últimos anos. Iso permitiu non só continuar e potencia-lo proceso de informatización xudicial -xa chega a tódolos xulgados-, senón dar, logo de moitos anos de abandono, un importante impulso á construción e renovación dos órganos xudiciais: a Audiencia Provincial da Coruña, os xulgados de Pontevedra e os xulgados de Ribeira, Ortigueira, Sada e Ribadavia constitúen exemplos significativos.

Administración local.

A Administración desde 1990 foi constante nunha mesma liña de actuación: apoio ós concellos en mate-

ria de renovación ou de nova construción de casas do concello; normalización lingüística; apoio ás policía locais, tanto no que se refire á formación e perfeccionamento do persoal coma en equipamento e na profundación na coordinación -hoxe lexislada por este Parlamento-: uniforme, armamento, transmisións, mobilidade e normas de actuación.

Policía autonómica.

A consolidación da Policía Autonómica, os magníficos resultados que está a obter, especialmente en materia de investigación de incendios forestais, e a eficacia coa que está a cumprir-las súas funcións ordinarias fan necesaria a ampliación dos seus efectivos. Como obxectivo para os próximos tres anos propoñémonos ampliar a 500 o número de axentes -vaise asinalo convenio dentro de poucos días-, o que permitirá unha ampliación gradual das súas funcións dentro do marco da axeitada coordinación coas forzas de seguridade do Estado.

A GALICIA DO EXTERIOR.

Estase a consolida-lo principio dunha Galicia universal apoiado na idea de unidade de Galicia máis aló das limitacións territoriais.

A galeguidade, en canto concepto integrador e moderno, supera o tradicional e temporal de emigración, por canto posúe unha vixencia duradeira e permanente no tempo e vincula as xeracións presentes e futuras nesa identidade e solidariedade que nos caracterizan ó longo da historia.

Nestes últimos anos, uns vintecinco mil dos nosos galegos de maior idade e con menos recursos económicos beneficiáronse dos programas de axudas individuais, viaxes de reencontro coa Galicia de hoxe e coas súas familias, e tamén dos recursos específicos de terapia ocupacional e doutras actividades que tenden a mellora-la calidade de vida deste colectivo noso en América, Europa e nas distintas comunidades de España.

No que atinxe ás accións dedicadas ós mozos descendentes de galegos no exterior, sinalaremos que se favoreceu a súa incorporación ás universidades galegas para realizaren estudos superiores nelas mediante bolsas de residencia, e, así mesmo, beneficiáronse de

actividades formativas e culturais. Foron preto de vinte mil os que asistiron ós 1.050 cursos realizados de formación ocupacional e empresarial, de lingua e cultura galega, de música e de baile, de informadores turísticos e de animación xuvenil. Nos programas campamentais desenvolvidos en Galicia, máis de dous mil seiscientos mozos, fillos e netos de galegos, asistiron ás diversas quendas e deste xeito puideron coñecer-las súas raíces familiares, paisaxísticas e culturais, atopando un coñecemento real da Galicia dos seus ascendentes e da súa realidade actual.

Neste período dos últimos seis anos, creáronse máis de vinte novos centros naquelas comunidades -o que nalgúns casos parece increíble vista a redución das colonias- con presenza galega naqueles países e lugares, principalmente no continente americano e noutras comunidades de España. Ó mesmo tempo, xurdiron novos proxectos interesantes de carácter asistencial, creándose residencias e fogares en países hispanoamericanos, xa que polo incremento de galegos da terceira idade fíxose necesaria a prestación dos devanditos servizos para eles pola súa carencia ou deficiencia nas respectivas sociedades.

Non podemos esquecer-lo apoio ó investimento para tódolos centros. Máis de 250 centros percibiron subvencións para dotación e melloras na moblaxe, equipos de comunicación -antenas parabólicas, fax, equipos de informática-, equipamentos deportivos e envíos de fondos editoriais para a dotación das súas bibliotecas e de revistas e boletíns para manter unha permanente e actualizada información, así como para rehabilitación das súas sedes sociais.

A acción informativa no exterior a través das nosas comunidades, a mesma presenza delas e o desenvolvemento de tódalas súas actividades conseguen unha proxección internacional de Galicia en máis de trinta países de catro continentes, converténdose en verdadeiras embaixadas naturais da nosa terra. Constitúen por iso un importante medio para reafirmar a nosa presenza internacional e para o perfeccionamento da imaxe de Galicia no mundo, polo que contribúen decisivamente na difusión da nosa cultura, dos nosos proxectos e da nosa realidade no momento actual. Están xurdindo colexios como o de Bos Aires, coa recompilación da documentación que podería perderse e moitas outras iniciativas que eu creo que son

de verdadeira importancia para o futuro dese ente eterno que é a Galicia universal.

POLÍTICA ECONÓMICA.

Polo 1990 os retos da economía española eran a inflación, o déficit e a desaceleración do crecemento. Hoxe, seis anos despois, a aposta de Maastricht segue tendo que ver con esas preocupacións. A diferenza é que agora, despois de moitos anos de dúbidas de gobernos anteriores, as cousas están máis claras ca nunca, e a decisión política para abordar aquelas grandes cuestións é tamén máis firme ca nunca. Por fin, estamos tomando en serio o noso definitivo encadramento en Europa, que, por outra parte, non pide cousas diferentes das que pediría o máis elemental sentido común.

Aló polo 1990, cando o Partido Popular de Galicia se fai cargo da gobernación da nosa Comunidade, enfrontámonos co gran problema de impulsa-la nosa terra cara á súa definitiva modernización. Daquela, como agora, a política económica española atopábase fronte a serios problemas de axuste, tanto en termos de converxencia nominal -é dicir, o que hoxe chamaríamos cumprimento das condicións de Maastricht- coma de converxencia real, que é importante; é dicir, o proceso de achegamento paulatino entre os niveis de desenvolvemento dos diferentes países en canto a renda *per cápita* e taxas de paro.

Pasaron seis longos anos e aqueles problemas seguen polarizando a atención de todos, políticos e cidadáns, empresarios e traballadores, estados e rexións, dentro dunha Europa que se debate entre ciclos de eurooptimismo, euroescepticismo e verdadeiro europeísmo.

Dicía o laborista D. Healey, Chancellor of the Exchequer entre 1974 e 1979 -que tiveron a honra de o coñecer e tratar no tempo de embaixador en Londres- que “o manexo da economía se parece máis a cooidar un xardín que a operar un ordenador”. E é que así como en tempos de Keynes o Estado soberano dispoñía de instrumentos autónomos para unha política efectiva na área de demanda sobre todo, pouco queda hoxe para que o Estado reaccione ante o contorno que non sexa unha aposta seria pola competitividade. E isto é hoxe a nivel mundial. Ese é o sentido profundo e posto ó día daquela frase de A. Smith, cando dicía aló

por 1776, que “case os únicos requisitos para levar un Estado desde a máis baixa barbarie ata o máis alto grao de opulencia son: paz, impostos soportables e unha administración de xustiza tolerable”.

En efecto, se agora non existise Maastricht, a propia globalización dos mercados e a internacionalización da economía imporían as súas leis de ferro esixindo unha administración pública e privada do gasto rigorosas e coherentes cos novos equilibrios cuantitativos e cualitativos entre o público e o privado que xa se albiscan. E esixiría, sobre todo, unha revisión e posta ó día cunha cultura política do gasto conciliadora da racionalidade política coa económica. En definitiva, unha nova cultura de corresponsabilidade entre o Estado e o cidadán; nese camiño penso que estamos, por fin.

Tódolos poderes públicos, tódalas administracións públicas teñen o dereito e o deber de exercer-las súas competencias, que sempre se deberían plasmar en accións de gasto responsable; é dicir -repito- en corresponsabilidade. Tódalas administracións públicas poden e deben, polo tanto, facer política económica: cada unha na súa esfera de competencia e, sobre todo, de eficiencia. Así, o Goberno da nación, dentro da Constitución -que supoño que todos respectamos-, establece os grandes marcos instrumentais, que son, entre outros, a política monetaria, fiscal e orzamentaria, os controis directos sobre prezos e sectores e os cambios institucionais e de ordenación previstos, entre eles o laboral. Ás administracións autonómicas cumprenlo congruente desenvolvemento das políticas microeconómicas e a gran baza de economicidade que supón a cercanía ós problemas do cidadán, que é, ó fin, a substancia última do principio tantas veces por min defendido, de subsidiaridade, antes de que fose doutrina oficial da Comunidade Europea.

Pois ben, a Xunta de Galicia arrincou -aló polo 1990- coas ideas moi claras. É certo que partiamos cos pés forzados por un cadro macroeconómico problemático: paro, axustes e reaxustes timoratos e inababables, sen decisión. Unha adhesión ás entón Comunidades Europeas difícil para nós: sector lácteo, pesca, e unha apertura súbita á competencia internacional. Pero non é menos certo que soubemos organizar -con medios limitados- un bo programa de actuación na nosa específica parcela da política microeco-

nómica: a das infraestructuras de calidade e da promoción económica. Estas foron as bases no noso Plan económico social (PES), agora prolongado no Plan de desenvolvemento rexional (PDR) 1994-1999, aprobado por Bruxelas.

Dende esa presentación xeral, que vén dicir que tódalas políticas económicas terminan por ter efectos territoriais, procuramos ensamblar tódolos instrumentos posibles de orixe comunitaria, nacional, rexional e local para optimizar sobre Galicia os seus efectos conxuntos. Resultado diso foi, por unha parte, o establecemento dunha permanente presión política sobre Madrid e sobre Bruxelas, que supuxo logros concretos xa coñecidos, e o deseño dunha concreta política investidora á que faciamos referencia noutras partes do meu discurso, cunha lonxitude pola que pido licenza á Cámara.

O resultado é avaliable en termos económicos na medida en que o crecemento da economía galega mellorou claramente entre 1991-1995, período do que xa dispoñemos de cifras solventes.

En efecto, a economía galega tivo un comportamento positivo no período 1991-1995, cun crecemento acumulado do valor engadido bruto (VAB) total do 8,76%, superior ó do conxunto da economía española, que no mesmo período foi do 7,36%; 8,7% fronte ó 7,3%. Tamén é superior a taxa media anual acumulativa de Galicia, 1,69%, respecto da do conxunto de España, 1,43%. En concreto, Galicia pasou do 2,3% do crecemento real do produto interior bruto (PIB) en 1991 ó 3,4% en 1995. Estas son cifras oficiais e que cantan.

Tamén o crecemento do valor engadido bruto (VAB) agrario presentou resultados positivos durante o dito período, sendo o sector máis delicado, e son maiores os incrementos en Galicia que no total español, con excepción dos anos 1994 e 1995. O crecemento acumulado no período foi do 10,92% en Galicia, superior en case dous puntos ó do conxunto da economía española, 9,08%; e a taxa media anual acumulativa é do 2,09% fronte ó 1,75% de España. Repito, cifras que cantan e oficiais.

En congruencia co anterior, a converxencia de Galicia respecto de España e Europa mellorou no período 1990-1993, de cando son os últimos datos pu-

blicados. En efecto, considerando o PIB de España igual a 100, Galicia mellorou a súa posición pasando do 82,14 en 1990 ó 83,36 en 1993, e en relación a Europa cun PIB medio igual a 100, Galicia aumentou a súa participación do 57 ó 60%. Datos oficiais estatais europeos.

Respecto do mercado de traballo hai que partir dun feito. Galicia está hoxe entre as seis comunidades autónomas cunha taxa de paro máis baixa. Repito, Galicia está hoxe entre as seis comunidades autónomas coa taxa de paro máis baixa. Iso a pesar da superación de cambios moi importantes na súa estrutura productiva, particularmente co paso de boa parte da poboación ocupada no sector primario ó sector industrial e ó sector servizos. A pesar tamén das crises reiteradas en sectores básicos como a pesca ou a construción naval. Con todo, mantémonos no grupo de comunidades coa taxa de paro máis baixa: catro puntos por debaixo da media do Estado.

Neste sentido cómpre salientar dous feitos indiscutibles:

Primeiro. Que a nosa Autonomía padeceu os efectos de parálise económica dos gobernos dos últimos anos -eran socialistas-, especialmente no último lustro, 1991/1995, período que se caracterizou pola economía especulativa e a falta de confianza de investidores e que se traduciu na perda de emprego en toda España.

Segundo. Que aínda coa falta de crecemento económico e a desprotección dende o Goberno central dos nosos sectores tradicionais, Galicia foi capaz de soste-los seus niveis de emprego por riba da media do Estado gracias ás políticas impulsadas polo Goberno da Xunta e o esforzo da sociedade galega no seu propio desenvolvemento e modernización.

Se algún quere rir sobre este tema, remítoos ó discurso que pronunciou onte precisamente, en circunstancias semellantes, o lehendakari vasco, onde sinala a necesidade de recuperar aqueles anos difíciles. Eles van moito por detrás desta recuperación.

No momento máis débil da economía, no ano 1993, a Xunta apostou polo impulso do emprego nun colectivo especialmente prexudicado pola parálise do crecemento do Estado: os mozos menores de trinta

anos. Quero salientar -non me deu tempo a recollelo no texto escrito- que hoxe chegamos á conclusión, coa comisaría Wulf-Mathies, que debemos entrar no pacto de emprego que ela propón, que suporá novos avances neste terreo.

A posta en marcha do Plan de emprego xuvenil (PEX), innovador en moitas das súas medidas, supuxo un esforzo de coordinación das medidas de fomento do emprego dirixidas ós máis novos sen precedentes en ningunha Comunidade Autónoma. Os seus resultados máis destacados falan de 140.000 mozos que participaron en actividades de formación de emprego, dos que 48.000 atoparon un posto de traballo; un de cada tres.

En formación profesional ocupacional, unha transferencia que conquerimos recentemente, a transferencia do Plan FIP -Fondo de Inserción Profesional-, permitiu pasar dos 200 millóns destinados no ano 1989 á formación ós cerca de 7.200 millóns do ano 1996, o que posibilitou a posta en marcha de medidas encamiñadas a mellorar substancialmente a calidade da formación e a avaliación dos resultados en termos de inserción laboral e de competencia profesional.

Neste sentido, teño que destaca-la posta en marcha definitiva, no próximo mes de xaneiro, do Servizo Galego de Colocación -quero felicitar por isto, polo moito que traballou, á conselleira de Familia e Xuventude-, para o que xa están asinados os convenios con máis de 150 empresas e centros colaboradores. O Servizo -do que non hai máis que catro equivalentes noutras comunidades, comezou por Cataluña, onde estudiamos abondo o seu modelo-, como axencia pública de colocación, garantirá a transparencia do mercado laboral evitando a súa atomización, e permitirá o mantemento dos criterios de gratuidade e universalidade, permitindo unha intermediación laboral áxil e eficaz para as empresas e para os traballadores.

A inmediata -e saliento que xa está convocada a primeira Comisión Mixta en relación co INEM- transferencia á Comunidade Autónoma do resto das políticas activas de emprego -intermediación, escolas-taller e casa de oficios, políticas de apoio á contratación-, repito o de inmediata, vai permitir que se faga efectiva a Administración Única nesta importante área, po-

ñendo en marcha un Plan integrado de formación e emprego xa definido, no que se redistribuirán os importantes efectivos humanos e materiais nunha liña continua de formación, orientación, colocación, promoción de emprego e autoemprego e prospectiva laboral.

Galicia 1997.

Faise agora preciso, mirando para adiante, unha reflexión sobre o que queda por facer, que certamente é moito. E, sobre todo, as bases estratéxicas dese que-facer. A esta reflexión dedicarei os próximos minutos.

En primeiro lugar, Galicia aborda un novo período no que as esixencias de competitividade a escala planetaria deben se-lo fío conductor da nosa política económica. Mais, por outra banda, a prioridade do emprego será un ingrediente substancial da nosa política económica. O concilia-las dúas esixencias será un gran exercicio de equidade política, mentres o mercado deberá encargarse -dentro da ordenación pública xeral da economía- de impulsa-las novas esixencias de globalización e internacionalización da economía. Por certo, chamo a atención dos que se apresuraron a dicir que o novo Goberno de España, en parte pola nosa filosofía, ía favorecer só uns sectores. Vexan quen está a asina-los convenios e quen os rexeita.

De aí, que o novo período -iso é verdade e a quen lle doa que ría-, no que ademais se revisarán os fundamentos da política rexional comunitaria, deberá caracterizarse polo aproveitamento máximo de tódalas nosas potencialidades aínda inexploradas. Refírome -falei disto esta mañá- a un importante coloquio que coroa tódolos celebrados pola Comisaría de Política Rexional, que tivo lugar en Santiago, para todo o arco atlántico. Refírome, moi en particular, ó aproveitamento da fachada e hinterland marítimo-portuario e ás opcións investidoras do comercio con Portugal. A transferencia dos portos de interese xeral e as novas opcións que ofrecerá a ordenación do espazo europeo atlántico serán, en consecuencia, novos retos para abordar dende a nosa Autonomía.

Será, polo tanto, un futuro no que tras consolidar accións infraestruturais xa iniciadas -en gran parte consolidadas-, se avance a maior velocidade nunha política industrial activa -¿quen podía investir sen

gas, sen comunicacións?-, dedicando os recursos financeiros posibles e cunha mellor coordinación coa Administración xeral do Estado, comprensiva e amiga. A quen lle doa, el saberá por qué.

En relación con esta nova política industrial, e sen prexuízo das conclusións da Comisión parlamentaria nestas materias, a Xunta ten pensado afondar nunha política industrial activa axeitada á nosa realidade e ás nosas potencialidades. Unha política industrial que terá como obxectivo a eficacia productiva. Investir alí onde -e só onde- se espere unha resposta solvente en termos de creación de empresas viables e outras veces de mantemento do tecido productivo existente, aínda co risco de incorrer en custos sociais e políticos ó ter que desistir doutras propostas de atención á crise.

En canto ó ámbito sectorial das actuacións, xerarquízanse os apoios en función do grao de vinculación/integración das actividades productivas dentro da economía rexional.

Optaremos por concreta-las accións en programas clave, sabendo os sacrificios que iso comporta en termos de votos -pero nós non estamos aquí para iso senón para servir a Galicia-, tendo claro que é fundamental reforza-los sectores competitivos.

Como se ve, considerámo-la empresa industrial como clave de desenvolvemento nos próximos anos. Sen crecemento industrial non pode producirse un crecemento equilibrado dos servizos, hoxe en pleno auxe, especialmente o dos denominados "avanzados", aínda que tampouco o de boa parte dos tradicionais.

En canto a ámbitos empresariais susceptibles de admitir apoio público, imos apoiar-los sectores modernos ben desenvolvidos, con industrias de dimensión conveniente e capacidade para competir nos mercados internacionais. A título de exemplo: industria do taboleiro, industria agroalimentaria, elaborados da pesca, precociñados e industrias do conxelado, confección masiva, automoción e industria auxiliar. E non excluímos a ninguén, poño exemplos.

Dixen en varias intervencións públicas que se a primeira lexislatura foi a das infraestruturas, a segunda ía se-la da promoción económica. E é certo que se deron pasos importantes na concreción desa vontade, tanto na área da promoción horizontal (IGAPE,

SODIGA, INESGA, BIC) -artellamento, por certo, que algúns non acreditaban e que agora outros toman como modelo- como no ámbito sectorial, se ben coas limitacións orzamentarias de rigor.

Ás dificultades intrínsecas de perfecciona-lo que hai, engádense agora as restricións dun escenario económico imposto pola necesidade de converxencia coa UE -e pensen nos problemas que hai en Alemaña e en Francia, pero nós ímolos desafiar- que impedirá calquera mellora na actuación pública pola vía do incrementalismo no gasto sen discriminación.

Camiño difícil, camiño longo, desde logo, pero que merece a pena profundar con ilusión renovada, como nós temos.

Os dilemas do financiamento autonómico.

Estes últimos meses, como era lóxico, este foi un dos grandes factores do debate político levado dun modo particularmente contradictorio, como era inevitable dadas as posicións previas.

O Partido Socialista nunca foi, nin será, un partido comprometido de verdade coa autonomía. Non pode selo, porque os seus mesmos principios o levan ó centralismo, ó intervencionismo, a poñer-la clase por riba da pertenza e da tradición -xa responderán, señores, esta tarde, teñen un brillante expositor para isto-, e, en último extremo, ó internacionalismo abstracto, por riba das realidades sociais e da lealdade á propia tradición: ¿ou non foron eles os que inventaron “A Internacional”?

Pero, ó mesmo tempo, como o seu oportunismo os levou a intentalo todo para se manteren no poder, cando perderon a maioría absoluta e con ela a súa prepotencia sen límites -que non usaron para ben gobernar senón para cometer toda clase de abusos, de agravios comparativos e para incorrer en toda clase de corrupcións-, eles foron os que abriron o queixo dos pactos con partidos nacionalistas -cos que non compartían ningunha idea, nin sobre a sociedade nin sobre o Estado- para iniciar-la atribución do famoso 15% do I.R.P.F., que ningunha comunidade socialista impugnou; Galicia foi a única que si o fixo.

Agora queren dictárno-lo que temos que dicir e recorrer, e, por suposto, encantaríalles que, dun xeito ou

doutro, fose imposible establecer un pacto de gobernabilidade que dese estabilidade ó país e a posibilidade de aborda-los múltiples problemas pendentes.

A xestión socialista do financiamento autonómico foi un desastre, en particular para Galicia a distribución dos fondos europeos, e non digámo-los fondos de compensación interterritorial, institución creada pola Constitución, que leva cinco anos bloqueada e nunca cumpriu a súa función de nivelar dalgún modo os ingresos das rexións máis desenvolvidas coas que o están menos. E agora queren que nós, que imos recibir máis diñeiro, moito máis, e imos dar pasos -agradezo a coincidencia, algunha vez tiña que ser- cara a unha verdadeira autonomía, con responsabilidade, lles fagamos caso na súa desesperada e derrotista actitude.

En canto ó BNG, era hora de que se decatase de que os seus xogos de palabras sobre a forma de Estado nada teñen que ver coa realidade. Galicia necesita tanto da participación xeral nos ingresos do Estado coma dunha caixa única da Seguridade Social, e o demais son contos. O que lles pode convir ás comunidades máis ricas é unha cousa, pero as vellas parruchas sobre a explotación financeira de Galicia non resisten hoxe a menor análise. Por iso, votamos favorablemente no Consello de Política Fiscal e Financeira o novo modelo de financiamento para o próximo quinquenio, xa que o novo sistema avanza simultaneamente nos principios de corresponsabilidade e de solidariedade, pezas clave das demandas defendidas pola Xunta de Galicia, non só na negociación deste novo modelo, que cambiou desde que nós intervimos sobre os primeiros acordos, senón dende o ano 1986.

Non cabe dúbida de que calquera modelo de financiamento que se aprobase, incluído este, pode ser mellorado, e neste caso en concreto créanse dous grupos de traballo que van seguir afrontando unha cuestión tan fundamental para as autonomías, como é o seu modelo de financiamento.

Aínda conscientes -repito- de que o modelo é perfectible, insisto na valoración positiva do mesmo. O sistema para o próximo quinquenio supón a introdución, por primeira vez, da corresponsabilidade fiscal das comunidades autónomas, mediante a cesión dun

30% do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF), con capacidade normativa sobre el. Ó tempo atribúese capacidade normativa sobre os impostos cedidos, completando desta maneira as competencias de xestión que xa se viñan exercendo.

Cando afirmo que é a primeira vez que se introduce o principio de coresponsabilidade no modelo de financiamento, dígoo conscientemente, porque seguimos mantendo que a participación do 15% do IRPF, acordado en 1993, non supoñía ningún avance na coresponsabilidade, xa que o modelo naquel momento non lles outorgaba ás comunidades autónomas capacidade normativa nin de xestión sobre o dito tramo do IRPF. Era sinxelamente outra forma de distribuí-los recursos. Ese modelo foi recorrido no seu momento pola Xunta de Galicia, e só pola Xunta de Galicia -algúns agora berran, entón non recorreron-, que entendía que non se profundaba na coresponsabilidade nin se establecían mecanismos de solidariedade nin se utilizaban os procedementos adecuados pola lei de presupostos, non como agora, cunha reforma da LOFCA. Este recurso foi retirado posteriormente, ó entender que o modelo que se estaba presentando para o próximo quinquenio nada tiña que ver co 15%, e, por outra parte, porque era un modelo esgotado, xa que a súa aprobación en 1993 se fixo de forma experimental para dous anos, prorrogándose despois un ano máis. Pero deixando á marxe o 15%, e volvendo ó novo modelo aprobado o 23 de setembro, entendemos que supón un cambio cualitativo moi importante, pois, como xa dixen, a coresponsabilidade e a solidariedade avanza simultaneamente.

Polo que se refire a outro gran principio que debe presidir un sistema de financiamento, a suficiencia, a Xunta entendía que mentres non existía un estudo sobre o custo de prestar servicios, debía manterse inalterable o actual patrón distributivo, como finalmente ocorreu, ó manterse a mesmas variables e as ponderacións destas existentes no modelo que agora termina.

Sen embargo, e para que ese patrón distributivo non se deteriore, aprobouse, de acordo coas suxestións presentadas dende a Xunta de Galicia, que o ritmo de evolución no tramo procedente da participación nos ingresos do Estado (PIE) medrase, tendo como índice os ingresos tributarios do Estado axustados

estructuralmente (ITAE). Pero o modelo vai máis aló e introduce determinadas garantías para que este patrón distributivo non se altere pola aplicación da coresponsabilidade. Así, entre outras cuestións, garáteselle a cada Comunidade Autónoma que o crecemento dos seus recursos non será inferior ó 90% do incremento medio que experimenten os recursos do conxunto das comunidades autónomas. Este é un modelo non só aceptable senón que vai dar nos próximos cinco anos, segundo os nosos cálculos, 50.000 millóns máis de pesetas para Galicia.

Ó comezo da miña intervención sinalaba que o modelo avanzaba simultaneamente na coresponsabilidade, á que xa me referín, e na solidariedade. En relación con este tema cabe destacar que a nivelación de servicios, pendente desde hai anos, seguírase analizando no seo dun grupo de traballo creado para este fin. Sen embargo, o acordo prevé xa un fondo de 10.000 millóns de pesetas que se consignarán nos orzamentos xerais do Estado para o próximo ano. Ademais, e atendendo xa á solidariedade interrexional e non á persoal, existe un compromiso do Goberno de desconxela-lo Fondo de Compensación Interterritorial, que ten a súa contía inalterada desde hai cinco anos.

Señorías, o novo modelo supón avances importantes. Ábrese o camiño da autonomía financeira, sen a que non existe autonomía política. A entrega da capacidade recadatoria sobre un 30% da tarifa do IRPF, outorgando competencia normativa sobre o citado tramo, ó tempo que se profunda na presenza na Axencia Estatal Tributaria para garantir unha participación adecuada na xestión dos tributos e a capacidade normativa que se outorga sobre os tributos cedidos, supoñen dar un paso importante. A miña insistencia nas competencias normativas responde ó convencemento de que son estas competencias as verdadeiramente definitivas da autonomía, porque só dispoñen de coresponsabilidade os que poden incidir sobre os cidadáns fiscalmente como expresión dunha política determinada de distribuí-las cargas tributarias. Pero, o que é máis importante, este avance deuse sen deixar de lado a necesaria solidariedade que todo modelo debe conter.

A CONFORMACIÓN XURIDÍCA DA SOCIEDADE.

Durante a III e a IV lexislatura, ata este momento, foron aprobadas por esta Cámara 63 leis e encóntranse en tramitación nove proxectos de lei máis, que previsiblemente serán aprobados antes de que remate esta lexislatura. Están a punto de chegar algúns tan importantes como a Lei de Administración local e outras.

Incidimos xa sobre tódolos campos. O obxectivo foi crear un corpus xurídico que guíase a transformación da sociedade, a articulación do territorio, o desenvolvemento económico, a protección do medio ambiente e outras cuestións fundamentais. Leis básicas para o noso futuro, como a ordenación do territorio, estradas ou a de próxima aprobación sobre o solo, no ámbito da vertebración e articulación de Galicia. As de investigación científica e técnica, desenvolvemento comarcal, IGAPE, Consello Económico e Social, artesanía, actividades feirais e caixas de aforro, na área de desenvolvemento económico. As do Instituto Lácteo, pesca fluvial, cámaras agrarias, na agricultura. A Lei básica de pesca, a de confrarías ou a de infraccións, no sector pesqueiro. A Lei de drogas e saúde mental na área sanitaria. As leis de servizos sociais e de integración social como instrumentos de solidariedade; e a de protección da familia e da infancia, en defensa da nosa sociedade. A defensa da nosa cultura e da nosa lingua a través das leis do patrimonio cultural, lei do audiovisual, de protección do Camiño de Santiago e coñecemento do noso idioma para o acceso á función pública. As leis de protección ambiental ou a do imposto de contaminación atmosférica, en defensa do noso hábitat. A mellora da nosa Administración: Consello Consultivo, adaptación da Lei da función pública, réxime financeiro e orzamentario; incompatibilidades; a especialización da nosa Administración institucional: portos, Administración hidráulica. E as normas relativas á Administración local: coordinación de policía locais, Academia Galega de Seguridade. E o proxecto aprobado polo Consello, de inmediata entrada nesta Cámara, como dicía, como a Lei da Administración local de Galicia -que é un verdadeiro monumento xurídico-, constitúen exemplos concretos dunha intensa acción lexislativa.

RELACIÓNS CO GOBERNO CENTRAL.

Recentemente tiven a honra de visitar nun espazo curto de tempo ó presidente do Goberno e a tódolos

ministros. Algún fixo comentarios irónicos sobre isto, a ver se é capaz de facelo cando chegue, se chega, ó Goberno. Nesas entrevistas presentéille polo miúdo os temas de especial interese para Galicia que esixen a intervención do Goberno central, ben a través de actuacións directas, ben como intermediario ante o Executivo comunitario de Bruxelas ou ben para concretar áreas de colaboración mutua. Nestas entrevistas, así como na documentación voluminosa que se lle entregou a cada ministro, están tódolos temas que interesan a Galicia: autovías, ferrocarril, financiamento, cota láctea, fragatas, medio ambiente, transferencias, e decenas e decenas de asuntos concretos que, ó resolverse, mellorarán a nosa autonomía, a nosa competitividade, a nosa suficiencia financeira ou os mecanismos de solidariedade.

Fronte a aqueles que cualificaron a nosa viaxe de gratuíta ou inútil, non quero responder nos mesmos termos. Abóndame cos feitos. Despois da miña viaxe saíron a licitación os 52,5Kms de Pedrafita que esixiron -en momentos de crise orzamentaria- o compromiso de investimento inmediato de case 100.000 millóns de pesetas; a inclusión das famosas catro fragatas nos orzamentos do Ministerio de Defensa e Industria, que foi a fórmula estudada; un bo acordo de financiamento para Galicia; unha vontade política do Ministerio de Agricultura -e quero dicir iso hoxe con especial simpatía para os que se desprazan a Madrid- de loitar pola ampliación da cota láctea de España e, en concreto, da de Galicia. É un obxectivo irrenunciable para o Goberno galego logra-la ampliación a 2.000.000 de TMS e conseguir que se minimicen ó máximo as sancións por exceso de cota láctea na última campaña, pero teño na miña man o estudio do Consello Europeo para suprimi-las cotas que supoñera poñermos a nivel dos prezos internacionais, moito máis baixos. Son feitos e non palabras.

A reunión, durante o mes de outubro, da Ponencia técnica da Comisión Mixta de Transferencias para facer efectivo o traspaso das políticas activas de emprego. A consignación no Proxecto de orzamentos de 1997 de 72.257 millóns para as autovías como anualidade deste ano, dentro do custo total de 304.4000 millóns de pesetas. A consignación de anualidade en 1997 da conexión do porto da Coruña, a Ronda Norte de Lugo, cun investimento conxunto de 3.812 millóns de pesetas; as redes arteriais da Coruña, Santiago,

Ferrol, Vigo e a variante da Estrada, cun investimento total de 22.488 millóns e unha anualidade en 1997 de 6.593 millóns; o encargo dos estudos previos para a conclusión en Galicia da autovía do Cantábrico, un dos nosos obxectivos prioritarios -en concreto os tramos Otur-Vegadeo-conexión autovía Noroeste-; así como o da autoestrada Santiago-Ourense, a variante norte de Ourense, a conexión Fene-Neda-Ferrol e o acceso centro de Ourense, constitúen outros tantos exemplos de que a actitude do Goberno central para con Galicia cambiou. Hoxe podemos dicir, respaldados polos orzamentos xerais do Estado, nos que somos de tódalas comunidades do Estado a cuarta en investimentos, que en Madrid temos un Goberno amigo que quere a Galicia e que está disposto a corrixir máis dunha inxustiza histórica coa nosa terra.

E remato, señor presidente, señorías, pido de novo desculpas pola inevitable lonxitude do meu discurso.

Conclusión.

Chega o momento de pecha-la miña intervención. Foi extensa e intensa, e a través dela intentei visualizar e facer presente un labor de Goberno que se desenvolveu ó longo de case sete anos, sen esquecer-lo pasado inmediato e o próximo presente.

Contribuímos con tódalas nosas forzas e enerxías ó que é, indubidablemente, un cambio sociolóxico, cultural e económico da nosa terra. A Galicia actual xa non ten complexos e vai superando as súas contradicións.

Xa non somos un país de emigración. Existe un futuro en Galicia para os nosos fillos.

A nosa lingua é entendida polo 96% da poboación e falada polo 90%, porcentaxes superiores ás de Cataluña e o País Vasco. Só nos supera Cataluña no índice de lectura e escritura, cun 49% fronte ó 35%. Sómo-la comunidade histórica que máis incrementou a produción bibliográfica en lingua propia.

As nosas teses, xa expostas neste Parlamento, están contribuíndo decisivamente á consolidación do Estado das Autonomías. O Goberno anterior encargara, e pagara bastante caro, o estudo demostrando a súa inconstitucionalidade. A Administración única non só está aceptada intelectualmente como un instru-

mento eficaz de mellora do Estado autonómico senón que recibiu o respaldo lexislativo no Proxecto de lei de organización e funcionamento da Administración do Estado que se debate actualmente nas Cortes Xerais.

As liñas básicas sobre a reforma do Senado que debatemos e aprobamos nesta Cámara nun debate similar a este, constitúen xa un punto de encontro entre as distintas forzas políticas.

A presenza das comunidades autónomas en Bruxelas foi reforzada e estamos loitando nas organizacións rexionais europeas, e singularmente no Comité das Rexións -hoxe mesmo téde-lo exemplo de Santiago-, para ir asentando paso a paso a Europa das rexións, especialmente con aquelas rexións que lle interesan especialmente a Galicia: o arco atlántico e a comunidade de rexións periféricas e marítimas

Galicia é coñecida e respectada no exterior. Logramos un alto grao de entendemento e colaboración coa rexión norte de Portugal. Elimináronse moitas barreiras físicas, abríronse novas vías de comunicación e estase colaborando en tódolos terreos, especialmente no económico, medioambiental e cultural.

No plano interior temos ante nós un reto histórico: completa-la transformación da nosa terra facendo dela ela mesma. Pero debemos facelo cumprindo asemade as esixencias de Europa, non porque sexan imposicións externas senón porque son precisas e necesarias para lograr un progreso sólido e estable. Desgraciadamente, este é un paso que ten que darse coa velocidade que é posible historicamente. A riqueza pública, como a privada, é limitada; imprimir billetes non a crea senón que produce inflación, na cal, como é sabido, os prezos soben polo ascensor mentres que os salarios só ascenden pola escaleira. O diñeiro mal administrado non aparece para o investimento e a creación de capital e de postos de traballo.

Non se trata, pois, de imposicións europeas senón de recoñecemento de que todos temos que volver ó sentido común e á boa administración. Esta esixe a fixación de prioridades, porque non se pode facer todo ó mesmo tempo; como tamén unha selección de obxectivos, porque non se pode facer unha pista asfaltada a cada casa, nin, por certo, sería bo. A chamada civilización de consumo, apoiada en xigantescos méto-

dos publicitarios, pode facernos crer que podemos telo todo agora e que xa pagaremos máis adiante. Nada máis alioe á realidade; e nas familias que saen adiante ben sabedes que se aplican os principios contrarios.

Hoxe non falamos de palabras contra palabras; véxase en qué remataron os soños da vella URSS e de toda a Europa Oriental; en todos eles o sistema de levalo todo o sector público produciu menos riqueza, máis desigualdade e a destrución dramática das liberdades. As sociedades que se basearon nos principios que propugnamos foron, en cambio, non perfectas, pero si máis ricas, máis humanas, máis libres, máis eficientes.

Isto é perfectamente compatible cunha política social que busque a igualdade de oportunidades, pero facendo ben as contas. Unha matrícula nun centro de ensino superior debe custalo que realmente supón de gasto unha praza de estudante; ó mesmo tempo pódense arbitrar bolsas para os estudantes de familias que non poidan pagar esa matrícula; o que non se pode dicir é que as matrículas sexan gratuítas ou por debaixo do seu custo real.

Se falamos de sanidade, é claro que debe existir un sistema de servizos capaz de atender a toda a poboación; o problema non está aí senón no mellor método para xestionalo. Os investimentos nun material cada vez máis custoso deben xestionarse como os de calquera empresa; o consumo de medicamentos debe ser estipulado nos casos nos que están indicados, e, polo contrario, restrinxilo nos que non o están, polos que os deben prescribir. Coñezo un gran médico que di que o que non está indicado está contraindicado. As camas hospitalarias deben ser utilizadas sen espera por aqueles que as necesitan, e non para resolver os problemas dunha familia que desexa facer unha viaxe, ingresando un membro de idade avanzada, o que é unha vergoña. E así sucesivamente.

Trátase, en definitiva, de asentármonos firmemente no sentido común, na austeridade, na loita para evitar que os impostos se leven a maior parte do noso diñeiro sen que saibamos para qué serve o noso esforzo.

Durante moito tempo, certos políticos, autoproclamándose progresistas, presentáronse baixo o lema do bandido xeneroso, que lles quitaba ós ricos para dár-llelo ós pobres; hoxe xa ninguén pode crer esta papa-

rrucha e todos pagamos impostos para soste enormes sistemas que, en moitos casos, non están sometidos, como os grupos privados, a presentar contas de perdas e ganancias. Os buracos demostrados -salientoo, demostrados- na liquidación dos orzamentos dos últimos anos revélannos ónde poden chega-los abusos. Cada vez que alguén pide unha solución política, é dicir, que algo sexa pagado por unha Administración pública, está pedindo que a súa débeda sexa pagada polos demais; o cal só pode estar xustificado en situacións excepcionais, como as catástrofes naturais.

En resumo, señor presidente, señorías, solidariedade, equidade e desenvolvemento económico e cultural son posibles, e por logralos imos loitar sen desmaio. Precisamos enerxía, sentido común, asentar fortemente os pés sobre a terra e traballar todos, na medida do posible e desde as nosas posicións, nun obxectivo común.

Neste sentido, ante esta Cámara reitero de novo a nosa vontade de diálogo. Sempre atoparemos un punto de encontro, e Galicia, a nosa Galicia, agradecerá-nolo. A ela llo ofrecemos.

Dixen.

(Aplausos nos escanos do G.P. Popular de Galicia).

O señor PRESIDENTE: A sesión reiniciarase ás dezasete horas. Ata entón, suspéndese a sesión.

Suspéndese a sesión á unha e vinte minutos da tarde e reiniciase a sesión ás cinco e cinco minutos da tarde.

Preside o presidente do Parlamento, acompañado do vicesecretario da Mesa, que é asistida polo letrado señor Caride Puente.

Ocupa o banco co Goberno o presidente da Xunta de Galicia, acompañado dos conselleiros da Presidencia e Administración Pública; de Economía e Facenda; de Educación e Ordenación Universitaria; de Industria e Comercio; de Agricultura, Gandería e Montes; de Cultura e Comunicación Social; de Sanidade e Servizos Sociais; de Pesca, Marisqueo e Acuicultura; de

Xustiza, Interior e Relacións Laborais; e a conselleira de Familia, Muller e Xuventude.

O señor PRESIDENTE: Corresponde agora a rolda de intervención dos grupos parlamentarios sobre o debate iniciado esta mañá.

En primeiro lugar, ten a palabra o voceiro do Grupo Parlamentario do BNG, señor Beiras Torrado.

O señor BEIRAS TORRADO: Señor presidente, señorías, hai agora un ano por estas mesmas datas -o día 10 de outubro, para sermos exactos-, o presidente da Xunta, Manuel Fraga Iribarne, no debate do estado da Autonomía galega exercía de profeta -no canto de estadista- e pronosticaba un inminente triunfo esmagador do PP nas eleccións ás Cortes do Estado, co que Galicia pasaría unha crucial folla da historia e entraría nunha nova fase -esplendorosa e portentosa- da súa andaina económica, social, cultural e política.

Eu retrucáralle daquela retranqueiramente, desde esta mesma tribuna, dicíndolle que me defraudaba por completo que el mesmo se autodesqualificase ata tal extremo que cifrase en quen gobernase no Estado a posible eficacia do seu labor de Goberno na Xunta de Galicia, e que viñese recoñecer así que a súa chegada ó poder aquí, en 1989, non abría ningunha fase próspera da Autonomía galega nin farrapos de gaitas. Ou sexa, que só se gobernase Aznar en Madrid valería Fraga para algo ou podería facer calquera cousa a prol da prosperidade dos cidadáns galegos, co cal vostede, señor Fraga, e os seus conselleiros, estaban de sobra.

Pois nin iso sequera. Decididamente vostede, señor Fraga, é especialista en cuspirlle ó ceo cara barlovento, cousa que calquera mariñeiro sabe que é unha estupidez; e xa non só porque constitúe unha soberbia provocación ás esferas celestiais senón simplemente porque, de inmediato, o vento devólvelle o cuspe e esmálgalo na faciana. A vostede pásalle iso recorrenemente. Pero non escarmenta. Pola contra, recunha. Hai exemplos a oito na súa biografía política pasada e presente. Estragou en tempos unha enerxía fabulosa en combater durante longos anos de franquismo ó sedicioso Castelao -rojo separatista, diciase-, para acabar co tempo oficiando de falso penitente axeonllado ó pé do Sartego de Castelao en Bonaval. Non leu *Un ollo de vidro*, ou non o entendeu, por iso non sente as

gargalladas do Daniel ecoar por riba de vostede baixo as bóvedas góticas daquel recinto sagro. Arremete de ministro de Propaganda -de Información chamábase, por un sarcasmo- contra o Opus polo affaire MATE-SA, e acaba á volta dos anos secuestrado polo Opus no PP e na trama do poder da Xunta e arredores. Ameaza por escrito, tamén cando era ministro, a editores cataláns con volver invadir Cataluña -"Yo mismo cogeré el mosquetón", escribira vostede e está actualmente publicado, como *Johnny cogió su fusil*-, e co tempo acaba aplaudindo a Josep María Aznar por aprende-lo catalán de Jordi Pujol. Exerce de Zeus tronitronante, aldraxando co cualificativo de Goberno malnacido o que presidira don Fernando González Laxe, só porque nacera dunha moción de censura constitucionalmente lexítima, e acaba vostede parindo por Galicia adiante gobernos municipais malnacidos en Maceda, Vilariño de Conso ou Redondela, pagando esmola a tráfugas perralleiros. Proclama a barlovento que non se presentará de candidato a unha terceira lexislatura e acaba o vento devolvéndolle o cuspe da proclamación cando se retracta e di que se vai presentar outra volta. E conste que nós alegrámonos, porque, como xa teño dito, dese xeito a derrota do PP non terá escusa.

Mais volvamos á súa profecía de hai un ano. O que ía ser un triunfo esmagador do PP de Aznar, con maioría absoluta, real ou virtual nas Cortes, ficou en minoría maioritaria con a penas trescentos mil votos de vantaxe nun Estado de 40 millóns de habitantes, sobre un partido queimado en case tres lustros de gobernos reincidentes en erros garrafais que o ían afastando progresivamente das súas bases sociais e cidadás máis xenuínas e maioritarias: traballadores e clases medias. Un partido lixado e desprestixiado por sucesivos escándalos de corrupción na xestión pública e na administración do poder. Un partido e un Goberno con membros seus incurso en procesos penais por imputación de delitos políticos -vostede di que non o son- contra dereitos e liberdades constitucionais que chegaban a atinxi-la mesma cúpula do poder executivo, e desbarbolado polas vagas dun trebón que transcendía e transgredía as súas propias regras de xogo da famosa alternancia, que ameazaba de naufraxio as estruturas flotantes do propio réxime político establecido, e no que todo o PP, desde Aznar abaixo, facían surf de xeito tan insensato e irresponsable como fraudulento e carente de programa político alternativo.

Eu dixera xa, daquela, e reitéroo hoxe, que a dereita reaccionaria que vostedes representan tiña a súas raíces históricas en Fernando VII “El deseado” -cualificado, por certo, de felón en versos inéditos de Valle Inclán que eu lera manuscritos hai trinta anos-, e que esa dereita, en congruencia con esa súa orixe, nin poñéndollas precisamente como a Fernando VII era quen de gañar unha batalla política con claridade, xa non digo con limpeza. De xeito que, ó día seguinte das eleccións de marzo, nos cuarteis xerais do PP, no canto de festa rachada había ambiente de velorio, con Aznar esfumado durante días e mesmo cun inequívoco cheiro a defunto que chegaba á madrileña calle Génova no ar das baixas presións *procedentes del noroeste*, como o *fresco general* do famoso parte político -meteorolóxico do franquismo. Eran os efluvios do cadáver político dun ex-home de Estado que disque fora un peso pesado nese mester e que supetamente levitaba coa proverbial ingravidez das substancias volátiles que desprende toda materia orgánica en proceso de descomposición.

O resultado das eleccións de marzo abriu o calendario da Coresma para os cofrades do PP, que tiveron que vesti-los hábitos de flaxelantes, faceren durante dous meses interminables unha dura e humillante penitencia perante un tribunal do Santo Oficio presidido por quen eles furiosamente atacaran, e ata aldraxaran e difamaran, durante os dous anos precedentes, e que agora tiña nas súas mans as chaves da porta ou das portas do ceo da maioría parlamentaria nas Cortes e, xa que logo, da investidura de Aznar no poder Executivo, no Goberno do Estado: don Jordi Pujol; reencarnación, se cadra, daquel famoso *don Jorgito el inglés* do século pasado, viaxeiro propagandista da “herexía” protestante e autor do libro *La biblia en España*. Pujol fíxolles xurar ou promete-la súa biblia política e económica a Aznar e compañeiros de infortunio. Fíxolles renegar e abxurar de tódolos dogmas nos que vostedes, os do PP, basearan a súa furibunda e vociferante campaña de caza de bruxas, persecución de herexes e cismáticos: o cisma do occidente galego, o cisma do oriente catalán, o cisma septentrional vasco... Pujol fíxolles retractarse das súas proclamacións neofascistas da *España una, grande y libre*, das súas condenas e recursos contra a cesión do IRPF: non querían vostedes o 15%, agora vanme da-lo 30%. Pujol aplicoulles a vostedes, impertérrito, o coñecido dito popular galego: “Non queres caldo, toma sete

cuncas”. E, de súpeto, Aznar falaba catalán na casa coa súa Botella; Aznar asumía a autodeterminación -só de Cataluña, iso si-; Aznar proclamaba que o Estado español era plurinacional, composto por España, Cataluña e Euskadi -Galicia non, claro-; Aznar estaba disposto a facer seu e aplica-lo modelo de financiamento das autonomías que Pujol lle puxese á firma -confeccionado, naturalmente, á medida dos intereses cataláns-; Aznar estaba disposto ó que fixese falta, que ó cabo tampouco era moito: uns cantos ¡arrenégote demo! en cuestións como as que acabo de indicar, mais nada grave para os intereses materiais, porque aí todos eran de dereitas máis ou menos duras, e nos intereses desa dereita todos ían coincidir fronte os obreiros, fronte os mariñeiros, fronte os labregos, fronte os autónomos, fronte o extenso empresariado cativo, fronte a mocidade sen traballo, fronte os vellos pensionistas, ou sexa, fronte os servos, os súbditos e a chusma, en fin.

E a todo isto, ¿e Galicia?, ¿e Fraga? ¡Sen problemas! Fraga, o vello presidente fundador de AP primeiro, e do PP despois, pasaría manseliñamente do eclipse total no que xa estaba na política do Estado á defunción -política tamén, claro- definitiva. E pois que Fraga sempre negara que Galicia fose unha nación, senón simplemente unha rexión como Extremadura ou La Rioja, non cumpría contar con Galicia na conversión aznarista ás teses de autodeterminación dos pobos, do recoñecemento das nacionalidades catalana e vasca e da configuración do famoso Estado plurinacional español. Pois que Fraga dixera millenta veces que estaba de presidente da Xunta de Galicia para servir a España, qué mellor ocasión de cumprir ese compromiso que ofrecer Galicia como vítima propiciatoria, como ovella -ou vaca, mellor dito- inmolada, sacrificada no altar dos pactos Aznar-Pujol, ou PP-CIU, para a gobernabilidade e o supremo ben de España e Cataluña. Pois que os galegos votaban, adoraban e ata idolatraban maioritariamente a Fraga, ían sentirse escravos felices, moi felices, de sacrificárense unha vez máis a prol da salvación de España e dos sagrados intereses filantrópicos de La Caixa-Repsol-Telefónica e o botín de Botín, como xa dixeran este verán perante vinte mil cidadáns galegos que acugularon a Praza da Quintana convocados polo Bloque o Día da patria galega. En compensación, agora ían ter un “goberno amigo”. Amistades perigosas. *Les liaisons dangereuses*, de Choderlos de

Laclos, ¿non si?; a novela do XVIII francés que retrata os libertinos.

A Fraga non había que darlle nada, sempre fora moi desinteresado. Tampouco había que pedirlle gran cousa, só esa minucia de retirar-lo recurso interposto no Tribunal Constitucional polo lero do IRPF -¡manías de vello!- e subsana-lo lapsus mental que cometera comprometéndose perante os electores e a opinión pública a non presentarse máis de candidato á Presidencia da Xunta, porque dúas lexislaturas xa eran máis que abondo -mira ti qué precipitación tan inoportuna-, e anunciarlles agora que tivera un trasacordo, decatárase de que estaba ás portas a fin do milenio e acordara que tiña que conducir Galicia á entrada no século XXI, que el non era Moisés senón o mismísimo deus Cronos. E logo, a recibilo respecto póstumo e a escoita-las ladaíñas e mencións de indulxencias que se lles ofrecen ós defuntiños para a outra vida, no alén dunha nova lexislatura sobrenatural. As indulxencias das inexistentes autovías de sempre, da seca do leite coas cotas lácteas de sempre, da area do deserto no banco sahariano de sempre -agora con paro biolóxico incluído por mor do deserto, claro-, dos restos dalgun tren a vinte por hora para que os nenos de hoxe puidesen saber cómo se viaxaba cando era neno Fraga, e catro chirimboladas máis que non custarían case nada, menos aínda cás indulxencias no Corpiño. E listo, *requiescat in pace*, e a outra cousa.

E o presidente Fraga dixo “amén.” Mellor dito, non satisfeito con dicir amén quixo darlle especial solemnidade ó evento e revestilo holocausto de Galicia co resplandor alegórico das parábolas evanxélicas. E escolleu a parábola do fillo pródigo. Foise o presidente Fraga a Madrid, visitou a Aznar, bicoulle os pés, e logo saíu e díxolles ós xornalistas: “Viñen onda Aznar coma un fillo, a pedirlle afecto.” Nunca soube-mos se para el ou para a súa filla Galicia. E Aznar deulle afecto, en efecto, o que non lle deu foi nada para Galicia, que nada lle podía dar porque xa lles dera todo o que tiña na faltriqueira do Estado ós que lle estaban a dar a el os votos nas Cortes para investilo presidente do Goberno: Pujol e os seus, e mais tamén os canarios, que viñan de tan lonxe e había que pagárlle-las viaxes e que non retornasen de baluto.

E os galegos, atónitos. Incluso os que o votaran a vostede, señor Fraga. “¿E este é o home que tanto pe-

so político tiña?”, preguntábanse. ¿Este é o home ó que lle cabía o Estado na cabeza; o home que puxera a Aznar como unha criatura súa á fronte do PP do Estado para que fixese o que el lle mandase; o home que se viñera para Galicia para poñela en órbita e darlle peso en Madrid? ¿Este é o home que disque manexaba dende aquí o PP de Madrid cun mando a distancia, que disque a longa sombra de Fraga se proxectaba dende Raxoi no despacho de Aznar na calle Génova? ¿Que negra sombra esborrachou a longa sombra de Fraga? ¿Como é que Fraga non se vai a escape a Madrid a dicirlle a Aznar: “¡Déixate de macacadas, de tanto falar catalán, de tanto tocarlle a gaita a Pujol, e atende para acó, que o que tes que facer é o que lle convén a Galicia, que para algo eu son o presidente da Xunta, para algo te puxen onde estás, e agora tes que pagarme as facturas que me debes no canto de gasta-los cartos en irle comprar a ese fenicio de Pujol a moto que che quere vender. Ti verás a qué xogas, e como non fagas o que che eu digo, bótoche os meus galegos enriba e vaste acordar do día que naciches!

En vez diso, a boa xente que puxera a confianza en vostede, señor Fraga, que a hai, xente fraguista de boa fé, en vez diso -digo- esa xente vía atónita cómo o gran patrón desaparecía por completo do mapa político do Estado, precisamente cando se estaba a negociar-la investidura dun presidente do Goberno do PP, fillo político de Fraga. Vían, e non podían dar creto ós seus ollos, que para Galicia desaparecían totalmente do mapa do Estado, precisamente, a partir do momento en que, segundo dicían a Radio e a Televisión, o PP, precisamente o PP, acababa de gañar-las eleccións e ía gobernar en España. A súa xente non podía dar creto; resultaba agora que Fraga viña ser un home de palla do rato do mesmo nome e de Mariano Rajoy.

É ben certo que hai ocasións nas que unha falsa vitoria do adversario lle trae a un máis rendementos políticos que moitas conquistas propias gañadas con traballo e esforzo arreo.

O evidente fóra de xogo no que vostede, señor Fraga, quedou dende que precisamente os seus gañaron a maioría relativa nas Cortes, a evidencia dese fóra de xogo, así, de socato, fíxolle a vostede perder seguramente moito máis creto perante os cidadáns galegos que tódolos renuncios, que tódalas aduanadas e fracasos da súa Xunta nos últimos anos. E é que co

poder na man usado sen escrúpulos, pódese impedir que a xente saiba o que realmente pasa, o que se fai mal ou o que se deixa de facer. Cunha manipulación dos medios de comunicación como a que vostede practica en Galicia pódese impedir que a xente saiba a verdade, pódese mesmo converter en verdade a mentira, pódese silenciar ou alcuñar o adversario, pódese cometer impunemente a fraude política máis atroz. Máis a desaparición da escena, o *mutis polo foro*, non se pode ocultar. A desaparición resulta moito máis perceptible, moito máis evidentemente visible que calquera presenza. E vostede desapareceu, precisamente, daquel escenario político no que os seus votantes mellor o encaixaran sempre: o escenario político do Estado español.

A vostede botárono para a Xunta porque o consideraban home de Estado, porque vostede tivera presenza política en Madrid e porque os colonizados, a fin de contas, sempre pensan que só en Madrid se pode facer política para Galicia. Ademais, vostede seguiu a cultivar esa idea e esa mentalidade, utilizándoa, iso si, como coartada. A medida que pasaba o tempo e vostede non facía nada relevante na Xunta para resolver os problemas fundamentais de Galicia, vostede deu en lanzarlles ós galegos, empezando polos seus propios votantes, a mensaxe reiterada de que as cousas non se resolvían porque en Madrid gobernaba un partido que era inimigo seu, que lle tiña botado o mal de ollo.

Remitiu vostede os seus fracasos ó Goberno do Estado en Madrid; desprazaba a solución dos problemas na xeografía política e institucional, de Galicia a Madrid, da Xunta a un Goberno español hostil, porque era do PSOE. O paso seguinte que vostede deu foi desprazar os problemas no tempo, fuxir cara a adiante, remiti-los seus fracasos ó futuro, iso si, un futuro próximo presentado como esperanzador: o dun triunfo do PP na substitución dun goberno español hostil, o de González, por un goberno amigo, o de Aznar.

Mais vostede sabía, ou debía saber, que iso só sería verosímil se Aznar arrasaba nas eleccións e podía gobernar con maioría absoluta, sen pactos, compromisos nin hipotecas. Vostede deixouse intoxicar pola delirante propaganda do PP, deixouse arrastrar no rodopio da paranoia que levava a Aznar a presentarse ás

eleccións como se xa as tivese gañadas: “la nueva mayoría”. Por certo, que agora circula por aí algún *Caballero* que imita e segue nisto os mesmos pasos de Aznar e vostede, en versión doméstica galaica, e que vai acabar igual de mal como non rectifique a tempo. A petulancia é síntoma inequívoco de *mentecatez*.

O chasco foi brutal para Aznar, mais para vostede foi outra cousa peor, para vostede foi letal, foi politicamente mortal. A noite do 3 de marzo vostede soubo xa que non contaba para nada na nova situación política que se acababa de abrir no Estado. A investidura de Aznar estaba nas nubes e Pujol tiña as rendas dos pactos indispensables para a constitución dun Goberno do PP. Vostede fixo *mutis polo foro*, insisto, desapareceu da escena e os seus electores galegos deixaron de crer, de confiar en vostede. Ás poucas semanas das eleccións as enquisas dicían xa que se se celebrasen novas eleccións a esta Cámara non acadarían vostedes a maioría absoluta que vostede precisa como condición indispensable para ser presidente da Xunta, porque non ten aliados políticos posibles neste país.

Por riba, o BNG, o seu peor adversario, ese inimigo político que vostedes teimaron en buscar a mantenta coa teimudez insensata e soberbia que o caracteriza a vostede, acadara unha presenza nas Cortes que lles ía impedir a vostedes traizoar impunemente a Galicia na Cámara dos Deputados españois, como viñan facendo ata entón, sen que ningún grupo parlamentario propio de Galicia os puxese en evidencia. O xogo rematara, e mais o seu circo, e mais tamén a traxedia política da ausencia de Galicia na política do Estado; a traxedia da carencia dunha voz galega honesta e leal ó pobo e ós cidadáns galegos nas Cortes españolas.

¿Lémbrese vostede do que se cantaba na Cuba do seu admirado amigo Fidel?: “*Llego el comandante y mandó parar*”. Coa chegada do Bloque ás Cortes remataba o cachondeo. Aínda máis grave, o Bloque entraba en escena e empezaba a falar por Galicia coas voces rexias e as verbas veraces de Francisco Rodríguez e Guillermo Vázquez, xusto no intre en que vostede, Manuel Fraga Iribarne, facía *mutis polo foro* do escenario político do Estado. ¡*Demasié para el body!*

Nesta situación, a acción de Goberno da Xunta deixa de ter ningunha relevancia. Xa nunca lles preocupara moito a vostedes, que están no poder polo poder e non polas finalidades que xustifican e dotan de sentido o exercicio do poder en coordenadas democráticas do Goberno do pobo polo pobo, do poder para resolver os problemas prioritarios que os distintos sectores da cidadanía padecen. Mais agora, na nova situación, digo, nin sequera se ocupan nin pensan vostedes en accións de goberno. As preocupacións, os problemas apremiantes para vostedes, están noutra dimensión, céntranse na súa supervivencia como aparello do poder na Autonomía galega, e formulánselles de xeito dilemático en dúas cuestións claves: o liderato e o calendario electoral.

O liderato, primeiro. Por moi paradoxal que semelle e por moi escandaloso que lles poida soar a vostedes, hoxe o PP de Galicia e a Xunta do PP carecen dun líder presentable. Son vostedes como unha tribo patriarcal. O peso esmagador de Fraga na Xunta e o seu autoritarismo levounos a vostedes a funcionar e a comportárense por vía de acatamento acrítico absoluto da vontade do xefe, de adhesión inquebrantable ó *duce*. Consecuencias: Primeira. Deixaron de pensar, porque xa el pensaba por todos, e ademais, se a alguén se lle ocorría pensar por conta propia, só valía para resultar molesto.

Segunda. Mentres o xefe estivese aí todo viría dado e resolto. Polo demais, o xefe era eterno por definición, a non ser que el mesmo decidise non selo. Neste caso, calquera evolución posible viría por vía sucesoria e só o xefe podería designar sucesor. Mais como nas monarquías feudais, calquera aceno do monarca para indicar posible sucesor en vida abundaba para desata-la guerra civil entre os magnates do partido. Así que o xefe tivo que retractarse das promesas de abdicar anunciadas ós súbditos e proclamar que seguiría deica ó fin. Agora, desde marzo, o xefe Fraga non é ninguén no PP do Estado, non pinta nada na política estatal. Deste xeito, vostedes e o señor Fraga están collidos na trampa que vostedes mesmos fabricaron. Non teñen outro líder que Fraga, e Fraga é un líder politicamente difunto alí onde se cociñan as receitas políticas do PP. Ou sexa, de feito non teñen vostede líder, nin *duce*; non teñen literalmente quen os conduza ou guíe cara a adiante. Só teñen un xefe

de tribo entalado pola parálise. Están vostedes na parálise política máis absoluta.

A segunda cuestión é de calendario electoral. Coa situación creada desde marzo precisarían adiantalas eleccións, mais tamén precisan gañalas por maioría absoluta, repito. Ó señor Fraga non lle valerían en absoluto en Galicia os resultados de Aznar no Estado: a minoría maioritaria, a maioría minoritaria, a lista máis votada. Dende marzo souberon que esa maioría absoluta non a tiñan. Logo precisaban tempo para recuperar intencións de voto, que o Goberno amigo seu lles dese algo para vender como propaganda ou estupefaciente. Mais ese Goberno amigo deulles co zoco nos fuciños unha tras outra. Primeiro foi o famoso paquete de medidas do mes de xuño, economicamente criminais para Galicia, socialmente ferozes, fiscalmente aberrantes, e de aí en diante, ó longo do verán, cada día que pasaba, o Goberno amigo zorregáballes un novo pao no lombo ós cidadáns galegos. Había para todos, uns tras outros: traballadores das factorías e empresas públicas a punto de dismantelar ou privatizar; labregos do sector lácteo polas cotas, os prezos e a supertaxa; vellos e menos vellos polas perspectivas das pensións e xubilacións; empresarios medios e cativos pola presión fiscal e a fame devoradora, a voracidade do gran capital; cidadáns do común e amas de casa polo aumento de impostos indirectos sobre o consumo; mariñeiros e armadores polos amarres forzados sen indemnizacións nin axudas, e así seguido.

Como é natural, nestas condicións, canto máis tempo pasaba, máis empeoraban para o PP de Fraga os resultados das enquisas sobre intencións de voto que a Xunta facía mensualmente. En agosto, Fraga desfollaba en Perbes a margarida. Reconsideraba outra volta presentarse ou non ás eleccións para presidente da Xunta porque as contas non lle cadraban e fería a súa vaidade imaxinarse acaba-la súa carreira política cunha derrota electoral na súa Galicia. Ó cabo, en setembro, reaccionou conforme ós seus atavismos máis xenuínos, tentando resolver nun día unha situación crítica xestada ó longo de sete anos: un maratón en Madrid a destempo, dous meses despois das probas olímpicas, e das paraolímpicas tamén.

O resultado está á vista. Hoxe mesmo, mentres ten lugar este debate no Parlamento de Galicia, milleiros de labregos galegos se manifestan en Madrid para

tentar conseguir eles por si mesmos o que Fraga non foi quen de obter nin no seu maratón madrileño dun día a galope polos ministerios do Goberno amigo, nin -o que resulta moito máis grave e elocuente- en dúas lexislaturas de presidente da Xunta, nada menos que sete anos ben contados desde o outono de 1989, se quere desde a investidura en xaneiro de 1970.

Se algunha proba faltaba para corroborar que non minto nin esaxero cando digo que o presidente Fraga desapareceu da escena política desde as eleccións de marzo e a chegada á Moncloa do Goberno amigo seu, velaí a teñen todos, velaí a tendes, cidadáns galegos, no feito de que hoxe, mentres debatémo-lo estado da Autonomía nesta Cámara, os labregos teñen que defenderse por si mesmos, acudindo eles en masa ás portas da Moncloa. E mañá terán que facer outro tanto armadores e mariñeiros da flota sahariana, e pasadomañá, se cadra, os traballadores da Administración pública, e así seguido.

Vostede, señor Fraga, viaxou abondo todos estes anos, e para nada. Agora teñen que viaxar en masa os cidadáns galegos dos diversos sectores sociais para reclamaren todo o que vostede nunca tivo o poder de obter, nin a coraxe de esixir, como era a súa obriga -polo menos isto último-, de presidente do Goberno autónomo deste pobo.

Por iso, hoxe, o balance que cómpre facer non é o dun ano, senón de sete, dos dous mandatos que leva vostede facendo promesas incumpridas, dos sete anos das sete pragas bíblicas no Exipto dos faraóns, no que vostede intentou converte-la cidadanía libre da nación galega. Seica dixo vostede hai pouco: “Mentres algúns esbardallan, outros traballamos”. Váleme. É mesmamente o que eu lle digo dende esta tribuna: mentres vostedes esbardallan, nós, o BNG, traballamos a prol deste país, con este grave paradoxo, que son vostedes e os seus os que teñen a responsabilidade institucional de traballar como Goberno e dar contas do labor feito, mentres ninguén podería esixirlle ó Bloque, nin a min mesmo, que fixemos outra cousa que o que nos correspondería como exposición: someter á crítica e ó control a acción do Goberno da Xunta. Sen embargo, son cada vez máis centos de milleiros de cidadáns os que xa saben que é o Bloque o que está a traballar esforzadamente na construción deste país.

Lémbrolle aquela famosa e certaíra sentenza de Bertolt Brecht: “Hainos que loitan un día e son necesarios; hainos que loitan algún tempo e son mellores, mais hainos que loitan toda a vida: eses son os indispensables”. O Bloque, os homes e mulleres do BNG, pertencemos a esta última categoría, á dos indispensables. E cada día son máis os cidadáns galegos que o perciben así, que concordan con iso, que o saben: o BNG é indispensable para abrir no Goberno de Galicia unha nova etapa, esta si, diferente e fecunda, que non vai depender do que aconteza no Goberno do Estado, senón de que os cidadáns galegos, convencidos de que cómpre mudar de política, decidan dotarse dun goberno nacionalista comprometido con eles, só con eles, e non con enguedellos madrileños, sexan amigos ou non. Ó cabo, cando vostedes van a Madrid, para os seus confrades do Goberno español e do PP non pasan vostedes de ser “de provincias”, mesmo vostede, señor Fraga, desde que marchou da Corte, e cada día máis.

Facer como fixeron cataláns e vascos, e así lles vai de ben, ou moito mellor ca nós. Mais para iso os cidadáns teñen que votar e acertar no voto, para iso haberá eleccións á volta dalgún tempo, e os resultados non están decididos por adiantado, ben sei. Diciame un día este verán o Durán Lleida -que é todo el de dereitas, de arriba a abaixo do carrello- que, a fin de contas, ata agora, a maioría dos galegos votaran a Fraga, e eu retruquille no intre: “E así lles vai”. Os seus votantes, señor Fraga Iribarne, descubriron este ano, deron en decatarse progresivamente de que lles ía así de mal, non a pesar de vostedes, senón mesmamente porque vostede levaba sete anos, desde 1989, vendéndolles palabras no canto de realizacións de Goberno; que levaba vostede dous mandatos de presidente da Xunta comportándose coma se, en vez de te-las rendas dun goberno, estivese vostede na oposición ó Goberno do PSOE en Madrid. Ten vostede síndrome de oposición. Hoxe mesmo arrancou, encetou o seu discurso, actuando vostede coma se estivese na oposición contra o Bloque, coma se o Bloque estivese no Goberno. Esqueceu que vostede era o que tiña que informar, antes de atacar a ninguén. Nós estabamos para crítico e despois vostede retrucaría. Empezou arremetendo contra o Bloque. É todo un síntoma para os cidadáns galegos de que realmente a referencia para Fraga era o Bloque e de que el ten síndrome de oposición, aínda que governe, ou diga que governe.

A chegada ó Goberno do Estado do seu pupilo Aznar foi para eles, para eses cidadáns, mesmo para os seus votantes, como a proba do nove na aritmética elemental; foi a revelación; foi a raxeira de sol que fixo disiparse a pantasma de Canterville contra a que vostede finxía combater con exorcismos e en escenificación permanente perante os cidadáns galegos a través das cámaras da súa TVG. Descuberto o seu xogo de sombras chinesas, a situación de vostede perante os seus electores é grotesca e chocalleira.

En sete anos de mandato seu como presidente da Xunta, vostede é responsable dun balance no que se rexistran situacións e fenómenos como os seguintes: a participación dos sectores agrario, pesqueiro e industrial no PIB galego diminuíu seriamente, só aumentou a dos servizos e a da construción. Mais o agro, a pesca e a industria constitúen a verdadeira economía productiva do país, e neles están os ramos productivos cruciais e estratéxicos da economía galega para o seu desenvolvemento, non na terciarización nin na construción. Eses sufriron contraccións aínda máis drásticas que os sectores nos que están inseridos, e non só en pesos relativos, senón en valores absolutos.

En cinco anos perdéronse máis de 100.000 empregos de traballadores asalariados, e non só na industria e na pesca, senón tamén nos servizos, curiosamente. A porcentaxe da poboación asalariada sobre a ocupada descende un 10%, pese a que a ocupada descendeu tamén no seu conxunto polo retroceso demográfico, polo aumento do paro e polo descenso dos ocupados autónomos na agricultura e na pesca artesanal. Isto significa un cambio de composición regresivo na estrutura da forza laboral, ou sexa, para atrás, en dirección contraria á dos procesos de desenvolvemento económico que tenden a converter ata máis do 90% da poboación ocupada en asalariada: en Galicia no ano 1995 a penas superaba o 50%, fronte ó 62% en 1990. Perdeu vostede case 12 puntos en cinco anos.

A participación dos ingresos dos traballadores na renda nacional galega descendeu ata situarse xa virtualmente por debaixo do 50%, e os ingresos dos labregos representan, dentro da renda galega, unha cuarta parte do que representa a poboación ocupada labrega dentro da poboación ocupada galega total. Imaxínense o que iso significa para o nivel de vida e de ingresos da inmensa maioría dos cidadáns galegos:

que os ingresos dos paisanos, que representan a cuarta parte -un 20% practicamente da poboación ocupada- representen o 4,9%.

Eu xa lle dixera no debate de investidura de 1990 que a armazón social galega e os traballadores estiveran ausentes do seu discurso e que eu non lle vía nela encaixe posible a unha Consellería de Traballo. “Calibro que non vai sequera existir” conxecturara eu. Existiu de primeiras, pero ós tres anos suprimiuna vostede do organigrama da Xunta. ¿Comprende agora ata que punto é culpable vostede, por irresponsabilidade, dos datos da situación laboral que acabo de aportarlle? Os traballadores deste país non teñen consellería específica xenuína a quen se dirixir para os seus problemas ¿Parécelle decente?

En infraestruturas, xa non falarei do *pitorreo* das autovías, ¿para que? Mais en infraestruturas portuarias estamos baixo cero e perdemos sete anos preciosísimos para aproveitármola nosa privilexiada situación xeográfica en Europa e na súa fachada atlántica. No ferrocarril, o BNG promovera un acordo unánime deste Parlamento para leva-las reclamacións galegas a Madrid. Levárona puntualmente ás Cortes os dous deputados do BNG, e os seus deputados do PP no Congreso votaron en contra do acordo que aquí subscribiron vostedes. Iso chámase fariseísmo e actuación deshonesto que deshonra a calquera partido que o faga.

E non veña vostede a chamar por riba francotiradores ós dous únicos deputados da única forza política presente nesta Cámara que levou a Madrid o que se comprometeron vostedes a levar. ¡Só faltaría! Pensa vostede que os señores deputados do Bloque teñen que pedirlle permiso para leva-las iniciativas ó Parlamento, pero ¿é vostede o amo deste Parlamento do Bloque? ¿É o amo vostede dos electores, de milleiros de electores que votaron ó Bloque? ¿Vostede que se cre? Francotiradores; pois, entón, encantados de ser francotiradores, pero non contra Franco, que xa non existe, tiradores políticos.

En residuos -a cuestión do lixo- pasaron vostedes as dúas lexisaturas sen facer nada ata hoxe. Se vostede, a Xunta, fixera o que debía, a catástrofe do vertedoiro do lixo da Coruña non se produciría por moi irresponsable que fose o alcalde desa cidade nesta materia. E

para INRI, mentres vostedes rexeitaron aquí hai tres meses a iniciativa lexislativa cidadá a prol dun plan de reciclaxe, unha empresa privada acode a ofrecerse para resolver ou palia-lo problema da esterqueira do Portiño coruñés. ¿Cal é a fórmula coa que se ofrece a operar? Reciclaхе de materia orgánica e vitrificación do resto. A Xunta entrementes segue coa teima incineradora. ¡Bravo!

En axudas europeas, o *fiasco* de vostedes é monumental. Só un exemplo: os fondos para melloras estruturais e modernización das explotacións agrarias. Europa dá o 70%, o Estado, o 15%, e vostedes tiñan que aportar só o 15% restante. Nos presupostos da Xunta para este ano, a partida consignada (duns mil setecentos e pico millóns de pesetas) estaba comprometida nun 90% da súa contía para plans de mellora pendentes de anos anteriores. Consecuencia: ó día de hoxe, a menos de tres meses de remata-lo ano, arredor de cinco mil solicitudes de explotacións labregas agardan que lles resolvan vostedes os expedientes de financiamento. Agardan en van: atenderán ó sumo o 10% delas. E os cartos europeos dun ano perderanse, pero non importa, este é un país rico.

No ensino universitario incumpriron sistemáticamente o Plan de financiamento aprobado nesta Cámara meses antes de chegar vostede, a fins de 1989; un plan a sete anos, precisamente. Remata este ano, non hai Plan de financiamento para o sucesivo, e vostedes néganse a elaboralo. Iso si, houbo 1.000 millóns de pesetas para que o reaccionario equipo rectoral actual da Universidade compostelá montase os sa-raos conmemorativos do quinto centenario de *La Casa de la Troya*, mentres hai facultades que levan cinco anos sen edificios propios e mesmo disque a Universidade non ten cartos nin para paga-la xardinería de mantemento do campus. E nos outros campus desta e das outras dúas universidades, ¿que lle vou dicir da situación que non saiban todos: docentes, alumnos e PAS? Xa o levan explicado reiteradamente a esta Cámara os propios e respectivos rectores desas universidades, tanto de Vigo coma da Coruña, o señor Meilán Gil, que non é sospeitoso de ser do Bloque.

No ensino secundario en EXB, vostedes adicáronse a financialo como negocio privado -iso si, con fondos públicos-. Pasaron de 7.000 a 16.000 millóns de pesetas as transferencias á privada, que non lle chega

con cobrarlles ós pais cinco, dez ou ata quince mil pesos mensuais, entre pitos e frutas por fillo escolarizado. Insisto, este seica é un país de ricos. Mentres, detrás cartos a esgalla do ensino público, ata o punto de que hoxe non existe en Galicia un só centro educativo que reúna as condicións esixidas para impartila ESO polo Real decreto 10004/91 e pola propia Orde da Xunta do pasado 11 de xullo. E a redución de profesorado foi tan grande que os centros públicos non poden impartir nin sequera as materias que a legalidade determina; por iso cada centro ofrece un repertorio diferente de materias en función do cadro de persoal docente que ten. ¡Surrealista! Iso chámase igualdade no dereito democrático á elección de centro e á educación dos cidadáns en xeral, e dos rapaces e rapazas escolares en particular.

En sanidade, o fuxido señor Romay deixou un balance de situación perfecto: séguese arrastrando a débeda histórica do INSALUD co SERGAS; seguen medrando as listas de espera hospitalaria; segue sen desenvolverse a rede de atención primaria e sen facer investimentos nela e séguese a privatiza-la sanidade; iso si, tamén financiándoa con fondos públicos, a través dunha araña de fundacións e de contratacións de servizo e de xestión; chámalle agora "externalización" os seus tecnócratas de *calderilla*.

Non sigo; négome a seguir co relatorio, porque chego a sentir vergonza allea; a vergonza que vostede en política non sente, señor Fraga, porque non sabe o que é iso en política. Mais haille para unha lista comparable á do famoso catálogo do primeiro acto do *Don Giovanni* mozartíán, e supoño que vostede xa me entende, ou terá na casa o libreto desa ópera tráxica, aínda que bufa, para ilo consultar cando remate isto.

Só unha pregunta como resumo. Á vista do balance, ¿aínda coida algún de vostedes que o modelo de financiamento que lles acaban de endosar Aznar e Pujol lles podería valer para remediar esta situación, aínda que fose noutros sete anos máis? Non se moles-ten en contestarme: os cidadáns galegos non lles van dar ocasión de facer esa proba.

E logo está a intelixencia. Cómpre intelixencia, e non só enerxía e lealdade, para tirar este país do trullo. E a intelixencia deste país non está co PP, nin está con vostede, señor Fraga. Nin a intelixencia popular,

nin a *intelligentsia* do mundo da cultura, das artes e da ciencia. Non digo eu que non sexan intelixentes os cidadáns que o votaron a vostede e ó PP, non se me confunda: o espectro de niveis de intelixencia individual do seu electorado é seguramente análogo ó dos electorados das outras opcións. Non se trata diso. Falo da intelixencia como cerebro colectivo, como segmento creativo na conciencia social e nas estruturas culturais do país. Iso non só non está con vostede, senón que está en conxunto contra vostede. En troques, está con vostede todo o que é mediocridade, sucedáneo, rutina ou imitación colonizada ata o esperpento desa banda de gaitas da Deputación ourensá, disfrazada de escoceses do exército da súa maxestade a raíña da Gran Bretaña, por pór unha mostra que deba abondar para ilustra-lo grao de esquizofrenia que vostedes poden chegar a enxendrar na cultura oficial deste país.

Da intelixencia colectiva e do mundo da cultura, á parte dos mediocres que se converteron en mercenarios de vostede -pois sería moita consideración de máis denominais sequera "intelectuais orgánicos"-, á parte deses miserables pobres diaños desaprensivos, ó máis que chega algún segmento ou individualidades é a contemporizar con vostedes, ou a deixarse adular ás veces, ou se cadra a non rexeitarlle a medalla Castelao ou distincións polo estilo, que tampouco lle-lo vou reprochar nin condenalos por iso. Comprendo. Mais dígame vostede, de todo o colectivo que conforman obxectivamente a serie de homes e mulleres que levan contribuído a crear ciencia e cultura propia deste país, ¿con quen contou vostede en sete anos? ¿Con quen conta vostede hoxe aínda? ¿Que se está a facer que resulte visible, creativo e digno? Non me vou remontar a ningún pasado afastado, non lle vou restar a ninguén, polo feito de que hai anos, durante o franquismo, se cadra, teña estado enfrontado con vostede, se despois renegou ou virou de bando, ou pasou pola súa memoria a goma de borrar que vostede non pasa nunca á recíproca. Aínda antonte vostede afirmou que transgredi-lo estado de dereito para combater-lo terrorismo non era terrorismo de Estado. Seica suscitou escándalo por España adiante; eu nin me molestei en darlles ós xornalistas a miña opinión sobre esa atrocidade. O BNG non se asombra, coñecémolo ben a vostede desde hai tempo. Eu fíxenlle o retrato no debate da investidura súa en xaneiro de 1990; está publicado o libro agora, pódeoo vostede ler se gusta, para refres-

ca-la memoria ou matinar no que dixo, que ata pode ser que nin soubese nin meditase o que estaba a dicir. Os seus atavismos emergullan outra volta. Mais tamén é certo que con exabruptos de vostede coma ese aínda serán menos os casos de xentes da ciencia e da cultura que se arriñquen a contemporizar con vostede, aínda que só sexa por decencia moral, ou por rubor, ou por temor á contaminación.

Se lle sorprende que insista nesta ocasión no tema da intelixencia, aínda arriscándome a semellar elitista para os que non comprendan, é porque aí está unha das claves do fracaso estrepitoso que, no seu conxunto, caracteriza o balance de dúas lexislaturas de goberno de Manuel Fraga, e mais tamén a chave de bóveda do divorcio existente entre o poder autonómico e a realidade obxectiva do país; os seus trazos xenuínos e as súas xenuínas necesidades políticas ó longo deses mesmos mandatos.

Os pobos que pasan por trances históricos singularmente difíciles superan felizmente eses trances cando acertan a situa-la intelixencia colectiva que enxendran no propio poder. Pola contra, cando o poder se instala neses pobos divorciado e en conflito coa intelixencia e a cultura, cando o poder e a cultura resultan ser antitéticos, cando a barbarie se instala no poder, os pobos sucumben inexorablemente, a non ser que sacudan ese poder combaténdoo como quen combate unha peste. É un dilema que foi ilustrado a eito na historia da cultura europea universal, for en escritos filosóficos ou ensaísticos, for en alegorías literarias, que por iso proliferaron tanto máis canto máis duras eran as circunstancias históricas polas que se atravesaba. É o caso das de Huxley ou das de Orwell, por só mencionar dúas referencias emblemáticas, e só na nosa contemporaneidade, coma quen di. É o caso de *A peste* de Albert Camus.

E sempre empeza por ser só un núcleo da intelixencia e da probidade o que inicialmente se enfronta e combate, porque comprende a dimensión do perigo ou da traxedia que se está a enxendrar. E case sempre son incomprendidos, desoídos ou alcumados de lunáticos ou catastrofistas; e sempre, absolutamente sempre, o poder tenta exterminalos ou confinalos nun exilio interior. A minoría inicialmente aplaude, sométese ó poder, ou se evade de calquera maneira de ausmir e de enfrontarse coa situación. Mais ó cabo do proceso,

os feitos fanse tan evidentes que se desencadea unha vaga de fondo que lle restitúe á cidadanía a conciencia de si mesma, da súa situación real, dos seus lexítimos dereitos e intereses, que lle restitúe a súa cultura xenuína, asumida conscientemente en clave política, e daquela o poder fica na máis absoluta soidade, ata que é derrubado pacificamente cando é posible, violentamente cando á cidadanía democrática non se lle deixa outra alternativa, como foi na historia europea fronte ás diversas clases de fascismo e totalitarismo.

Non estamos -penso eu, pensa o BNG- na Galicia de hoxe, nesa última tesitura, por fortuna, mais resulta evidente para calquera que non sinta temor a pensar con liberdade de criterio propio -e vou rematando, señor presidente- que vostede, señor Fraga, e os seus cómplices, levan andado en sete anos un bo treito do camiño que, de continuar, conduce á reinstauración dunha modalidade larvada ou incruenta -digámolo así- de totalitarismo de facto. O seu exabrupto de antonte verbo da violencia de Estado non é casual nin está dissociado da realidade efectiva da súa práctica política en Galicia como xefe do poder autonómico; revela ata qué punto eu acertaba no diagnóstico que teño formulado nos últimos debates do estado da Autonomía anteriores a este e que non vou repetir.

A promoción do ex secretario de Comunicación ó posto de mando dunha Consellería de Comunicación e Cultura, nada menos, operada, precisamente, despois das eleccións xerais de marzo, cando vostede queda sen armas políticas, como xa expliquei, é máis cun síntoma; é a proba terminante de que só lle queda a vostede a posibilidade de aferrollar, amordazar e, en suma, destruír non só a liberdade de información mediante un sucedáneo de ministerio da verdade oficial orwelliana, senón de confinar nos sotos de Raxoi e San Caetano os obradoiros da cultura viva do país, a intelixencia colectiva, a conciencia cultural deste pobo, para lle mata-la alma. Mais non lle valerá, repare nisto. É perceptible que na Galicia actual a cidadanía empeza a comprotarse respecto dos medios de comunicación de maneiras análogas a cómo se comportaba durante o franquismo. Len os xornais ou ven a tele, mais non lles fan caso no tocante á política da Xunta. Non opinan, como vostede pretenden que opinen, como ratiños de laboratorio, senón por conta propia, baseándose no que ven ou apalpan ou sofren ou ven sufrir ó redor seu na vida cotiá. Por iso está vostede a

perde-las súas propias bases electorais. E por iso tamén non puido impedir ata hoxe que a alternativa do BNG siga a ascender vertixinosamente. Nas últimas enquisas do CIS situábase nun 25% das intencións de voto en Galicia e no Estado superaríamos xa o coeficiente obtido polo PNV nas últimas eleccións xerais. O BNG tería hoxe grupo parlamentario propio nas Cortes cando só van decorridos seis meses desde que obtivemos dous escanos.

A percepción -e remato, señor presidente- que ten hoxe a cidadanía da realidade do BNG, señor Fraga, dista moito da que tiña hai dez ou doce anos. Nin sequera é a que tiña cando vostede chegou aquí en 1989. Repare vostede neste paradoxo: mismamente se algún efecto positivo produciu a súa presenza aquí como presidente da Xunta durante estas dúas lexislaturas foi o de que desde que vostede chegou o BNG comezase a ascender electoralmente a ritmo constantemente acelerado. Cando vostede chegou estaba eu só polo Bloque nesta Cámara. Ó presentarse vostede o BNG brincou de 1 a 5 deputados -6 menos 1, grupo parlamentario en todo caso-. Recuncou vostede e o Bloque pasou de 5 a 13 escanos, do 8% ó 19% dos votos, e estivo ás portas de entrar nas Cortes por uns cantos centos de sufraxios. Vostede proclamou: "Non entraron nin entrarán; o Bloque é unha minoría marxinal e seguirá a selo". Nas seguintes lexislativas, as de marzo último, entramos con dous e os prognósticos actuais xa llos expuxen hai un intre.

Realmente ó Bloque viríalle moi ben que vostede durase outros sete anos máis, converteríanos vostede *sozinho* en maioría absoluta ó remate da súa era presidencial "galaica". E eu pódolle agardar, porque o meu labor político na nación galega xa o estou a facer desde hai ben tempo, sen necesidade de ser presidente da Xunta. Mire, o que o Bloque, e eu con el, levamos feito ten unha relevancia incomparable coa do que leva feito vostede como oficinista vitalicio do Estado, en Madrid primeiro e aquí despois. Nós marcámoslle o rumbo ó país, e vostedes espernexan nos labirintos dunha administración kafkiana -niso e só niso é única- e esbardallan publicamente para tentaren da-la impresión de que xa fan o que faría un nacionalismo moderado. Vostede non se decata. ¿Poderá haber hoxe un nacionalismo máis moderado có do BNG e que ó propio tempo poida servir para defende-los intereses de Galicia na situación na que se atopa a nosa nación?

Porque para que sexa un nacionalismo moderado que nin é nacionalismo nin serve para nada, evidentemente iso non; iso é unha fraude.

Por iso digo que estou tentado a animalo a que siga vostede algún tempo máis, porque para o Bloque sería un motor de propulsión a chorro no ascenso social e electoral. Xa o é, e eu podo agardar, xa llo dixen. Máis agardou Castelao, que fixo moito máis ca min e, sen embargo, morreu no exilio sen ser presidente da Xunta nin ver sequera no horizonte o logro, por Galicia, dos seus dereitos políticos como pobo. E, con todo, xa ve: vostede ten agora que botarlle incienso ó Daniel.

Mais Galicia non pode agardar. Nin pode nin que-re. Os síntomas multiplícanse cada mes, cada día que pasa. E o BNG traballa. Equipos enteiros de xente que non cobra, de xente que representa o milloríño da intelixencia colectiva da cultura, da arte, da ciencia e do armazón popular e cidadán de Galicia están a traballar nestes intres para poñeren a punto un programa e unha metodoloxía de Goberno. E non un programa de ideas, que xa o tiñamos, nin de liñas cardinais de política alternativa, que tamén, senón un programa de execución de obra no que os máis diversos sectores sociais do país poidan atopar os vieiros e os trebellos políticos precisos para prosperaren, para que Galicia enteira prospere e sinta orgullo de ser ela mesma no camiño do benestar; incluídos, por suposto, os sectores que ata marzo pasado o votaban a vostede.

Logo virán as eleccións, cando a vostede lle pete, entre hoxe e dentro dun ano, tráenos sen coidado. E os cidadáns votarán. E nada está decidido, terán eles que asumir as súas responsabilidades democráticas nese trance, como as asumiron os milleiros de labregos que hoxe están en Madrid, pero mesmamente para non teren que facer como os labregos hoxe, para non teren que ir nunca máis a Madrid a pedir nada. Eu confío neles; eles son soberanos, non vostede, nin eu. O Bloque confía neles, porque é patente que están a acordar. Castelao -remato- dixo: “Eu non teño vocación de estupefaciente”. Vostede, en troques, si. Mais o antídoto élle o Bloque, e fronte a vostede, de persoa a persoa, o antídoto sonlle eu. ¡Que quere vostede! Verémonos na area. Vostede escolleu armas que me parecen detestables. Aínda así, coas armas da súa propia comenencia, vencerémolo. Venceremos nós.

Máis nada.

Dixen.

(Aplausos nos escanos do G.P. do Bloque Nacionalista Galego e na tribuna).

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Beiras.

Agradéceselle ó público da tribuna que non se manifeste nin a favor nin en contra, como é norma en tódolos Parlamentos.

Gracias.

Ten a palabra o voceiro do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

O señor CORTIZO NIETO: Señor presidente, señorías.

Señor Fraga Iribarne, sexan as miñas primeiras palabras hoxe aquí para botar de menos o habitual portavoz do Grupo Popular e desexarlle un pronto restablecemento. E as segundas para demostrar ou sinalar certa estupefacción por que despois de sete anos o maior logro da Xunta sexa conseguir que Galicia navegue polo ciberespacio con soltura. Tamén é verdade que vostede percorreu os 120 minutos do seu discurso como un auténtico cibernauta. En troques, refugou facer unha análise da situación real de Galicia. Fixonos un relato pormenorizado da xestión administrativa sen entrar na transcendencia e nas consecuencias deses actos; actos que supoñerán, precisamente, a razón do seu éxito ou a razón do seu fracaso, ou a evidencia do seu fracaso.

Cando se trata dun debate especial, como sen dúbida é un debate do estado da Autonomía, un debate no que se trata de analizar con claridade a realidade política, a realidade económica e a realidade social deste país, o que cómpre facer non son abstraccións da xestión administrativa, senón entrar nas consecuencias e no impacto que esa xestión administrativa ten na situación dos mariñeiros e dos mariscadores; nas circunstancias dos obreiros; nas dos mestres; nas dos profesores; nas dos estudantes; na situación deses agricultores que levan meses sen cobrar das industrias a súa produción leiteira, ou que están ameazados pola supertaxa; na dos obreiros e dos traballado-

res que desde o ano 1990 ata o ano 1996 viron cómo o seu nivel salarial descendía con respecto ós traballadores e obreiros do conxunto do Estado; deses obreiros que hoxe escoitaron aquí de vostede que as súas empresas se están en crise poden despedirse de axudas e ser condenadas ó peche, supoño que patrocina o señor Piqué; na dos mestres e dos profesores que teñen que afrontar co seu voluntarismo as carencias que lles presenta a Administración; na dos mozos que non atopan emprego e na dos que cada vez teñen mais difícil atopar unha oferta formativa; na dos vellos, que ven tamén cómo despois de pasar por esta situación desde mozo a vello, as súas pensións se desvalorizan constantemente con respecto ás do resto do Estado.

Non entrou en todo iso, pero, sen dúbida, o seu discurso foi longo, moi longo; tan longo como os anos que leva vostede gobernando este país ó seu antollo. Sen dúbida, é posible que o Bloque crea que lles iría ben con vostede, pero eu estou convencido de que a Galicia, sen embargo, lle irá moi mal.

En definitiva, do que se trata é de analizar cál era a situación de Galicia cando vostede tomou as rendas da gobernación -se por gobernar se entende resolver problemas- e de analiza-los froitos da súa xestión, as consecuencias, o impacto; de ver se hoxe gozamos dos logros e dos avances que prometeu no seu primeiro debate de investidura e que prometeu no segundo; de ver se o máximo Plan económico e social -do seu modelo econométrico vostede nos cantaba as excelencias- tivo algún resultado na vida de tódolos cidadáns deste país, fose cal fose a súa profesión, a súa idade, ou o seu sector; de ver se o non menos portentoso plan de competitividade da investidura de 1993 deu algún resultado; de ver, en definitiva, se vostede nestes sete anos empezou a construí-lo país. Porque é verdade que un país non se remata de construír nunca, pero algunha vez haberá que empezar. E empezar a construír un país non significa máis alá de poñer en marcha medidas e actuacións políticas no campo económico e no campo social que no noso particular caso nos permitisen avanzar, cando menos, en tres obxectivos irrenunciáveis: en primeiro lugar, en diminuí-los diferenciais de renda que nos separan como país do resto das comunidades autónomas e de Europa. En segundo lugar, en xerar emprego neto para reduci-las taxas de paro e ofrecerlles un panorama minimamente venturoso a aqueles que intentan vivir dignamente do

seu traballo. E, en terceiro lugar, en acadar medidas e accións que reforzasen as políticas de cohesión económica e social.

Podía esperarse, dentro da racionalidade, que vostede se remitise ó dito no ano 1990, que se remitise ás súas propias palabras cando falaba da perpetuación da situación de Galicia por debaixo dos estándares nacionais, tanto no que respecta á produción por habitante, á renda per capita ou á taxa de emprego non agraria; que se referise a cál foi o resultado do que vostede consideraba un reto importante, á dinamización dos sectores productivos, á creación de emprego, ó aumento de nivel de renda, á potenciación da formación profesional, ó impulso da investigación científica etc. ou ó resultado do modelo econométrico do Plan económico e social, aquel que lle levaba a afirmar a vostede que pasaríamos de 143.000 parados en 1989 a só 64.000 parados en 1994. Son as súas palabras. Ou ás promesas do Plan de competitividade, por exemplo, o de acadar un nivel de ocupación industrial do 25% da poboación activa. ¿Conseguíronse os obxectivos? ¿Conseguíronse en parte? ¿Conseguíronse na súa totalidade? ¿Como estamos hoxe? ¿Cal é, en definitiva, a situación de Galicia?

Como xa estou escaldado, decidín escoller unha opinión autorizada para responder a esta pregunta, aínda correndo o risco de parecer moderado na miña análise. E escollín a resposta dada polo conselleiro de Economía e Facenda neste Parlamento, na Comisión de reindustrialización. O *copyright*, polo tanto, anuncio que é do señor conselleiro de Economía e Facenda e a sintaxe tamén, non a modifico nin a toco, sácoa textualmente das actas da sesión -agradézolle, señor conselleiro de Economía, a contribución á miña intervención neste debate-. Esta é a resposta á pregunta de cál é a situación de Galicia hoxe -isto era a mediados de 1995-:

“A participación de Galicia no produto interior bruto de España permanece basicamente estable desde o ano 1985. Isto quere dicir que estamos ante unha situación de estabilidade ou, máis que de estabilidade, nunha situación na que non se produce unha converxencia en termos reais, e que mantemos posicións relativas pero que non mellorámo-la nosa participación no produto interior bruto nacional. Se isto o analizamos tamén desde diferentes formas de medir por ha-

bitante, ben produto interior bruto *per cápita* ou ben renda familiar dispoñible segundo o poder de compra, estaríamos a ver que a situación tampouco é especialmente moito máis favorable. Se baixamos a comentar esta variable desde o punto de vista de renda familiar en termos de compra, esta situábase no ano 1985 no 92% da media española e no 96,5% no ano 1994. Aumentamos tres puntos e só nos separan 3,5 de España. Pero hai que sinalar que estes índices se deben a transferencias niveladoras de corte social” -solidariedade, engado eu- “desde o Estado e non son consecuencia dunha sólida base productiva que incorpore esa riqueza dun xeito estable.”

Seguía o conselleiro e dicía: “Se vémo-las taxas reais de variación do produto interior bruto en Galicia con respecto a España ponse de manifesto que practicamente Galicia non crece por riba do que crece España. En termos de emprego temos que, respecto das taxas de paro, desde o ano 1988” -o anterior á súa chegada- “ata o ano 1995, a taxa de paro en Galicia pasa do 12,2% ó 18,9%, cun crecemento, como ven vostedes, moi importante. Non cabe dúbida de que nese período se deteriorou máis a nosa taxa de paro do que se deteriorou a nivel de España; practicamente alí catro puntos mentres que en Galicia iso case chega ós sete puntos. A taxa de actividade tamén, obviamente, amosa un comportamento non especialmente favorable, xa que pasa dun 53,1% a un 48,1%, caendo por debaixo do 50% por primeira vez a partir de 1993. Desde o punto de vista da poboación parada veríamos, e por sectores, que temos unha poboación parada -datos provisionais do primeiro trimestre de 1995- en torno a 208.000 persoas” -logo aumentou- “o que supón aproximadamente 62.000 parados máis desde 1988 ó primeiro trimestre de 1995.”

E remataba o señor conselleiro de Economía: “Temos unha certa foto. Unha foto non especialmente ben coloreada. É unha foto, probablemente, en branco e negro” -posiblemente, engado eu, máis negro que branco- “de cál é a situación dos sectores económicos e de cál é a situación dos indicadores macroeconómicos de desenvolvemento da nosa Comunidade en referencia ó conxunto de España.”

Se iso o firmase eu, sería tildado aquí de demagogo, de manipulador, de inventor de datos, do que vos tedes queiran. Pero esta é a resposta, supoño que fia-

ble para o Grupo Popular, supoño que crible para o señor Fraga, que lle daba o señor conselleiro á pregunta de cál é a situación de Galicia.

Non me vou marchar desta tribuna sen engadir algúns datos, non meus, senón datos oficiais, vocábulo que tamén se repetiu esta mañá:

O valor engadido bruto por habitante en Galicia está 18 puntos por debaixo da media española; a renda rexional bruta está 18 puntos tamén por debaixo da media española; a diferenza salarial media entre Galicia e España no ano 1996 chegou ós 16 puntos, e no ano 1990, cando vostede iniciou a súa andadura como presidente, era só de 13 puntos; segundo o Ministerio de Traballo -amigo, porque isto é de setembro de 1996- no anuario de estatísticas laborais di: “As regulacións de emprego medran en Galicia un 30% mentres no resto de España diminúen un 30%. Galicia é a segunda comunidade autónoma con máis expedientes de regulación de emprego.” Só está por diante de nós Cataluña con 3.000 regulacións de emprego máis pero hai que ter en conta que nos duplica en poboación; 27.000 aquí, no último ano, 30.000 en Cataluña.

Dou algúns datos máis de evolución do mercado laboral, de poboación activa ocupada, porque eu creo que xa está reflectida con toda claridade e con toda fiabilidade cál é a situación de Galicia despois de sete anos de Goberno e despois de todo o que vostede nos contou hoxe que fixo.

Tivo vostede dúas maiorías absolutas, cousa que non tivo ninguén nesta Comunidade Autónoma desde que existe como tal. Polo tanto, puido poñer en marcha o seu programa político sen ningún tipo de atranco. Tiña capacidade para tomar e lexitimar calquera tipo de decisión, e a verdade é que o fixo. Empregou esa maioría e nunca negociou nin nunca dialogou nin nunca aceptou nada; pero, en troques, á fin dos sete anos, evidentemente, a responsabilidade dos resultados e da situación é súa.

Tivo, ademais, os recursos financeiros que ninguén tivo nunca nesta Comunidade Autónoma; manexou e gastou presupostos billonarios. E non só os presupostos ordinarios, tivo tamén o recurso extraordinario da débeda. Unha débeda -hai que recordalo- que vostede colleu no 0,6 do produto interior bruto gale-

go e que pasou ó 8,6 do produto interior bruto; ou dito doutro xeito, vostede multiplicou a débeda de Galicia por 15 de tal xeito que nos situou como a primeira comunidade -aí si- en débeda respecto do produto interior bruto, e no primeiro lugar tamén en débeda *per cápita*. E se sempre hai que ser rigoroso na esixencia dos resultados cando se manexan fondos públicos, aínda hai que selo máis cando os recursos que se empregan son produto da débeda, dunha débeda que hipoteca os que veñan detrás de vostede, que terán que dedicar parte da riqueza que se xere a paga-la débeda que vostede contraeu; no suposto de que teñan as infraestructuras, ou o que vostede queira, que esa débeda tería que ter financiado.

Se en débeda *per cápita* somos dos que máis debemos, se *per cápita* somos tamén dos que menos ganamos do Estado español, a situación empeza a aparecer dun xeito que non anima a pensar que as cousas se fixeran especialmente ben nestes sete anos. Iso si, todo iso non quita para que, o 3 de outubro, hai nada, e con motivo da baixada dos tipos de interese do Banco de España, a Xunta de Galicia a través de *Pravda*, ou PV, -non é Pérez Varela- diga que a decisión adoptada polo Banco de España de baixar medio punto o tipo de interese “corroborra la buena marcha de la economía gallega.” Claro, o malo é que o día 4 o estudio de conxuntura de Caixa Galicia di que só os servicios se libran da progresiva deterioración da economía galega este ano, ou que nos últimos doce meses se produciu en Galicia unha perda de 11.700 postos de traballo mentres en España se crearon 314.000. Aquí o 1,3% menos, en España un 2,6% máis.

E estas cifras de paro tampouco levaron a que o presidente hoxe tivese o rigor intelectual para non dicilo que dixo esta mañá textualmente: “Nos últimos doce meses o nivel de paro descendeu en 14.000 persoas.” Esta é a realidade e isto é o virtual.

E ultimamente acudiu ó concepto de “gobierno amigo”, para, subconscientemente, ou non tan subconscientemente, introduci-lo concepto, supoño, de “gobierno inimigo” e para facer responsable ó goberno inimigo de tódolos males que se plasman nestes datos. Hai que ter unha escusa. Claro, cando nun coloquio vostede dicía: “Non nos debe importar, a quen administre en Galicia, quén governe en Madrid”. Evidentemente, dicía algo moi distinto ó que se des-

prende do concepto “gobierno amigo”; ou dicía mentira no coloquio *Los veinte años que cambiaron España*, en decembro de 1995, ou di mentira agora cando establece a relación institucional desde o concepto “gobierno amigo-gobierno inimigo”.

E que terán que pensar deste aberrante concepto os concellos rexidos en Galicia por partidos distintos do Partido Popular. ¿Terán que pensa-los concellos gobernados polo Partido Socialista ou por outro calquera que na Xunta hai un goberno inimigo porque non é do seu partido? ¿É esta a mensaxe que teñen que recibir-los cidadáns deses concellos? ¿Ou cal é a significación que se debe extraer? E, en todo caso, ¿cales son os beneficios do goberno amigo? Ter un goberno amigo significa para os gandeiros galegos ter que facer fronte á supertaxa, a diferenza do goberno inimigo -na súa terminoloxía-, que nunca llela fixo pagar.

Pois, empezamos a trastoca-lo que son conceptos. Ten vostede un curioso concepto da amizade en canto a cualificativos dos gobernos. Non sei se son perigosas pero ó mellor son masoquistas esas amizades, porque é unha relación de amizade que nos leva a Galicia a aceptar submisamente a imposición dun sistema de financiamento inxusto e insolidario, un sistema de financiamento no que, cando se demonizaba a cesión do 15% e mesmo se recorría ó Tribunal Constitucional, agora se acepta o 30%, e non só non se recorre senón que se bendí, que se vota e que se nos cantan as súas vantaxes para Galicia. E a realidade é que Galicia perderá recursos con este sistema de financiamento en relación con outras comunidades. De feito, hoxe vostede díxonos que recibiríamos por este sistema 50.000 millóns máis, pero o señor Macía Lavedra dixo no Parlamento de Cataluña que eles recibirían 200.000 millóns máis. Aí están as cifras, e estas si que cantan. E, ademais, é un sistema de financiamento que reduce a autonomía política deste país porque reduce a súa autonomía financeira en relación con outras comunidades; e non só en relación coas históricas, e non só coas do artigo 151 da Constitución, tódalas comunidades autónomas que chegaron a ter estatuto de autonomía pola vía do artigo 143 terán maior autonomía financeira ca Galicia con este sistema. Logo, é rotundamente falso, ademais, que exista Fondo de Nivelación de Servicios, un grupo de traballo.

O Fondo de Garantía servirá para aumenta-lo financiamento *per cápita* de Cataluña, Baleares, Valencia e algunha outra. Máis recursos para outros sitios. E de entrada, o Fondo de Compensación Interterritorial para 1997 xa nos proporciona menos porcentaxe de participación nel que no ano 1996, un 0,2%. ¡Empezamos ben! O Fondo de Compensación aumenta pero nós diminuímo-la nosa participación.

E con todo isto permítese o luxo, e o mal gusto, de dicir, e de descualificar dicindo, que o Partido Socialista non é autonomista porque inventou a Internacional. Quizais, cumpriría que eu lle lese aquí o que dicía vostede para xustifica-lo seu voto negativo ó Estatuto de autonomía do País Vasco e a súa abstención para a votación ó Estatuto de autonomía de Cataluña falando de "la ruptura de la unidad nacional", falando de "las peligrosas tendencias hacia el federalismo"; claro que, anos despois, se transformou nun federalista convencido. E falo da época constitucional, evidentemente.

A verdade, señor presidente, é vostede un home moi desinteresado cando se trata dos amigos, pero desinteresado do interese de Galicia, non do seu propio. Favorece un goberno amigo coa retirada do recurso de inconstitucionalidade e aceptando a imposición de Pujol. Renuncia ó mesmo tempo a defende-los intereses do conxunto dos galegos; favorece, apoia e colabora na imposición dun sistema de financiamento autonómico inxusto e insolidario con Galicia porque o Goberno amigo ten que paga-los votos de Pujol para poder chegar a ser Goberno. No caso da supertaxa leiteira ponse de lado do Goberno amigo e contra os gandeiros galegos. Claro, os gandeiros galegos o ano pasado, no debate do estado da autonomía, eran maravillosos porque incrementaban a produción láctea e este ano son uns *caraduras* porque se pasaron.

Hai que ve-lo que fai o cambio de goberno en Madrid. Acepta sen dicir nin pío os retrasos nas autovías de Pedrafita por falta de presupostos. E aquí aproveito para dicir que mentiu esta mañá cando dixo que o Grupo dos Socialistas de Galicia votara en contra das autovías. O Partido Socialista abstívose na data do ano 1993 para a terminación das autovías. Creo que hoxe, despois do que se está dicindo, hai esmagadoras evidencias de que cando os socialistas dicíamos que era ridículo propoñe-la terminación das autovías

en 1993 tiñamos moita razón. Esa é a realidade e non ningún voto contra as autovías de Galicia. É absolutamente falso, é retorce-la verdade e intentar enganar.

Calou de momento, que saibamos, a menor participación no Fondo de Compensación Interterritorial e desdise no ferrocarril. Desde logo, concordo con vostede nunha cousa: ninguén pode facer máis por Galicia ca vostede, nin máis rápido tampouco; en poucos meses fixo todo isto, e como sigamos así, o meu convencemento de que vostede será nefasto para este país é bastante claro.

Os amigos beneficianse de calquera cousa aquí, mesmo do Plan de vivenda. Na Coruña non hai empresarios amigos, polo tanto, en vivenda social, no cuatrienio 1992-1995: cero respecto das previsións. Agora, en Ourense hai un empresario propietario dunha empresa de augas minerais e quere construír vivendas: ¡que constrúa! Fáiselle contrato de favor e con información privilexiada. Fanse 256 en Ourense, máis do 100% das previsións. Non é cuestión de necesidade de vivenda social, é cuestión de que exista empresario amigo ou non exista. Esperemos que ese empresario amigo, que tamén recibiu financiamento dun crédito que logo non empregou no que o tiña que empregar, ó final non nos dea viño con contraetiquetas falsificadas, ou viño augado, e que as vivendas sexan do mesmo estilo.

Iso si, as estatísticas oficiais sinalan que Galicia é a comunidade que está en primeiro lugar en canto a vivendas en mal estado, en canto a vivendas sen evacuación de residuais, en canto a vivendas sen auga corrente, en canto a vivendas sen baño nin ducha... O informe titúlase *Las desigualdades en España*. Agora, o empresario amigo ó que lle inxectaron 3.300 millóns para a súas empresas seguro que ten evacuación de residuais e evuación de moitas outras cousas.

Da política sanitaria dixo en novembro de 1993, no debate de investidura, algo moi razoable. Dixo: "A difícil situación económica pola que atravesamos o país esixe velar ó máximo pola eficiencia de calquera novo investimento". Eu creo que hai que exemplifica-la eficiencia. Nada mellor ó caso que o Hospital Clínico de Santiago. Miren que eficiencia do novo investimento, dos 9.000 millóns para a construción do Hospital Clínico. Pagáronse dous tercios da obra e só

está construído un tercio. Pagáronse, ademais, ilegalmente. A Xunta fixo pagos irregulares, saltando as leis e as normas. Para qué e por qué, non o sei. Explíqueo. Ese é un manexo dos fondos públicos relativamente curioso. Logo dareille os papeis onde consta que Huarte cobrou ilegalmente por aprovisionamento de materiais falsos, que cobrou pola execución dunha obra que non realizou, que hai 2.400 millóns en materiais que non se sabe onde están. Explíquelles, a través da súa TVG, ós cidadáns cómo é posible que haxa, ademais de empresas amigas, empresas samaritanas que se comprometan a construí-lo 70% dunha obra e vaian cobrar só o 30%. ¿Por que non lle deron antes a obra xa? Suba aquí e na réplica demostre que o que figura nestes papeis non é certo. Díganos onde están os 2.400 millóns de materiais do Hospital Clínico. Digan onde están acumulados, diga onde están aprovisionados, diga se non é verdade que figura aquí que se pagou a man de obra, que se pagou o 100% do beneficio industrial por adiantado e que se pagou o 100% dos gastos xerais, e outras cuestións. Diga isto desde esta tribuna.

Mentres tanto, a eficiencia non se mostrou para nada na implantación do modelo de atención primaria. Seguimos coa mesma porcentaxe de poboación atendida que no ano 1990: o 20%. España está no 72% de poboación atendida pola atención primaria. Os tres hospitais comarcais están sen acabar. O do Salnés non ten nin proxecto. Co buraco de Huarte estaría xa construído.

Desde logo, falar de servizos de odontoloxía, fisioterapia, saúde mental e orientación familiar -que vostede anunciou hai bastantes anos- nas cabeceiras de comarca é un auténtico sarcasmo. Iso si, poderíase falar de desvío de fondos públicos para sociedades anónimas, institutos, fundacións, para pingues negocios privados a custa dos servizos públicos. Esta é a política social.

A educación ten unha compoñente fundamental de política social pero tamén, como manifestan as diferentes correntes de pensamento económico, unha importancia fundamental desde o punto de vista do capital humano, tanto en termos macroeconómicos coma no plano individual.

O estudo *Recursos humanos e cambio ocupacional*, unha avaliación da formación en Galicia, feito pola Universidade galega, di con toda claridade que o nivel educativo medio da poboación galega é relativamente baixo en relación coas demais comunidades autónomas españolas, ou o que é o mesmo: o noso stock educativo non acada os niveis necesarios para ser capaz, para ser quen, de nutrir un tecido productivo á altura do desenvolvemento que sempre se di perseguir.

Nestes anos foron notorias as carencias no ensino: en mantemento, en reposición, en construción, en profesores, en medios humanos, en medios materiais e no que vostedes queiran. Foron notorias porque as APA, os profesores, os alumnos, quen queira que fose, se encargaron de dicilo. Tamén é verdade que nunca lles fixeron caso.

Vostede mesmo reflectiu esa situación hai pouco dicindo que a única forma de conseguir recursos para a ESO era emulando o milagre dos pans e dos peixes. Pois non é verdade. Había unha forma moito máis fácil de conseguir recursos para adapta-los centros educativos á implantación da reforma, á posta en marcha da ESO ou para conseguir simplemente maior calidade na educación.

Nestes sete anos, vostede dedicou 15.000 millóns de pesetas a financia-lo preescolar privado non obrigatorio. Non falo do ensino privado concertado, falo do ensino privado non obrigatorio. Son 15.000 millóns que foron detraídos de mellora-los centros públicos, de planifica-los centros públicos -a súa mellora ou a construción de novos centros- para a implantación da reforma. ¡Que non faría ata o señor Celso Currás con 15.000 millóns nestes anos!: poñe-lo sistema educativo en condicións de formar un stock de capital humano, que este país o necesita máis que comer.

E na Universidade, cando clamabamos polo cumprindo do plan -cumprimento que está demostrado que non se produciu en máis de 10.000 millóns, como ata a propia Xunta ten xa recoñecido-, sempre se nos dixo que estabamos á cabeza das universidades españolas. Mire os datos extraídos do traballo *Información financiera del sistema universitario público español*, de hai tres semanas, do Consejo de Universidades de

España. En gastos de persoal por número de estudantes, Galicia está 12 puntos por debaixo da media española. A Universidade da Coruña está 32 puntos por debaixo da media española. A Universidade de Vigo está 18 puntos por debaixo da media española en gastos de persoal por número de estudantes. En investimentos reais por número de estudantes, a Universidade de Vigo está 12 puntos por debaixo da media española. A Universidade da Coruña, 32 puntos por debaixo da media española. En gastos correntes, bens e servicios as cifras son parecidas.

Cando isto se denunciaba neste Parlamento, o Goberno permanecía xordo a todas estas cuestións, porque permanecía cego fronte á realidade, pero non permanecía mudo. Decía: *“Estamos a la cabeza”*. Pois isto era a cabeza. E mentres falaba, e mentres estaba xordo e cego ó que se lle dicía e ó que era realidade, dedicaba 450 millóns a financiar unha residencia universitaria construída por unha entidade privada como a fundación San Rosendo. Négaselle á Universidade de Ourense-Vigo, ou Vigo-Ourense, o mais elemental para infraestruturas educativas e dáselle 450 millóns mais a parcela, forzando ó Concello a quitarlle á Universidade, para que unha entidade privada ligada ás persoas e á ideoloxía do Partido Popular constrúa equipamentos universitarios. ¿Por que? Porque vostedes valoran máis os votos que manipula a fundación San Rosendo que o papel e as necesidades que ten que afrontar-la Universidade pública, así de sinxelo.

Decía Olof Palme que un bo goberno debe saber combina-la política social cunha boa política industrial, xa que soamente así será capaz de xera-la suficiente riqueza que permita crear emprego e melloralo benestar social. Cómpre recordar que, durante o seu mandato, Suecia pasou de ser un país forestal e pesqueiro a un país industrial avanzado con altísimas cotas de benestar social. O problema é que aquí a política social é a que reflicte a sanidade, coa eficiencia de gasto que aparece no Hospital Clínico de Santiago. A política social é a da vivenda, é a de educación; e a industrial caracterízase porque nos últimos anos seguimos perdendo peso na industria, tanto en termos de emprego como de riqueza creada. Hoxe o emprego industrial descendeu ata significar tan só o 14% do total do emprego existente en Galicia. ¿Recordan o que lía no debate de investidura de 1993 de chegar ó

25%? Pois non só non subimos cara ó 25% senón que descendemos e estamos no 14%.

A riqueza que representa o sector industrial hoxe é moi inferior á que representaba hai dez anos: menos dunha quinta parte do produto interior bruto. Nin sequera souberon aproveita-las vantaxes naturais de sectores primarios como agricultura e a pesca, que se fosen acompañadas da creación dun sector agroalimentario e dunha adecuada política de comercialización e de mercados, puido incrementa-la súa produtividade ata poñe-los traballadores destes sectores nos niveis de renda próximos ós do resto do Estado e, desde logo, moi superiores ós que teñen agora.

Claro que, ¡que se lle vai pedir a unha Consellería de Industria que, ademais de navegar tamén polo ciberespacio, salta das prospeccións petrolíferas e das aspiracións a convertermos nun país produtor de petróleo ós desfiles de moda benéficos con Pitita Ridruejo incluída! ¿Que se lle vai pedir? Iso si, esa Consellería de Industria afronta agora -a Consellería de Industria non, afrontámolo os galegos- un incerto programa de privatizacións e de peches de empresas do sector público que representan 23.000 postos de traballo.

O cambio do partido gobernante en Madrid significou, por exemplo, que o señor conselleiro de Industria pasase de encabezar manifestacións pro Santa Barbara a xestionar-lo seu peche, a empurra-lo sector público ó cadalso privatizador do señor Piqué sen importa-la incidencia no emprego en Galicia. Non importa, señor conselleiro, poderá vostede seguir traendo a Pitita Ridruejo a desfilar. Claro, hoxe había unha alusión a que o Goberno de Madrid non é nada de dereitas, porque “¡fíxense con quen asinan acordos!”. Pois haberá que dicirlle ós sindicatos que asinaron en Madrid que tomen nota da validez da sinatura cos sindicatos, porque aquí no ano 1992 o señor Fraga afirmou a defensa do sector público e a súa potenciación para logo dicir que era absolutamente falso. Non me estraña que por esa vía consigan o que hoxe nos dixo vostede no seu discurso: a redución da contaminación industrial polo método máis expeditivo. Desaparece a industria; polo tanto, seguro que desaparece a contaminación industrial.

Sobre as infraestruturas en xeral, dicía no ano 1993 que o fomento e o impulso da investigación -e a investigación e o desenvolvemento é unha infraestructura clave e básica- farase a través do Plan galego de investigación e desenvolvemento tecnolóxico. Sete anos de goberno respecto de I+D deron para o portentoso traballo de que antonte, ou hai un par de días, conseguisen por fin reunir a un técnico ou a un representante por consellería e crea-la Comisión Interdepartamental de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia, responsable da elaboración do proxecto do Plan galego de investigación e desenvolvemento tecnolóxico. ¡Sete anos para conseguir constituí-la comisión! ¿Cantos anos terán que pasar para que faga algo esa comisión que preside o señor Fraga?

Entre tanto traballo para conseguir reunir esa comisión, que é o máis duro, o máis forte e o máis potente que fixeron no eido da I+D, o esforzo de Galicia na súa reconversión tecnolóxica representa a metade que a media española. Só a Universidade de Santiago supera a tódalas empresas galegas en investimentos en I+D. Pero tamén se fixeron cousas no ámbito da I+D. Non crean que fuxo de recoñecer que fixeron cousas. Crearon o Centro Tecnolóxico do Granito en Porriño -con criterios científicos, con criterios de interese-. Investiron 300 millóns. Non investiron unha vagatela en crea-lo Centro Tecnolóxico do Granito. Máis adiante terán que crea-lo do cemento, o *Centro Tecnolóxico do Cemento e do Formigón*. ¿Saben a qué se dedica este centro tecnolóxico, inaugurado con toda a pompa non hai moito tempo? Á impartición de ensinanzas de FP -módulos de cantería- e a ser sede da Asociación Galega de Graniteiros. Trescentos millóns de impulso.

¿E na agricultura? Hoxe díxennles que non podiamos esquece-la concentración parcelaria, e eu diría que deben tamén recorda-las matemáticas. Dixo: “O programa aprobado no ano 1990” -son palabras súas-, “concentrar 600.000 hectáreas, significou entre os anos 1990-1996 -ámbolos dous incluídos- un total de 109.000 hectáreas. No actual ano 1996 estase actuando sobre 200.000 hectáreas”. Posiblemente sexa mellor miralas nun mapa colgado na parede, pero supoñamos que están actuando. Esas 200.000 hectáreas máis 109.000 fan 309.000. Pois no parágrafo seguinte di: “As cifras dos dous parágrafos anteriores repre-

sentan unha actuación sobre 504.000 hectáreas”. Tamén as matemáticas vai haber que recordalas.

Mentres tanto, respecto dos cambios estruturais, da ordenación do sector, do fomento de novas alternativas comerciais, nada de nada. Incluso o Plan de adecuación leiteira, o PALGA, anunciado nun debate de investidura, non sabemos se serviu para algo. Como non sabemos qué foi da misión especial da Unión Europea e do comisario que ía ver sobre o terreo a nosa agricultura e estudia-la creación dun status especial. Nunca máis se soubo daquela visita nin, por suposto, dos recursos milmillonarios que se ían conseguir. Iso si, a renda, a produtividade, a capacidade dese sector productivo cada vez é menor. Cada vez é menor a súa colaboración, a súa contribución, ó produto interior bruto; ou o que é o mesmo, á creación de riqueza.

E na pesca tiñan un plan marabilloso, o Plan de competitividade do marisqueo, plan estrela. Servía, se recordan, para solucionar todo: desde as mareas vermellas ó marisqueo, pasando pola calidade dos produtos, o acceso ó mercado, a calidade das augas e catrocentas cousas máis. Ó final ¿que houbo? Houbo 32 millóns de investimento neste plan e a súa desaparición. Trinta e dous millóns, o 10% do que lle deron ó amigo empresario para vivendas e uva. Esperemos que o que lle deron para vivendas sexa para vivendas e non para uva.

Despois de todo isto, esta mañá asistimos e escoitamos -moi atentamente, por certo- un discurso desesperado no intento de demostrar que estes males que nos atinxen nada teñen que ver coa nosa capacidade de gobernarnos, que son culpa do que non era un goberno amigo, pero que non nos preocupemos, porque agora co goberno amigo todo isto se vai solucionar. Tanto rigor ten esta afirmación como dicir: “Ánimo, que á terceira vai a vencida.” Igual.

Señor presidente, señor Fraga, as medidas de dinamización económica e social -ou se quere, as políticas económicas e sociais- eficaces non necesitan bascular entre o intervencionismo burocratizador que desemboca na ineficiencia do aparello productivo e o liberalismo esaxerado que hoxe nos anunciou aquí en forma de matriculazo ou en forma de negativa de axuda ás empresas en crise. E fronte a ese neoliberalismo atroz

que todo o confía á fría e insensible regulación do mercado hai un discurso para a esperanza. Hai que rescata-la idea de que o éxito en Galicia depende de nós mesmos -en grande medida, polo menos-. Depende de que utilicemos ben os nosos recursos. O victimismo para xustifica-los nosos males, os que caracterizan a actual situación de Galicia, é unha invitación inadmisíbel á resignación. É unha invitación inadmisíbel a confiar en que outros farán por nós o que nós temos que facer por nós mesmos.

Eu négome a aceptar que Galicia, que esta terra, teña que segui-la negra tradición histórica de estar ciqueada por quen confunde o oficio de gobernante co de seguidor. Négome a seguir aceptando que se asuma o papel de gobernante neste país como virrei que pastorea resignados súbditos que non molesten e que non reivindiquen. Este país non necesita navegar polo ciberespacio. Este país o que necesita é ter unha realidade máis próspera para que os seus habitantes poidan instalarse no benestar e para que teñan as mesmas cotas de benestar que calquera outro cidadán. Deixemos para despois disto a navegación polo ciberespacio, que tempo haberá para ir aí.

Señor Fraga, agora volve entregalo que lle dixen sobre Huarte, e conteste as preguntas.

(Aplausos nos escanos do G.P. dos Socialistas de Galicia).

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor deputado.

Ten a palabra o señor deputado don Dositeo Rodríguez Rodríguez polo Grupo Parlamentario Popular.

O señor RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ: Señor presidente, señorías, debido á ausencia obrigada do portavoz do Grupo Parlamentario Popular, don Víctor Vázquez Portomeñe, ó que estou seguro de que todos os membros desta Cámara desexamos ver moi pronto connosco, teño a honra de representar neste debate ó grupo maioritario do Parlamento.

No nome do Grupo Parlamentario Popular quéro-lle expresar ó señor presidente o noso total apoio á política que quedou reflectida na súa intensa intervención, na que explicou os aspectos esenciais de todo

o labor que se estende ó longo de seis anos e medio de goberno e que ten un único obxectivo: Galicia. Unha Galicia aberta á esperanza, unha Galicia radicalmente distinta á que recibiu en febreiro de 1990. Unha Galicia que cre no seu futuro con orgullo e con conciencia da súa importancia. Xa é un feito normal que os xefes de estado e de goberno e os primeiros ministros, cando veñen a España, visiten a nosa terra.

A consolidación do estado autonómico estase facendo con base nas teses que o señor presidente da Xunta defende e que defendeu neste Parlamento e no Senado. Só os que non o queren ver descoñecen o prestixio de Galicia a nivel nacional e internacional. A Galicia que nós representamos séntese orgullosa e séntese profundamente defendida.

Calquera que reciba na nosa terra a algún amigo que non viñese desde 1989 estou seguro de que comparte o que dixen. Estradas, teléfonos, autovías, autoestradas -nosas e do Goberno central- electrificación, centros docentes, centros universitarios, residencias da terceira idade e garderías son exemplos visibles dunha profunda transformación que cambiou radicalmente a nosa terra.

Galicia estase abrindo ó exterior. A accesibilidade é xa un feito. Rompeuse a barreira física que nos separaba do resto de España e de Europa. Hoxe formamos parte xurídica e economicamente de Europa, da Unión Europea, que agrupa os 15 estados máis ricos do continente e que conforma un espazo común sen fronteiras no que vivimos máis de 300 millóns de persoas. Unha Europa na que temos un sitio. Non estamos dispostos a se-los últimos da fila nin a ver-los protestóns ou os marxinaos. Loitamos, e seguiremolo facendo, por mellora-la nosa situación. A nosa aspiración é, con constancia, esforzo e traballo, ir mellorando posicións ata situámonos en lugares de cabeza. Temos un sistema educativo sólido e xeneralizado. Somos un pobo traballador, con ideas e con imaxinación, e por iso cremos no noso futuro.

Señor presidente, na súa intervención, como xa dixen antes, tratou vostede todos os temas relevantes para a nosa terra. En primeiro lugar, queremos felicitalo pola súa viaxe a Madrid, coa que logrou culmina-la apertura física de Galicia cara ó exterior. As dúas autovías de conexión, xa asegurados todos os seus tra-

mos, abren paso a cambios estruturais e son a porta do noso futuro. A apertura dos mercados de Madrid, de Barcelona, de París e de Bruxelas ós nosos produtos é xa unha realidade inmediata. En 1998 estarán rematados os 650 quilómetros de autovías salvo os 52 de Pedrafita. Estamos seguros de que se fará o preciso para accelera-la construción deste último tramo, que xa está en fase de licitación.

Con isto, o noso turismo tamén experimentará unha volta espectacular. A beleza da nosa terra, a súa gastronomía, a súa riqueza cultural, constituirán atractivo especial cando un viaxeiro tarde catro ou cinco horas por unha cómoda autovía, ou autoestrada, en chegar a Galicia. Pero non son só as dúas autovías. Déronse xa os pasos precisos -o encargo dos estudos técnicos- para a continuación da autovía do Cantábrico ata o seu enlace coa autovía do noroeste en Baamonde. Esta autovía conectaranos con toda a cornixa cantábrica e, a través dela, con Francia nun camiño non só fundamental para a interrelación económica da España do norte, senón para que tamén o turismo da España verde sexa unha realidade enriquecedora ó mesmo nivel que pode ter hoxe a costa mediterránea catalana, a valenciana ou a andaluza. Tamén se acadou a conexión da autovía do noroeste con Burgos, para lograr que sen saír dunha autovía cheguemos desde Galicia ó corazón de Europa.

A accesibilidade non só en infraestruturas físicas senón tamén en tecnoloxías de comunicación, a integración de Galicia na rede de comunicacións máis avanzadas e a utilización da informática sitúannos hoxe, xa e agora, como a comunidade autónoma máis competitiva neste terreo e máis conectada entre si e co exterior. E é isto unha das claves de bóveda do noso futuro.

O sistema productivo de Galicia está sufrindo unha transformación acelerada. A agroindustria xa é unha realidade. Quixera determe, pola súa importancia, no sector lácteo. O incremento da produción de leite foi espectacular. De 1,5 millóns de toneladas en 1986 pasouse en 1994 a 1,9 millóns. No mesmo período, o número de vacas descendeu de 663.000 a 453.000 e o número de explotacións baixou de 112.00 a 66.000. Produciuse así un incremento espectacular de produtividade por vaca e por explotación, datos básicos para a nosa competitividade.

Defendémo-lo sistema de cotas. A cota láctea garante prezos altos, asegura a recollida, defende as pequenas explotacións e ten de por si un valor patrimonial que incrementa o capital dos nosos gandeiros. O sistema de cotas, como xa comprobamos por estes datos, non impide senón que facilita a modernización do sector. Sabémo-la presión que vostede está exercendo para lograr un incremento da cota asignada a Galicia e tamén os logros que xa se conseguiron neste terreo, ó pasar de 1,5 millóns de toneladas de cota no ano 1991-1992 ó 1,7 millóns actuais. E apoiámos neste sentido a manifestación de hoxe dos nosos gandeiros en Madrid en defensa do seu futuro, sobre o que nós loitamos e loitaremos.

O seu obxectivo de lograr para Galicia 2 millóns de toneladas compartímolo totalmente. Ó mesmo tempo é necesario minimiza-la multa que hai que satisfacer por exceso da cota da última campaña, e estamos seguros de que se obterá o mellor resultado posible, sobre todo en defensa dos pequenos agricultores. Pero tamén cremos que non podemos defende-los que venderon a súa cota e seguen entregando o leite ás industrias, ou os que entregaron leite sen teren cota asignada. Estamos en contra dos que rexeitan o sistema de cotas, como entendemos que sucede con algún grupo desta Cámara. Cremos que non se pode estar simultaneamente dentro de Europa e fóra dela. Non se pode reclamar prezos de garantía e fondos de cohesión e rexeita-las limitacións. Cremos que esa é unha postura prexudicial para Galicia. A nosa postura é distinta: estar plenamente dentro de Europa e loitar lealmente, e con todas as nosas forzas, para mellora-la nosa situación.

Debemos felicitarlos polo éxito alcanzado na última campaña de incendios. A pesar de que o número de lumes en 1996 foi superior á media do ano 1990-1995, a superficie arborada e queimada reduciuse nun 50%. Sabemos que iso esixiu reforza-los medios empregados e involucrar máis intensamente -o que cremos un acerto- ós concellos na loita contra o lume. Os resultados son cada vez máis brillantes. Mentres que a media de España en 1996, excluída Galicia, é de 5,5 hectáreas totales queimadas polo lume, en Galicia é de 2,11, menos da metade. A diferenza é aínda maior en superficie arborada: 0,34 hectáreas fronte a media de España, 1,2 hectáreas. Neste sentido, apreciamos e

agradecemos especialmente os esforzos sen límites dos servizos de loita contra os incendios forestais.

Valoramos especialmente o esforzo realizado para a modernización do sector pesqueiro, do marisqueo e da acuicultura. Fronte á situación na que nos encontrabamos antes do acceso do Partido Popular á responsabilidade do Goberno central, na que existía un auténtico divorcio entre as teses que defendía Galicia e a actitude que no seo da Unión Europea tiña o Goberno de Madrid, hoxe existe unha clara sintonía de posicións. Non é alleo a isto que vostede promocionase a secretario de Pesca do Goberno central ó anterior director xeral de Pesca da Xunta de Galicia. Hoxe, nas negociacións internacionais en materia de pesca participan representantes da Xunta de Galicia como membros da delegación española. Unha das propostas aprobadas por este Parlamento con ocasión doutro debate sobre o estado da Autonomía foi defende-la presenza das comunidades autónomas nas negociacións coas institucións europeas. Hoxe é xa unha realidade.

Na análise que vostede realizou sobre a situación da nosa industria e a evolución da nosa economía constatámo-la mellora da nosa posición absoluta e da nosa posición relativa, tanto fronte a España como fronte á Unión Europea. O informe FIES confirma os datos sinalados: en 1995, o produto interior bruto de Galicia creceu un 3,3% e o de España un 3,2%, ó que contribúe especialmente o mellor comportamento do sector da construción e do sector agropesqueiro. Galicia ten que concentra-los seus esforzos nos sectores máis competitivos e practicar unha política ambiciosa de expansión destes sectores, abrindoos cara ó exterior. O dinamismo das nosas exportacións confirma esta estratexia. En 1995 incrementáronse un 17% sobre 1994, mentres que as importacións creceron só un 7%. A taxa de cobertura elevouse ata un 87,4%, a máis alta alcanzada nunca, e o déficit comercial reduciuse un 22%. Esta internacionalización da nosa economía irase incrementando no futuro. As institucións postas en funcionamento, IGAPE, INESGA e SODIGA, están comezando a da-los seus froitos.

Os seus novos programas de avais, formación e apoio á comercialización exterior, captación de investimentos estranxeiros e información empresarial, entre outros, apoian a extensión e modernización do no-

so sistema económico, ó que contribúe igualmente o INESGA, con fondos de 18.000 millóns de pesetas, ou o novo papel de SODIGA, cos seus fondos de financiamento e de investimentos e o específico de apoio a Galicia-Portugal para contribuír a crear un entramado económico entre as dúas rexións. O mesmo cabe dicir do CIS de Ferrol, importante non só polo que fai senón tamén por ónde está situado.

Señor presidente, unha das mellores noticias destes días foi a da garantía, xa nos orzamentos de 1997, de que se construírán en Ferrol as catro fragatas encargadas polo Ministerio de Defensa. Garantía de futuro para Bazán e peza clave para a estabilidade nesta comarca da Ferrolterra, tan castigada pola reconversión naval. Compartimos plenamente a súa mensaxe de diálogo e negociación ás forzas sindicais do Ferrol e a súa petición expresa de rexeitamento das mobilizacións. Nada arreda tanto a unha empresa que vai tomar-la decisión de investir como a existencia dun clima sistemático de confrontación social.

En materia de emprego constatámo-lo importante descenso do número de parados, como sinalou vostede. Son 14.406 parados menos en agosto de 1996, sobre o mesmo período de 1995, en paro rexistrado, e en paro xuvenil, en agosto de 1996, Galicia é a Comunidade Autónoma coa taxa máis baixa. Existe a mesma tendencia en canto á enquisa de poboación activa, na que o paro estimado en Galicia é 3,5 puntos menos cá media de España. Este descenso consolidouse desde 1990, a pesar do incremento de paro que se produciu no período intermedio, tanto en España como en Galicia, pola desacertada política económica do Goberno central socialista.

Non é allea a esta redución do paro a política económica do seu Goberno. A mellora das infraestruturas, os acordos Xunta-sindicatos de 1992, os instrumentos de promoción económica, o seu apoio decidido ós sectores básicos da nosa economía e o fomento do desenvolvemento local, constitúen pezas desa política que, paulatinamente, vai mellorando a nosa competitividade e a nosa creación de riqueza.

Un dos temas fundamentais de preocupación nesta Cámara é o do financiamento autonómico, do que depende o noso futuro. Consideramos que o acordo acordado sobre o financiamento autonómico é plenamente

satisfactorio, é bo para Galicia, mellora a nosa autonomía, os nosos ingresos e a solidariedade interterritorial.

Como sinalou vostede no seu discurso e detallou o señor conselleiro de Economía na comisión correspondente deste Parlamento, o novo modelo de financiamento outórgalle capacidade normativa ás comunidades autónomas tanto sobre o tramo cedido do IRPF, o 30%, como sobre os tributos cedidos -sucesións e transmisións-, capacidade normativa que se refire tanto ás tarifas como ás deducións sobre a cota en IRPF. Garántese a presenza das comunidades autónomas nos órganos da administración tributaria. Garántese, igualmente, o equilibrio financeiro e a solidariedade, xa que a participación nos ingresos do Estado evolucionará na mesma proporción na que evolucionen o conxunto dos tributos do Estado.

Como saben as súas señorías, este é un aspecto clave. O sistema é sinxelo: no primeiro ano do novo sistema de financiamento cada Comunidade Autónoma recibirá, por unha parte, o que recade do IRPF, e o resto, ata o total que lle corresponde, como participación nos ingresos do Estado. O sistema será, polo tanto, neutral este ano e non haberá ganancias nin perdas para ninguén. Nos anos seguintes asignárselle a cada Comunidade Autónoma unha recadación teórica do IRPF fixado o ano anterior, e a diferenza ata o total irase actualizando e aplicándolle á cifra do ano anterior a porcentaxe en que se incrementen os ingresos por tódolos impostos estatais. O beneficio que pode obter cada Comunidade Autónoma co novo sistema consiste na diferenza, en cada un dos anos seguintes, entre a recadación teórica do IRPF e a recadación realmente obtida, e na velocidade ou intensidade en que se incremente o conxunto dos impostos estatais.

Este modelo mellora o vixente anteriormente, xa que en vez de calcula-la evolución da participación de ingresos con base no conxunto dos impostos, como se vai facer agora, antes se calculaba engadíndolle a esta cifra as cotas da Seguridade Social e as prestacións de desemprego. A fórmula utilizada, denominada tecnicamente ITAE -ingresos tributarios axustados estruturalmente-, implicaba de feito un freo ó crecemento desa magnitude, xa que as cotizacións sociais tiñan un crecemento menor có conxunto dos impostos. Como

instrumento de estabilidade establécese que durante o quinquenio 1997-2001 ningunha Comunidade Autónoma recibirá menos ca no período anterior, e que ningunha recibirá menos do 90% da media de ganancias de tódalas comunidades autónomas. É dicir que se a media de ganancias é 10, ningunha percibirá menos de 9.

Para facer efectiva esta garantía establécese para o quinquenio un fondo de 200.000 millóns de pesetas. Como garantía de solidariedade acordouse aplicalo artigo 15 da LOFCA, que establece un Fondo de Nivelación de Servicios Mínimos. O Goberno socialista negouse durante todo o seu mandato a aplicar este artigo, que é especialmente importante para Galicia. Con el preténdese, unha vez identificados os servizos básicos que lle hai que prestar ós cidadáns, determina-lo custo medio de prestación e, unha vez calculado, darlle un financiamento adicional a aquelas comunidades que reciban para estes servizos un financiamento inferior á media, é dicir, inferior ó custo medio. Galicia, coa maior dispersión xeográfica de España, xa que témo-la metade dos núcleos de poboación, será unha das comunidades máis beneficiadas por este fondo de nivelación, xa que a causa desta dispersión o custo de prestación real é superior en Galicia á media do Estado. En 1997 consignouse nunha dotación simbólica de 10.000 millóns, que terá que incrementarse necesariamente cando estean realizados tódolos estudos necesarios. Así mesmo, acordouse desbloquea-lo Fondo de Compensación Interterritorial, conxelado durante os últimos anos, instrumento clave para a corrección do déficit de infraestruturas. Ademais destas garantías, que aseguren, primeiro, unha mellora de ingresos para tódalas comunidades autónomas e, en segundo lugar, un colchón de seguridade -esta garantía do 90% das ganancias medias de tódalas comunidades-, a realidade demostranos que sen este colchón de garantía, sen que sexa preciso, Galicia sae claramente beneficiada do novo sistema.

Como sinalou a semana pasada o conselleiro de Economía na Comisión de Facenda deste Parlamento, se a economía de Galicia e a de tódalas comunidades autónomas evolucionase no período 1997-2001 como evolucionou realmente no período 1991-1995, e utilizando as variables que se aplican no modelo de financiamento: recadación do IRPF, variación do produto

interior bruto, o dos ingresos tributarios e do conxunto dos tributos, Galicia gañará no quinquenio entre o 50.000 e 55.000 millóns de pesetas; Andalucía entre 53.000 e 59.000; Cataluña entre 41.000 e 45.000; Valencia entre 42.000 e 46.000; Canarias entre 26.500 e 29.000. É dicir, salvo Andalucía, que nos dobra en orzamento, Galicia gañará máis có resto das comunidades autónomas do artigo 151, en concreto 9.000 millóns máis que Cataluña e 8.000 millóns máis que Valencia, e isto non é unha hipótese senón a aplicación estricta da realidade producida do período anterior ó novo período; e nós cremos que as ganancias serán aínda maiores porque a economía de Galicia vai experimentar un maior dinamismo como consecuencia das accións experimentadas ata agora.

É este un dato definitivo. Neste terreo, quero sinala-la incoherencia mantida polo Partido Socialista. En Andalucía, Chaves opónse ó acordo de financiamento e di que prexudica a Andalucía e que beneficia a Valencia; e en Valencia opóñense dicindo exactamente o contrario. En tódalas comunidades autónomas opóñense dicindo que todas perden. No ámbito central, o Partido Socialista di que o sistema custaría 2 billóns máis. Se todas perden, e o sistema custa 2 billóns máis, ¿como se pode entender? Desde logo, non pode haber maior incoherencia.

Señor presidente, na súa intervención fixo vostede unha exhaustiva análise, entre outros, dos aspectos relativos á educación, á cultura, á sanidade e ós servizos sociais, en definitiva dos aspectos que conforman a nosa entidade e que garanten a solidariedade social. Fíxose un enorme esforzo, especialmente na protección nos nosos mozos necesitados de amparo, nos servizos sociais ós nosos maiores, en eleva-lo noso nivel educativo, na consolidación do sistema universitario, dotando das infraestruturas necesarias as universidades de nova creación e na profunda mellora que experimentou o sistema sanitario.

Abondan unhas cifras. En 1989 a consignación nos orzamentos da Xunta para o sistema universitario galego, integrado entón exclusivamente pola Universidade de Santiago, que tiña sete campus: A Coruña, Ourense, Pontevedra, Vigo, Ferrol e Santiago, foi de 10.592 millóns de pesetas. Se no período 90-96 as universidades galegas reciben anualmente o mesmo que en 1989, corresponderíalle, apli-

cando a multiplicación correspondente e actualizando estas cifras co IPC, 85.000 millóns. Na realidade, o que recibiron foi exactamente o dobre, 171.000 millóns de pesetas. É dicir, en vez de 85.000, 171.000 millóns de pesetas. No orzamento de 1996, en consecuencia de todo isto, as tres universidades galegas reciben 37.000 millóns de pesetas, 3,5 veces máis có que recibirían se se aplicase o sistema universitario de 1989. Esta diferencia financiouse con fondos propios da Xunta; non veu de Madrid senón que foi un esforzo de solidariedade de Galicia para dota-lo sistema universitario das infraestruturas e servizos precisos para o seu desenvolvemento.

Outro exemplo. Desde a transferencia da sanidade conseguiu-se en cinco anos duplica-lo financiamento do sistema sanitario, o que repercutiu na mellora efectiva da calidade na prestación deste servizo. Hoxe podemos dicir, baseándose en realidades e non en palabras, que a protección e extensión da nosa lingua, o apoio á nosa cultura e á nosa cohesión social melloraron sensiblemente. Só quero dicirlles que desde o Grupo Parlamentario Popular nos sentimos orgullosos de contribuír a este rexurdir da nosa identidade, á afirmación das nosas raíces e a mirar sen medo para adiante partindo do que somos.

Señorías, antes de remata-la miña intervención, parece necesario, para contrasta-las opcións alternativas, unha mínima análise da postura que manteñen nesta Cámara os grupos políticos que exercen a oposición parlamentaria. Verbo do PSDG-PSOE teño que dicir que non presentaron vostedes ningunha opción alternativa nos grandes temas que nos afectan. Non presentaron opcións serias nin sobre o financiamento nin sobre o rigor orzamentario para axustarnos ó marco do déficit público nin sobre a política de desenvolvemento económico nin, en xeral, sobre ningún dos aspectos básicos que deben conforma-lo noso futuro. A súa única alternativa parece cingirse a roldas de prensa nas que un postulado candidato a presidente da Xunta, que non fixo nada por Galicia durante os seus tres anos de ministro, nos obsequia coas súas pintorescas manifestacións.

Con respecto ó BNG seguiremos opoñéndonos á súa particular concepción do papel que Galicia debe de xogar en Europa. Seguiremos rexeitando o radicalismo co que defenden unha integración parcial, ina-

ceptable desde calquera punto de vista. Foxen da integración plena, cando en Europa hai que estar ás duras e ás maduras. E, gústelles ou non, Galicia obtén de Europa máis beneficios que desvantaxes.

Temos que lembrar tamén a especial interpretación que o BNG fai do modelo económico preponderante, defendendo a volta ó protagonismo do sector público na política económica. Gústelles ou non -repito-, o BNG segue a apostar polo trasnoitado modelo marxista. (*Interrupcións*). Algo insostible nunha rexión como Galicia na situación actual. E, que saibamos, polo menos, marxismo e nacionalizacións non teñen nada que ver coa realidade actual de Galicia. Gustaríanos que vostedes na súa réplica explicitasen a súa política económica. Nós témo-la nosa, como Partido Popular, e temos dereito a defendela nesta Cámara no noso posicionamento sobre o Goberno, co que temos necesariamente que contrasta-la nosa posición.

Fronte ó bilingüismo activo e harmónico que nós defendemos, e que a inmensa maioría dos galegos practica, o BNG defendeu sistematicamente o monolingüismo ríxido e excluínte. Non esquezamos que na actualidade Galicia é un exemplo para comunidades con peculiaridades idiomáticas semellantes. Alónxanse vostedes, en definitiva, da realidade galega, cunha restrictiva interpretación da Constitución e cos seus intentos fallidos de monopoliza-lo desenvolvemento estatutario. É posible, repito, ser galegos estando ó mesmo tempo integrados no marco nacional europeo.

Malia o amosado interese por difundir alternativas baseadas en posibles alianzas entre o PSOE e o BNG, nós estamos convencidos de que Galicia dificilmente poderá seguir avanzando aplicando ó mesmo tempo dous proxectos políticos diametralmente opostos. Un proxecto no que cada boi tira para o seu lado. (*Risos*). É unha frase literaria. Imaxínense vostedes un equipo no que o PSOE defendese un modelo como o que aplicou Felipe González desde Madrid ó tempo que o BNG defendese a posible nacionalización do sistema productivo galego. Nós, nin o imaxinamos nin, moito menos, o desexamos. Por iso hoxe, e neste momento, cremos que o Partido Popular é o único que pode ofrecerlle á sociedade galega estabilidade e garantía de futuro. (*Murmurios*).

O señor PRESIDENTE: Continúe, señor deputado.

O señor RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ: E iso dicímolo baseándonos non só en palabras senón en feitos, no conquerido. Fronte a frases baleiras, realidades.

Señor presidente, estamos seguros -e cremos que esta seguridade é compartida pola maioría dos galegos- de que sen o Goberno do Partido Popular non se conseguiría o acordo sobre as autovías e non estaríamos agora discutindo sobre o seu remate. Non se poñerían en pé plans de estradas que esixiron unha política constante durante dúas lexislaturas. Non se avanzaría nun Plan de residuos sólidos complexo e difícil, pero que constitúe a única solución real para resolver este grave problema. Galicia non tería o prestixio nacional e internacional que ten hoxe e non teríamos capacidade real de negociación con Europa. Ningún outro presidente sería recibido en menos de dous días polo presidente do Goberno e por tódolos ministros, feito que se produciu cun presidente do Goberno socialista e con outro do Partido Popular. Non sería posible nestes anos difíciles unha política sería e constante, contra vento e marea, con plans en tódolos ámbitos e a longo prazo. A sociedade civil non se sentiría tan libre e segura como agora nin sentiría a mesma confianza no seu futuro. Por iso, señor presidente, o Partido Popular séntese firme e seguro na súa ideoloxía e no respaldo á acción do seu Goberno. Confiamos en vostede polo feito e polo que queda por facer. Confiamos en vostede pola súa enerxía, pola súa vitalidade, pola súa xuventude intelectual, polo seu prestixio e, en definitiva, porque con vostede nos sentimos seguros e confiados.

Sabemos que todos temos que loitar polo futuro, que queda moito por facer, que esa loita é dura e que ás veces á metade do camiño teremos retroceso. Por iso, cando vostede tomou a decisión responsable de ofrecerse ó pobo galego para lle pedi-lo seu respaldo nun terceiro mandato, 4.000 compromisarios que representamos a todo o Partido Popular, e que nos sentimos respaldados por máis de 800.000 electores, o apoiámos unanimemente. Ninguén nos obrigou, ninguén se opuxo, non foi outra cousa que a expresión dunha convicción: Galicia está en boas mans e confía no seu futuro.

Moitas grazas.

(Aplausos nos escanos do G.P. Popular de Galicia).

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor deputado.

(O señor Beiras Torrado pide a palabra).

¿Si, señor Beiras?

O señor BEIRAS TORRADO: Para unha cuestión de orde.

O señor PRESIDENTE: Expónaa a súa señoría.

O señor BEIRAS TORRADO: A cuestión de orde consiste en que este portavoz deste Grupo Parlamentario escoitou que o señor Rodríguez dicía que ía tamén nesa intervención facer unha puntualización sobre as intervencións dos portavoces, pero falsificou, inventou os temas. Eu non dixen absolutamente nada das cousas ás que el retrucou pola súa conta e, polo tanto, iso me parece unha falsificación do debate. Afortunadamente, coido que nesta ocasión os cidadáns, a través dos medios de comunicación en directo, puideron escoita-la miña propia intervención, pero me parece unha anomalía absolutamente incrible. Con isto non quero, en absoluto, chama-la atención sobre a organización do debate que fai o señor presidente, simplemente é a posición, en cuestión de orde, sobre o procedemento ou o comportamento na utilización da súa rolda do señor Rodríguez ou da súa pretendida réplica a unhas inexistentes afirmacións deste portavoz na súa intervención.

Máis nada.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Beiras.

Esta Presidencia atendeu con atención a intervención dos tres voceiros que fixeron uso da palabra, e aseguraría que o señor Rodríguez non fixo expresión de facer puntualizacións sobre as intervencións dos outros portavoces, xa que nese caso esta Presidencia o invitaría a que non o fixese porque a rolda non era para iso.

Esta Presidencia entendeu que o señor Rodríguez fixo unha referencia ós grupos e ó posicionamento

político que os grupos veñen demostrando e, se o señor Beiras mo permite, exactamente igual, creo eu, en igualdade de dereitos que a súa señoría o fixo con respecto ó grupo e ó Partido Popular.

Esta Presidencia non entendeu que estivese replicando á súa intervención nin á intervención concreta do señor Cortizo senón a posicionamentos manifestados polos partidos que están aquí representados nos respectivos grupos parlamentarios.

En calquera caso, grazas pola súa achega.

Para contestarlles ós grupos parlamentarios ten a palabra o señor presidente do Goberno.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Fraga Iribarne): Grazas, señor presidente.

Señor presidente, señoras e señores deputados, co-mezo, como é natural, dando as grazas ó representante do Grupo Popular pola súa coincidencia e polas precisións que fixo sobre o meu propio discurso, que lle agradezo moito e que confirman algúns dos puntos máis importantes do mesmo. E paso a referirme ás intervencións doutros membros deste Parlamento.

Eu teño que dicir que é evidente que o ilustre portavoz do BNG busca sempre un certo sensacionalismo -e non só polos seus orixinais atrezos ou polo uso un pouco pintoresco dos seus propios zapatos-, pero se eu non falo no Parlamento, segundo el resulta que obstrúo o funcionamento da institución e a desprezo. Se fago, coma hoxe, un discurso de dúas horas, meditado, cheo de datos, dos que non respondeu a ningún, entón -escoiteino na Televisión galega- fago un acto criminal, que é falta de respecto á institución e que este discurso debería pronuncialo nunha taberna. Isto vino eu nos medios como o seu comentario. Parece que lle estorbamos de tódolos xeitos. Entón, señor Beiras, estea tranquilo. Insistiu varias veces hoxe en que eu fago oposición e non tarefa de Goberno. Pode estar tranquilo, non penso discutirle nin quitarlle o seu rol na oposición. Espero que estea nela moitos anos e mesmo, se é posible, que esgote a súa carreira onde realmente o merece. En todo caso, teño que dicir que, efectivamente, eu estaba escoitando algunhas partes da súa intervención e estábame acordando dun libro que está a ter moito suceso, *El manual del perfecto idiota latinoamericano*, pola cons-

tante referencia a ideas superadas e, en definitiva, estaba escoitando mentres vostedes falaba ós que o outro día dicían autopista non nunha parte de Galicia, ou ós que dicían que levase eu a merda de Galicia a Vilalba, ou a eses encarpuchados -que vostede mencionou con eloxio- que neste momento pretenden levar negociacións pesqueiras.

Eu teño que dicir que, neste momento, é verdade absolutamente que a profecía ou estimación do que podía pasar cumpriuse. A vitoria do Partido Popular, ¿que puido ser maior?, ¡por suposto!, pero aí están os ministros, aí está o presidente do Goberno, aí están os embaixadores, aí está o novo equipo, e é obvio que eu, ó recoñece-la importancia de que houbera un Goberno ou outro en Madrid, independentemente da dialéctica amigo-enemigo, que eu non usei -dixen máis amigo ca outros-, quixen salientar que é evidente que nós non vivimos illados nun planeta lonxano senón que temos, efectivamente, para moitas cousas, que pasar por Madrid e por Bruxelas. Se vostede cre que cos orzamentos que temos e as facultades que temos podemos facer, coma nun Estado independente, a nosa política, eu creo que está falando dunha Galicia coa cal, ó mellor, a súa señoría soña, pero, desde logo neste momento o ter relacións con Madrid, o te-la posibilidade de convocar en Santiago, como hoxe, un seminario que foi recoñecido como o mellor dos seis que se celebraron en toda Europa sobre estes temas de política rexional, ten algo que ver co estilo de face-las cousas.

Imos deixar en paz ó grande Castelao. O monopolio é unha idea que eu non comparto. Sigo dicindo que Castelao é de todos e, como é natural, das outras memorias que vostede mencionou vou face-lo mesmo caso. Eu creo que vostede fai moi ben en alegrarse da miña presenza nesta tribuna. Vostede cre que é boa para o Bloque. Ben, outros poden pensar que é boa para Galicia. Vostede séguenos definindo como dereita reaccionaria. Tamén escoitei hoxe aquí, con asombro, que a Universidade de Santiago de Compostela é reaccionaria porque celebrou un centenario, no cal, verdadeiramente, *Gallaecia fulget*. Moi ben. Xa vou entendendo o seu vocabulario. Reaccionario quere dicir que non é bloqueiro; nin somos bloqueiros nós, nin o é, e grazas, a Universidade, que tampouco é popular nin socialista, nin ten por que selo; é unha grande Universidade galega.

Xustamente o que hoxe non temos en España, gracias ó Partido Popular, é unha dereita reaccionaria; haina en Austria, onde onte nunhas eleccións quedou como segunda forza; haina en Alemaña; haina en Inglaterra e non vou dici-lo que é o señor Le Pen en Francia. Nós non temos iso, gracias a ter un partido de centro dereita, como é o Partido Popular, capaz de facer ben as cousas.

Despois de dicir iso, vostede di que foron un fracaso as nosas eleccións xerais. Eu teño que dicir que en Galicia nós superámo-la increíble barreira dos 800.000 votos e que en España temos un Goberno popular. ¡Fracasos deses que veñan moitos! Por certo, vostede dedicou, despois de explicar que nós non atoparemos aliados e que vostede, efectivamente, non pensa gañar -librenos Deus- por maioría absoluta, gran parte do discurso a deosta-lo PSOE, para demostrar que co mal que o fixo, o triunfo do Partido Popular debería ser máis grande. Ben, vostedes, que, por certo, gobernan en coalición co PSOE en Bueu, en Cangas, Moaña, etc., penso que podían aforrar algunhas desas consideracións. Nós si que as podemos facer. En todo caso, nego absolutamente que nos pactos intelixentes, realistas e que teño que dicir que teñen moitos lados positivos para o desenvolvemento do Estado das autonomías, en ningún momento fose aceptado, como aquí se dixo, polo Partido Popular nin o concepto de autodeterminación nin o concepto de estado público nacional, entre outras razóns porque a Constitución fala de España como a nación única de tódolos españois. Que quede constancia diso.

Vostede di que non parece, en todo caso -volvo repetilo-, que a opresión dos humildes, a imposición dos máis acomodados, se vexa conformado polo pacto das pensións e outras medidas do Goberno, que está gobernando para todos, como debe de facer xustiza para todos. En todo caso, volvo dicir, iso de Galicia vítima propiciatoria para a salvación de España é absolutamente falso, e non é o que pensan os galegos. Os galegos defenden ser galegos e defenden ser españois. Se algún cre de verdade que Galicia vai ser algunha vez unha república marxista independente que o diga, pero eu, desde logo, non o creo.

“Goberno amigo”. Pois, si que o é; véxase a lista dos investimentos. Como publicou estes días a prensa galega sómo-lo número catro de tódalas rexións no

conxunto dos investimentos. Polo demais, a iso de dicir que nós agora non pintamos nada, debo dicirlle que eu nunca presumo de ser importante; hai quen, efectivamente, o fai mesmo cando non o di. Pero eu teño que dicir que os votos de fóra e os votos de dentro son os que fan a maioría actual. E que a verdadeira negociación, a que se fai en familia -ríase vostede das viaxes a Madrid- é a que mellor funciona de todas.

De modo que vostede me pon fóra de xogo. Vostede debe saber moito diso, porque é un especialista na cuestión, pero eu asegúrolle que non é o meu caso.

Polo que se refire a iso dos “colonizados” parece que toda a xente deste país se equivoca cando nos vota maioritariamente e cada vez con máis votos. Porque vostede fala de enquisas; falou do 35% da intención de voto, pero a dicir verdade esa enquisa, como outra que foi mencionada, como que a tiña un determinado dirixente empresarial, non aparecen. Eu dígolle que desde que nós estamos en Galicia cada vez temos máis votos. Se vostedes gañan non é á nosa custa. Nós superamos na última elección a barreira increíble dos 800.000 votos.

Teño que dicir que para ser un discurso dun economista profesional, non foi refutada unha soa cifra das que teño dadas. Fixéronse consideracións xerais sobre se hai ou non hai liderato na Xunta e no Partido Popular de Galicia. Ben, vostede di que son un líder difunto; eu vou dicir que: *Los muertos que vos matabais, gozan de muy buena salud*, gracias a Deus, e moi pronto se verá. Vostede entra nesa discusión bizantina, na que tamén entraron membros doutro grupo, do calendario electoral, unhas veces din que vou face-las eleccións en seguida, outras veces din que non as podo facer porque non son capaz. Eu digo que nin unha cousa nin a outra. Non hai razón ningunha, coa maioría que temos, coa marcha que leva o Goberno, co apoio crecente que ten en Madrid, para cambia-lo curso normal das cousas e para marea-la xente con eleccións innecesarias. Serán no momento que se esgote o mandato da presente lexislatura.

En canto ás medidas económicas e sociais do Goberno, que vostede di que se nos impoñen desde fóra, debo dicirlle que son as que sempre propuxo o

Partido Popular e, naturalmente tamén, o Partido Popular de Galicia e nós somos consultados sobre elas, e cando imos facer iso que vostede chama “a maratón de Madrid”, hai que saber que se fai nos lugares exactos e no tempo exacto.

Despois falarei -porque me parece máis axeitado, xa que entreou máis niso o portavoz socialista- do tema da cota láctea. Pódolle dicir que hoxe había alcaldes e moitos autobuses do Partido Popular en Madrid.

En canto ó banco sahariano que vostede menciona -ríanse-, todos estaban alí, e, iso si, ¡moito coidado con atribuírlles a eles nin bandeiras de partido nin berros estomagantes! Despois falarei do banco sahariano. Iso foi unha negociación europea, feita, por certo, na etapa do Goberno anterior, pero tampouco o fago responsable. Hoxe esas facultades corresponden, como se sabe, á Comunidade Europea. Pero volvo preguntarlle, señor Beiras, ¿coñece vostede a algún país, fóra dos noruegueses, que non queira entrar na Unión Europea? Todos queren entrar.

Efectivamente, a distinción entre esbardallar e traballar é importante. Eu creo que aquí hoxe quedou moi claro. Eu non penso que esbardallara moito, e penso demostrar que traballei moito. Outros discursos, como o seu, evidentemente, ó mellor merecen outro xuízo. Desde logo, eu son, e estes señores son, dos que loitan toda a vida, porque niso non cedemos ante ninguén. Podemos ser xeniais ou non, como vostede é -volvarei sobre iso-, interpretando o espírito colectivo, pero traballar traballamos arreo toda a vida. Os galegos saben quen somos e saben perfectamente que somos dos que loitamos toda a vida.

Vostede quérenos comparar con cataláns e vascos. Non imos discuti-la xeografía nin a historia de cada rexión. Nós comparámonos co que eramos antes de 1990, e temos mellorado bastante; imos mellorar máis e sómo-lo partido institucional de Goberno en Galicia pola vontade dos galegos. Espero que sigan pensando así moito tempo.

Naturalmente, vostede di cousas que -repito- nun economista profesional sorprenden, porque a diminución relativa do sector primario é unha proba de desenvolvemento, pero non absoluta, naturalmente.

No que se refire á Consellería de Traballo, non temos unha, temos tres; temos unha Consellería de Xustiza, Interior e Relacións laborais, temos unha Consellería de Familia, que se ocupa da xuventude e do traballo e que está a crear un dos mellores servizos de colocación de España e temos unha dirección xeral de Servizos Sociais. Cada unha está onde debe estar. E temos creado un Consello Económico e Social, que estou seguro que vai contribuír a ese diálago que é fundamental e que non se pode falsificar.

Falou vostede da famosa votación sobre os ferrocarrís. É evidente que os dous deputados seus en Madrid non teñen que pedir permiso a ninguén, teñen que pedi-los votos e teñen que explicar por qué eles toman esa iniciativa en nome deste Parlamento e en nome de toda Galicia. A canle é outra e xa anunciei e confirmei esta mañá que a Comisión Mixta que vai face-los estudos se reunirá este mesmo mes.

No que se refire ó tema de Bens, do cal non quero falar porque xa se falou bastante, teño que dicir que, efectivamente, é a mellor demostración de que o Plan de SOGAMA e o plan de refugallos sólidos de Galicia son necesarios e urxentes, e é a incineración, con previo tratamento, a solución única e posible neste momento en Europa.

Polo que se refire, ós datos que vostede deu sobre educación, despois contestarei tamén, porque fixo unha referencia máis detallada o portavoz socialista.

En canto a que o señor Romay fuxiu para ser ministro en Madrid, direille que eu comprendo que pode haber algo de envexa, pero, desde logo, é unha maneira de fuxir verdadeiramente notable.

Verdadeiramente, señor Beiras, vostede acabou falando da vergonza allea. Eu teño que dicir que a última parte do seu discurso nola fixo sentir, por desgracia, a moitos. Vostede chama mercenarios a aqueles intelectuais brillantes de historia impoluta en calquera terreo porque colaboran coa Xunta. Vostede sabe por qué o fan. Di que a intelixencia non está connosco, e logo di que non nega que haxa persoas intelixentes que nos voten, ¡faltaría máis!, pero falou do cerebro colectivo, e esa é unha frase na que me quero deter. É dicir, que vostede determina, dentro da intelixencia que hai en Galicia, cá é a verdadeira, convértea en cerebro colectivo, e iso ten algo que ver con algún de-

lirio *roussonian*, cando distinguía entre *la volondé général* e *la volondé de tous*. Non, xa sei que vostede vai dicir que non; pero iso é igual. Iso é hegelismo de esquerda barato e tardomarxismo. Iso é o que quere dicir vostede.

Finalmente, querido amigo, traer aquí a cuestión das gaitas, cando é indiscutible que a mellor banda de gaitas que hai neste momento no mundo é a real banda de gaitas do Ourense, é vir perde-lo tempo. Teño que dicir que esa é a pura verdade, e todo o demais son, como di vostede, farrapos de gaita. É verdade que se pode discutir sobre ese ou aquel traxe; por certo, o famoso traxe, supostamente escocés, está baseado nun debuxo publicado no século XVIII en Tui, de maneira que supoño que Tui está en Galicia.

Como é natural, houbo referencias a algunha declaración miña que non fixen aquí e que tiña moito que ver co debate parlamentario en relación coa defensa do Estado de dereito. Teño que dicir que eu, que tiven a honra de traballar na Constitución, de pasar toda a miña vida defendendo o dereito do mellor modo que puiden, non me vou saír, como é natural, desa liña ou desa traxectoria. O que dixen hai que citalo enteiro.

Primeiro, eu non xustifico ningún abuso, se o houbo; está dito por escrito.

Segundo, evidentemente, o que dixen que siga nos tribunais. Non falei de cerrar páxina, pero que non se politice máis o asunto.

E terceiro. Dixen e teño que dicir -porque se non o digo rebento, xa que teño conciencia- que cando penso nesas gardas civís que volvían, nunha cidade vasca, non hai moito tempo, de prestar un servizo de orde pública nun partido de fútbol, que os estiveron esperando con metralletas e escopetas cargadas compostas para matalos coma coellos a traición, cando penso nesos homes beneméritos que van desmontar un coche bomba, que se xogan a vida, que teñen muller e fillos, non os podo poñer no mesmo sitio cós terroristas, que son o problema, e non o farei nunca. E, naturalmente, con iso non nego a igualdade ante a lei, pero coa igualdade ante a lei, como toda igualdade en filosofía, non se pode aplica-lo mesmo tratamento a cousas desiguais.

Si señor, vostede dirá o que queira, pero, efectivamente, hai un nacionalismo moderado; hai, en definitiva, un entendemento da nosa identificación, e hai unha posibilidade de defender Galicia sen querer poñela en fronte, en contra e á parte de todo o demais.

Polo tanto, eu tamén espero esa vaga de fondo, que vai superar tódalas demagoxias. Pronto o veremos. Recorde, repito, que foi vostede o que pediu sete anos máis; eu confírmome de momento con catro. A outra vez tivemos 800.000 votos; vostedes non colleron ningún dos nosos.

E o seu ataque final de narcisismo, señor Beiras, non merece ningún comentario. Vostede siga a se-lo máis brillante e o máis listo, pero procure falar en serio para que en serio o poidamos tomar.

Vou agora referirme á intervención do señor Cortizo. Teño que dicir que, polo visto, se divertiu moito con iso do ciberespacio. Eu supoño que é consistente de que vivimos na revolución das comunicacións e de que por unha vez -en case tódalas demais chegamos tarde ó desenvolvemento tecnolóxico- non chegámo-los últimos. Iso é todo. Hai quen fala dun plan de teléfonos que había por aí, pero nós puxémoslos, nós fixémo-la autoestrada da información, nós unimos con fibra óptica e con fibra ancha as universidades e o centro tecnolóxico e iso é estar navegando polo ciberespacio. ¿A vostede divírteu? Perfectamente.

Eu o que lle teño que dicir é que as súas relativas e malévolas referencias ós pasados de cadaquén neste caso folgan, porque agora todos temos pasado e o pasado, neste momento, sobre todo nos últimos anos do Partido Socialista, non é para envexalo.

Fala vostede, señor Cortizo, da xestión administrativa e das súas consecuencias. Ben, as cifras cantan. As que dei eu aquí e as que deu o portavoz do Partido Popular, señor Rodríguez, evidentemente aí están.

Quero tocar algúns puntos que saíron nas dúas intervencións. Dixo vostede -con absoluto descoñecemento do tema, non quero pensar que con falsidade- que os produtores de leite levan meses sen cobrar. Non é certo. Ata o de agora cobraron todo. Iso era en 1989, cando a xestión do señor Sineiro tivo sen cobrar ós produtores de leite de dous meses a dous me-

ses e medio, cousa que nós arraxamos coa crise de LARSA. Non é certo.

Pero teño que dicir que neste momento nós estamos traballando seriamente no tema da cota láctea e que o que vostede dixo hai un momento de que antes non se pagaba a multa e de que agora se vai pagar non é verdade. O ano 1993-1994, que foi o primeiro de funcionamento normal, nós avalamos 407 millóns. Tamén dixemos que o faciamos por última vez, pero fomos nós os que avalamos 407 millóns, non foi o Estado, fomos nós, que o cubrimos polas dificultades do primeiro ano.

Neste momento temos que dicir que o tema das cotas é un tema moi serio. Só hai dous países, Reino Unido e Suecia, que as queren eliminar. Dinamarca quere un sistema de dobre cota, unha con prezos diferenciados para vender dentro de Europa e outra para a exportación, que defende Francia. E os países do sur, España, Italia e Grecia queren incrementa-las súas cotas nacionais, pero convén saber que as cotas son a consecuencia dun sistema que garante o prezo, e que dentro da Unión Europea os prezos son moito máis altos. De modo, que a media en Europa é de 42 a 45 pesetas -nalgún caso en Francia chega a 50 pesetas-; o prezo en Polonia é de 20 a 22 pesetas; e en Estados Unidos é de 28 a 30 pesetas. Polo tanto, non se xogue con este concepto.

En todo caso, teño que dicir -repito- que nós en ningún caso estamos xogando con ese asunto. Aínda ninguén pagou a multa. A ministra está traballando seriamente en reducila, pero como teñen dito os mesmos Xóvenes Agricultores, os que venderon a súa cota seguiron producindo e os que fixeron un tipo ou outro de fraude non poden ser tratados como os que pensaron que o ano pasado, como anunciara na campaña electoral o ministro Atienza, habería compensación. Crérono, non foi así, e este ano non se puido compensar.

Vostede fixo referencia en varios puntos ás promesas incumpridas. Chegou o seu famoso papeliño, ou papelucho, dos 101 incumprimentos que lin nunha viaxe a Pontevedra. Dicía: "Non se fixo o Museo de Terra Santa". Non sei se vostede vai moito por igrexas e conventos, pero leva tres anos funcionando en

San Francisco. Eles puxeron as pezas e o local e nós 46 millóns. Aí o ten. Eu inaugureino.

Fala dun centro de deseño que non se fixo. Temos en Ferrol un dos mellores centros de deseño de España. Eu ía pensando -cando ía inaugurar unha igrexa que desgraciadamente ardeu e que custou 120 millóns restaurala- cántas cousas ten que facer un gobernante que nunca prometeu nin soñou que as tiña que facer. Polo tanto, como están contestadas noutro papel máis serio e máis cumprido, non me vou referir a iso.

En todo caso, vou pasar a comentar algunhas das súas observacións. En primeiro lugar, o señor Cortizo, facendo gala de moderación, citou o conselleiro de Economía. Demostrou a súa honestidade, pero hai que recordar para este efecto que naquel momento el estaba facendo unha análise desde 1985 a 1995 e que a análise do ano 1991 ó 1995, que é a que eu expuxen esta mañá, é de converxencia real. Naturalmente, os tres ideais do señor Cortizo nós practicámoslos: reduci-las diferencias de rendas con outras rexións; aumentalo emprego; e mellorala cohesión económica e social. Pois ben, os datos xa os dei esta mañá e non foron discutidos ningún deles, aínda que outros se engadiran. Pero vou repetir algúns. O valor engadido bruto de Galicia pasou a aumentar, no período 1991-1995, precisamente o 8,76% e no conxunto de España, o 73,6%. No agrario, en Galicia creceu o 10,92% e en España o 9,08%. O PIB en Galicia no ano 1990, o 82,14% e o 83,36% en 1993. Galicia era o 57% en relación con Europa en 1990 e o 60% en 1993. Últimos datos seguros.

En materia de paro, todos sabemos que hai dous índices, un das oficinas de emprego e outro da enquisa de poboación activa. Cada un usa os que lle convén e cando lle convén, pero o que está claro é que estamos entre as seis comunidades españolas con nivel máis baixo de paro. E, como é natural, repito, a comparación tende a mellorar.

Os presupostos creceron, efectivamente, gracias á nosa xestión. Nunca se conseguiron as transferencias que nós temos conseguido, xestionamos cada vez mellor os nosos ingresos e creamos impostos novos que están a funcionar.

Fálase da débeda. A débeda que aí se ve nos investimentos, primeiro, estivo sempre dentro dos límites legais; segundo, estase a reducir, e a única comparación correcta é cos ingresos presupostarios. Galicia no ano 1995 supoñía de débeda o 43,7%; Andalucía, o 45,4%, Asturias, o 71,4%; Cataluña, o 43,5% -máis ou menos a nosa-; Madrid, o 109,8% e Murcia, o 105,1%. Esta é a verdadeira referencia. O estudio de Caixa Galicia non di que vaíamos a menos, o que di é que non estamos crescendo tanto coma o ano pasado. Veremos a fin de ano se se cumpre ou non este pronóstico.

Volvemos ó tema do “Goberno amigo” ou menos amigo. Os concellos de Galicia, sexan gobernados polo PSOE ou polo Bloque, saben que non son os tempos do tripartito, no que nin se recibía ós alcaldes populares; saben moi ben a seriedade que ten a Xunta e saben moi ben que sempre que podemos facemos convenios obxectivos coas deputación ou cos concellos, e fixémoslos cando a Deputación da Coruña non era nosa. Fixémoslos e cumprímoslos. E volvo dicir, esa é a verdadeira realidade. En todo caso, repito, só Madrid, Andalucía e Castela-León reciben cantidades maiores neste presuposto.

Galicia -xa o explicou o conselleiro da Presidencia e hoxe portavoz en substitución do señor Portomeñe, a quen todos botamos de menos, como é natural- non vai perder recursos, como se afirmou, vai medrar polo menos en 50.000 millóns de pesetas no quinquenio. E, como se explicou, hai outras-cifras, pero a máis optimista que eu teño visto -naturalmente, non foi a do señor Maciá Lavedra- dálle 100.000 a Cataluña, moi por riba dos estudos que acaban de mencionarse, pero recórdese que Cataluña ten máis do dobre da poboación de Galicia.

En canto á Autonomía, que era o argumento, pois xa non se pode argüir coas cantidades, aumenta en máis dun 40%. E, en todo caso, nestes mesmos días, pódense ve-las diferencias entre as comunidades que goberna o PSOE e, por certo, o autonomismo que este demostra.

A retirada do recurso do 15%, primeiro, baixo a miña palabra de honor, direi que ninguén ma pediu, e moito menos ma impuxo, nin de Madrid nin de Barcelona; impúxoma a lóxica. O sistema cambiou de

todo e, naturalmente, manter aquel recurso pois non tiña sentido ningún. Reservámonos, se fose ese o caso, reuni-lo 30%, pero, afortunadamente, non foi así.

¡Veña o tema das autovías!, que é un tema predilecto do señor Caballero. Un día dise que non hai diñeiro nos presupostos, outro día criticase o chamado “modelo de financiamento alemán”. ¿En que quedamos? Evidentemente, o modelo alemán, en materia de autovías, merece algún respecto; foron eles os que as inventaron en Europa e os que teñen a rede máis cumprida. É unha forma de contratar perfectamente lexítima.

En canto á vivenda, faise non onde hai empresarios amigos, obviamente é onde hai terreo. No caso de Ourense, varias veces mencionado, o intento de implicar en procedementos xudiciais que seguen o seu curso ó IGAPE fracasou e foi rexeitado polos tribunais. O demais verase nos tribunais, como é natural.

Fálase do caso Huarte. Teño aquí un dossier moi cumprido. Naturalmente, aínda non tiven tempo de ler tódalas notas, pero teño que dicir que respecto ó tema de Huarte, primeiro, está resolto, e por certo, foi o primeiro que se resolveu, e que se resolveu sen dilación. Temos, por desgracia -espero que se emende co novo Goberno a situación-, unha das peores leis concursais de Europa, lenta, premiosa e que fai que calquera decisión que se tome nunha rescisión de contratos haxa que pensala. Ó primeiro falouse de que posiblemente unha empresa galega se podería facer con Huarte. Nós esperamos, pero non foi posible. Despois presentamos claramente a situación da rescisión, e finalmente hoxe o asunto está resolto, e está resolto sen novas dilacións.

Respecto do problema dos aboamentos realizados ó contratista por aprovisionamento de materiais, debo dicir que realizaron con pleno sometemento o disposto na normativa vixente. Tanto o artigo 143 do Regulamento xeral de contratación coma a cláusula 54 do Prego de cláusulas administrativas xerais permiten que a Administración realice tales pagamentos, sempre que non excedan o 75% do valor dos materiais e sen que se presente polo contratista unha rela-

ción valorada e a certificación do seu gasto. Tales requisitos cumpríronse no suposto presente.

Por outro lado, hai que recordar que o interese patrimonial da Administración queda plenamente salvagardado pola constitución de avais que respondan das cantidades aboadas por tal concepto e a súa posterior redución das unidades de obra executadas. De modo que isto é o que hai.

Falouse de hospitais. En canto ó de saber que o hospital do Salnés non se comezou porque o terreo non está dispoñible -agora creo que o vai estar-, pregúntelle ó señor alcalde, que é do PSOE, de Vilagarcía, se é así ou non é así.

Polo que se refire ó tema de universidades, teño que dicir que xa se deron cifras moi convincentes. O gasto en ensinanza non universitaria en 1989 era de 83.518 millóns, e en 1995 de 153.798, cun aumento do 84,14%. En ensinanza universitaria era do 9.534 fronte a 29.535, cun aumento do 210%. En todo caso, teño que reiterar que, efectivamente, o que anunciou neste Parlamento a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de que non haberá novo plan especial de financiamento que implique unha especialidade para as universidades non é cuestión da Xunta reiteralo. Nós entendemos que esa era unha operación de lanzamento necesaria e acordada por este Parlamento. Hoxe non procede, e se fosemos creando para o plan de montes ou para o plan de pesca ou o que fose, presupostos especiais, acabariamos co principio da unidade presupostaria, que é fundamental.

Temos que dicir que o presuposto do ano 1997 contempla unha consolidación do gasto existente en 1996 para o sistema universitario que se incrementa no 3%, agás na parte que afecta globalmente ás retribucións do persoal universitario. E os demais funcionarios quedarán no que hoxe dispuxo o Goberno.

En todo caso, debe dicirse que temos estudiado cada caso de por si e que o conselleiro de Economía ten previsto reintegra-los flocos que queden da etapa anterior. Comprometeuse a face-las indicacións pertinentes para reintegra-la asignación presupostaria (...) de 1990, que se lle adiantou á Universidade da Coruña con cargo a outro capítulo do plan. O diñeiro de bolsas de alumnos dese mesmo ano foi restituído a

Economía por imposibilidade temporal de realizar convocatorias.

E pasamos ó asunto San Rosendo. Teño que dicir que, non obstante a presión que hai sobre este asunto, o procedemento para a conclusión do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a fundación San Rosendo cumpriu tódalas esixencias legais. Está apoiado por un informe favorable da Asesoría Xurídica da Consellería de Educación e outro da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, do 24 de xullo deste ano. É evidente que neste caso non houbo nin concesión nin é necesario concurso; non estamos nin ante un contrato administrativo nin ante unha concesión administrativa; trátase pura e simplemente dun convenio de colaboración cunha fundación de interese galego. Eu convidoo a visitala. Por certo, eu saín aquel día sen ganas de comer de visitar tódolos centros especializados que teñen subnormais. É verdadeiramente impresionante o labor que se fai. É marabilloso tamén o que se fixo co servizo dos balnearios populares en Arnoia e, así, sucesivamente. Pero, en todo caso, ¿quen quería facer unha residencia de estudantes? ¿Quen tiña o propósito de facela? Polo tanto, por todo iso, consideramos -e aquí teño o informe da Asesoría Xurídica- que se está a facer unha boa obra que espero que chegue a bo fin.

En canto a iso, é verdade que aí se fixo unha lei ambiciosa, discutible, pero, en todo caso, que hoxe non ten financiamento. Pois ben, farémo-lo milagre dos pans e os peixes. O curso comezou con notable normalidade.

E en canto á axuda ó ensino privado, señor Cortizo, poña a man sobre o corazón, ¿onde é mellor o ensino, nos países anglosaxóns, onde hai competencia entre o sector público e o privado, ou naqueles que cun xeito máis ou menos socializante hai só escola pública? Deixo á súa consideración este tema.

Vostede bromea despois sobre algúns temas que merecerían maior seriedade. A moda galega, independentemente de nomes que vostede poida mencionar aquí, é unha das realidades importantes da creatividade galega dos últimos anos; hai nomes como o de Zara, unha das grandes multinacionais téxtiles, ou nomes como o de Adolfo Domínguez, un home que, por certo, é capaz de facer unha grande empresa de moda

e te-las súas tendas en París ou en Londres e ó mesmo tempo facer bo cine e boas novelas. Todo isto merecería outro tratamento.

Eu atrevome a dicir que o mesmo no téxtil que na pel Galicia está hoxe nos primeiros lugares. ¿Quen pensaba ver a Galicia triunfar, ó señor Verino e a tantos outros, nas pasarelas de Madrid e Barcelona? ¿Saben vostedes o que iso supón en ingresos na nosa balanza de pagos? Pois aí está.

En canto a privatiza-la empresa pública, de momento o que nós facemos é conseguir contratos importantes para as industrias públicas, como é o caso das fragatas. É certo que nós dixemos -e estamos a facelo, esa é unha proba- que defenderíamo-las empresas públicas de Galicia, non como mellores que as privadas, senón por estar en Galicia. Pero naturalmente o sistema das que sexa posible privatizar será o que sexa mellor para todos.

En canto ó que dixó sobre Santa Bárbara, quero dicir que é falso o que dixó vostede sobre o conselleiro señor Couceiro. Está a traballar moi seriamente sobre ese asunto, o máis difícil de todos, porque neste momento só queren comprar armamento os que non deberían telo. Pódese vende-lo que se queira, pero en Burundi ou Ruanda. Pero despois de dicir isto, estamos a traballar dun xeito ou doutro no que é o importante, que son os empregos máis cá empresa.

En canto ó tema I+D, vostede ironiza, porque a I+D necesita moitos cartos. Nós esperamos ter máis do sector privado. E neste momento quérolle anunciar -e farase público na próxima viaxe do director xeral don Fernando Aldana ó Ministerio de Educación e Cultura- que estamos a acceder a unha liña nova europea para mellora-las nosas posibilidades. Pero esta é unha tarefa de todos e volvo invoca-la axuda necesaria do sector privado.

Hai xa importantes avances en materia de investimentos. Vostede ríase sobre o granito, sobre a pizarra e sobre o ferro, pero hai centros especiais, uns máis desenvolvidos ca outros, e aí están. En materia de pesca, neste momento, na Universidade de Santiago estanse a facer determinadas experiencias que permiten segui-los bancos de pesca. E xa está demostrado, polo menos, que serven para descubrir bancos de pes-

ca a distancia, o cal abriu novos campos para a pesca galega.

Efectivamente, o meu forte non son as matemáticas, pero en canto á concentración parcelaria eu falei de zonas terminadas no período 1954-1989, que foron 194.952 hectáreas, e zonas terminadas en 1990-1996, que son 304.813. A suma das dúas, se non me equivoco, dá a cifra antes mencionada.

Teño que negar terminantemente que se poidan entende-las miñas palabras desta mañá, ou calquera outras, como negativa de axuda ás empresas en crise. Ben ó contrario. ¿Quen se está a ocupar durante meses de Picusa? ¿Quen se está a ocupar durante meses, con problemas moi serios en Bruxelas, dos temas de GEA? ¿Quen salvou tantas outras empresas? O que ocorre é que, efectivamente, si recoñecemos que hai un límite a esas axudas e que pode haber algún caso no cal teñan que cesar. Non mencionei ningún nin teño ningún en mente.

Finalmente, señor rexeitante do ciberespacio, nós nin somos caciques nin conseguidores. Non é ese o noso papel. O noso papel é servir a Galicia como ela quere e merece ser servida, e por iso polo de agora nos vota. Vexa vostede como os votan a vostedes e os votos que van perdendo en cada elección municipal, europea, autonómica ou nacional en Galicia. Esa é a diferenza. Despois a iso vostede chámelle como queira. Eu chámolle estar máis cerca do pobo.

Moitas grazas, señor presidente.

(Aplausos nos escanos do G.P. Popular de Galicia).

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios.

Ten a palabra o portavoz do BNG, señor Beiras Torrado.

O señor BEIRAS TORRADO: Eu dixen, señores do PP, que vostedes non tiñan un líder presentable. Está claro agora que non só non teñen líder, tampouco teñen portavoz parlamentario.

Falei antes da intelixencia. Arríscome a dicilo aínda que me arrisco a que poida considerarme elitista quen non me comprenda. Está claro: o presidente Fraga non comprendeu nada. Pero falei da intelixencia e dixen que non estaba co presidente Fraga nin co PP. A proba rotunda de que é así ofrecéunola a intervención do señor Rodríguez. Recordaba aquilo que Mario Benedetti escribira cando Reagan era presidente de Estados Unidos. Decía Mario Benedetti que “a mellor proba de que calquera cidadán dos Estados Unidos pode ser presidente témola no actual presidente”. Pois isto igual.

Por certo, señores do Grupo Popular, ¿é que non hai entre vostedes, entre todos e todas vostedes, absolutamente ninguén que poida falar mellor có señor Rodríguez? Non (*Murmurios*). ¿Hai? Entón ¿por que non o sacan aquí? ¿Teñen medo? (*Murmurios*). Non lles vai dar tempo. Váiselles acaba-la lexislatura antes. Eu dicía que Fraga era un boi mudo, e agora resulta que o boi mudo é o Grupo Popular, cerebro colectivo. Pero vostedes non son un cerebro colectivo, vostedes son unha especie de compartimentación de cousas estrañas. O seu cerebro colectivo é *hegelismo* barato, señor Fraga. Non sei se estou trabucado ou se xa perdín a memoria. Eu tiña entendido que o termo era “hegelianismo”. Un pode ser hegeliano, e, polo tanto, hai hegelianismo, non *hegelismo*. Iso de *hegelismo* non sei o que é. Coñécese que como o señor Portomeñe é especialista en inventar vocábulos inexistentes cada vez que sobe a esta tribuna, hoxe, para substituílo, inventa vocábulos inexistentes o señor Fraga. ¡Precioso!. (*Risos*).

Por certo, que eu si lamento, de verdade, que o señor Portomeñe estea mal de saúde.

(Un deputado: “Nos tamén”).

Si, pero vostedes por razóns interesadas, porque sen el non teñen ninguén que saia falar aquí. (*Murmurios*).

O señor PRESIDENTE: Señor Beiras, non xoguemos coa enfermidade grave dun compañeiro do Parlamento.

O señor BEIRAS TORRADO: Pois, por iso digo que eles por razóns interesadas, e eu porque realmente o lamento.

Por fortuna, hoxe os cidadáns escoitáronme en directo, a non ser que non funcionase ese choio que está enfronte, que parece unha máquina da *Guerra das galaxias*, pero que é unha cámara de televisión, ¡polo tanto, hoxe os cidadáns saben o que dixen e saben que vostede, señor Fraga, dixo que eu dixera o que eu non dixen. *¿Me sigue?*

Tamén está claro que vostede carece de sentido do humor. Carece de sentido de humor ata tal punto que por iso é incapaz de percibi-lo que percibe a xente normal, sobre todo nun país como Galicia, no que entendía todo o mundo a Castelao. A xente normal percibe cándoo alguén se expresa en clave de humor. Vostede non o entende porque carece de sentido do humor, vostede ten alma de tótem, ou se cadra de tabú -pode escoller-; e os tótems carecen de sentido do humor, evidentemente.

Eu non sei se o humor dá para que, de entre as moitas cousas das que eu podía face-lo balance de resultados desastrosos da súa xestión de sete anos, escollese algunhas -porque non me quería estender niso- e que falase en directo da cuestión; por exemplo, do profesorado no ensino público deste país. Xa me chegou unha nota, desde fóra do Parlamento, porque escoitaran iso, que me di: “Debido á redución do profesorado que se apuntou no discurso de réplica do señor Beiras, quedaron este curso sen colocar 308 profesores de secundaria, 491 substitutos, 203 de educación primaria; en total, 1.002 profesores do ensino público. Todos traballaron o curso pasado, e neste momento está pechada unha representación deses profesores afectados precisamente no Instituto Rosalía de Castro en Santiago”. Eu ignoraba isto.

Polo tanto, xa ve, señor Fraga, en canto un fala e pode expresarse en directo, chóvenlle aquí os retruques, xa non do BNG nin do grupo parlamentario, senón da propia cidadanía directamente.

Dixo vostede tamén algo de que Galicia é a cuarta comunidade, agora gracias a *Asnar* -*Asnar* con seseo, agora volvo ó seseo das rías-, nos investimentos reais para 1997 nos orzamentos estatais. Pois verá, no proxecto de presupostos que está na Cámara de deputados, nas Cortes, para 1997 hai 25.000 millóns menos que no ano 1994. En 1994 eran 102.000 millóns, nos presupostos do ano 1997 son 78.000 millóns, 24.000

millóns menos. Ou sexa, que vostede pode falar aquí de memoria, pero logo resulta que cando vostede non pode monopoliza-la megafonía, automaticamente a réplica é rotunda. Non é que non saiba de economía. Non ten por que saber de economía. É que vostede ten a audacia, por hábito ancestral en vostede, de pensar que, como vostede diga unha cousa, xa é a verdade, toda a verdade e nada máis que a verdade, que é un dogma. E ademais ninguén ten dereito a retrucar.

Hai unha cousa que a vostede lle molesta moito. Vostede non atura que ninguén o trate de igual a igual. Mais na política democrática esa é unha chave primordial. Eu trátoo a vostede de igual a igual nesta Cámara, pero vostede está habituado a que o traten de abaixo para arriba, a que lle falen con xenuflexións previas (*Risos*). Esa é a súa pauta de conducta. Eu trátoo de igual a igual, e naturalmente se o trato de igual a igual vostede di que eu son narcisista. Pois algo narcisista son, evidentemente; eu non sei se vostede o é ¡alá vostede! O que non son é imbecil. O que non son é unha persoa que vostedes consigan dobregar para que pense o que vostedes pensan que debe pensar; como o BNG, toda a vida. E así se atopan coa situación que atopan, evidentemente.

Tamén dixo o dos ferrocarrís, a lista de investimentos, como a lista da lotería, *la pedrea*, se cae. E saíu estes días nos periódicos -imos alá, *papelito* ó canto-.

Nos presupostos do Estado -proxecto xa presentado nas Cortes polo seu amigo *Asnar*- hai 500 millóns de pesetas de investimento en ferrocarril, que xa veñen de actuacións comprometidas en 1983, e 60 millóns para pasos a nivel, por punto.

O Plan galego de mellora do ferrocarril que se reivindicou nesta Cámara por unanimidade e que vostede di que os do Bloque en plan francotiradores levaron ás Cortes prevía 170.000 millóns de pesetas, en anualidades aproximadamente de 15.000 millóns cada ano, e firmárono vostedes e votárono nesta Cámara. ¿Quen é o francotirador? ¿Quen é o saboteador das decisións deste Parlamento? (*Aplausos nos escanos do G.P. do Bloque Nacionalista Galego*).

Cando vostede nos vén vender neste momento 500 millóns de pesetas, insisto, para os cidadáns que escoitan -e apaguen a cámara deste lado e poñan a que

queiran. ¡Ah!, encenden outra vez, serán interferencias do teléfono portátil do señor Pérez Varela (*Risos*)- son 170.000 millóns de pesetas en anualidades de aproximadamente 15.000 o que se comprometeu a reclamar esta Cámara e o que levaron os nosos deputados a Madrid. E 500 millóns por xunto é o que hai no proxecto de presupostos. E vostede acéptao como unha cousa xa espléndida para Galicia, para chegar Galicia a Madrid, ou a Europa, porque Europa empeza no Padornelo, nós non somos. ¡Sempre detestei iso! Logo fala de Europa e de Europa..., xa lle direi algo agora rápido. Vostede acéptao como o estudio do ferrocarril de alta velocidade de Madrid a Valladolid, ó Valladolid do señor Aznar, claro, curiosamente.

Iso achega Galicia, ¿verdade? Pois tamén como dixera unha vez o meu compañeiro Bautista Álvarez, cando fixeron o túnel debaixo do *Canal da Manga* pois por vía terrestre, evidentemente, iso achegou Galicia á Gran Bretaña. Perfecto. Por ese sistema, cando fagan o novo transiberiano nós estaremos máis preto do Xapón e os *japonesitos* eses pequeniños que tanto lle gusta a vostede mirar virán aquí máis facilmente no transiberiano. Estaremos máis preto. Dáse de conta de que por redución ó absurdo -tampouco o entenderá porque carece de humor para iso- podemos chegar ós desatinos máis grandes, como iso, ou como unha banda de gaiteiros galegos vestidos de escoeses.

E, ademais, só hai unha comisión de estudio interministerial. Ou sexa, van monta-la comisión de estudio, igual que os seminarios que vostede organiza. Ademais, patrimonializa todo. Porque aquí, *é genial*, está acusando ó Bloque ese individuo, señor ou como se chame...

O señor PRESIDENTE: Señor Beiras, esa expresión non é cortés.

O señor BEIRAS TORRADO: Eu son un individuo, ¿vostede non, é un colectivo? (*Murmurios*).

Moi ben, se vostede é un colectivo, nada. *Retiro lo dicho. Yo soy un individuo, para que me entienda, e* vostede non. Vostede non é un individuo.

Dixo que o Bloque expropiaría as empresas. Faría toda a economía pública. Nacionalizaría todo, non sei

que... Vostedes son os que fan todo, converten todo en sector público, porque resulta que se apropian sistematicamente do que faga calquera empresario que teña iniciativas. Zara é un logro de Fraga; Adolfo Domínguez é un logro de Fraga; a Universidade organiza un simposium, un seminario, e entón a Xunta patrocina con esas *axuditas*, e é un logro de Fraga. Ou sexa, vostedes fan todo. En Galicia non existe o sector privado, non existe a cidadanía. É a Xunta. Recordo o que dicía o finado de Avilés de Taramancos, que o dicía de broma en moitos mitins: “Todos á Xunta”. Non hai máis que ver tódolos investimentos que fan, son todos para a creación de postos de traballo eventuais nos concellos. A creación de emprego máis importante que están facendo vostedes é por esa vía.

Vou rematar, señor presidente.

Di vostede neste texto: “Baseado na realidade do conseguido...” Eu cando leo a súa prosa, ou cando o escoito falar, non podo evitar que me veña á memoria o rintintín do que eran as leis fundamentais do Movemento, era a mesma retórica. Ten, incluso, a mesma entoación: “Renovando la tradición católica, justicia social y alto sentido humano que informó nuestra legislación del Imperio, del Estado, en cuanto a instrumento totalitario...”, todo aquilo que nos facían aprender de memoria.

Remato, señor presidente. Di: “Baseado na realidade do conseguido, fago un chamamento ós sindicatos de Ferrol para que utilicen as vías de diálogo e de consenso ó que sempre estamos abertos e que reflexionen sobre os importantes efectos negativos que para o desenvolvemento empresarial de Ferrol ten a política de mobilizacións”. Bazán desconvocou as mobilizacións, pero é que vostede aínda non replicou, non respondeu á petición de entrevista feita polo comité de Bazán o 14 de maio para trata-la problemática do estaleiro. E vén dicir aquí no mes de outubro que “fago un chamamento ós sindicatos de Ferrol.” Non lles contestou nin sequera desde o 14 de maio. Non sei se é culpa súa, do conselleiro que cadre ou do plumífero que terán vostedes por aí.

E remato. Hai unha falta de respecto por parte de vostedes a esta Cámara. Non a min, dáme igual que me respecten ou que non me respecten, xa que o meu

respecto non se basea nin depende de que vostedes me respecten ou non; de feito, nunca me respectaron porque non respectan para nada o exercicio de honestidade política do Bloque, nunca o respectaron. Vostedes son capaces de inventa-las cousas máis absolutamente increíbles, as difamacións máis terroríficas; polo tanto, como non me teñen respecto, dáme igual. Pero está claro que a falta de respecto a esta Cámara por parte de vostedes está, para empezar, no que hoxe pasou no debate. Resulta que non hai portavoz. ¡Como pode vir un conselleiro de portavoz do grupo parlamentario a un debate do estado da autonomía no que se trata da exposición e debate da política de acción de Goberno! ¡E ademais o de Presidencia! ¡Pero onde se viu semellante cousa! Insisto, ¿é que non teñen absolutamente a ningún que sexa capaz de facelo?

O señor PRESIDENTE: Agradézolle que remate, señor Beiras.

O señor BEIRAS TORRADO: ¿Danse de conta a maneira de tratar esta Cámara de deputados que significa iso? Ou sexa, dá igual. Para o señor Fraga é igual executivo, lexislativo, a Cámara de deputados, que a Xunta, que os conselleiros, que os alcaldes seus, etc. Todo é igual, ¿verdade?

O señor PRESIDENTE: Agradézolle que remate, señor deputado.

O señor BEIRAS TORRADO: Remato, señor presidente.

Onte os empresarios foron informados polo señor conselleiro de Facenda dos presupostos. Por certo, quizais puidera indagarse tamén por qué a hoste de don Antonio Ramilo coñeceu o que se cociña na marmitta do señor Orza antes cós sindicatos e, sobre todo, antes cós deputados que conforman ese órgano básico de representación popular que se chama Parlamento. Isto xa é definitivo respecto do que foi este debate por parte de vostede. Nós sabemos en qué estamos e cada vez hai máis xente que o sabe. E vostedes están coa batalla perdida porque pasarán -para empezar- á historia deste pobo como... ¿non sabes aquilo de *la gusanera*?, pois igual.

Máis nada.

(Aplausos nos escanos do G.P. do Bloque Nacionalista Galego).

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor deputado.

Ten a palabra o señor Cortizo Nieto polo Grupo Parlamentario dos Socialistas.

O señor CORTIZO NIETO: Señor presidente, señor Fraga Iribarne.

Señor portavoz do Partido Popular, don Dositeo Rodríguez, eu non teño que debater con vostede aquí aínda que vostede fixese do que fixo. É verdade que nos fixo vostede botar moito de menos ó señor Vázquez Portomeña.

O señor Fraga xa recoñeceu que a teoría do goberno amigo non ten a súa oposta. Xa é “máis amigo” ou “menos amigo”. É unha curiosa variación. Falou de refugallos sólidos urbanos e falou de SOGAMA como necesarios e urxentes. ¡Pois menos mal que son necesarios e urxentes!, porque levamos nesta Cámara dicíndoo desde hai sete anos e vostedes anunciando cada dous anos a inmediata contratación da planta de tratamento. Pero levan anunciando a inmediata contratación en 1993, en 1994 e citando os anos concretos. A min non me conte nada de que é urxente e necesaria, ¡xa o sei!, xa o saben moitos milleiros de cidadáns neste país, pero o que parece non sabelo é vostede. Vostede díxo pero non parece crelo, porque leva sete anos sen sacar a adiante ese tema, e era un plan estrela do ano 1990. ¿Que máis lle pode dicir?

Vostede, que é moi hábil, para iso é experto, refírese ás cousas quitándolles transcendencia. Di: “Divírtese co ciberespacio.” Pois mire vostede, non sei se me divertirei co ciberespacio, supoño que si. Pero non era esa a cuestión e vostede sábeo moi ben. Polo tanto, non vou dedicar nin un segundo a iso.

Dixo vostede: “Malévolas referencias ó pasado.” ¿Quen? ¿Eu? ¿É que de verdade lle parece malévolo que cite as súas palabras no Congreso dos Deputados despois de aprobada a Constitución? ¿Por que malévolas? Se vostede as entende como malévolas vostede saberá por qué. Malévolos son os comunicados de *Pravda*, quero dicir, de Pérez Varela. Eses si que son malévolos, insidiosos, falsos, calumniosos, descualifi-

cadores. Claro, iso si. Pero dicir que son malévolas referencias ó pasado porque lle cite o que vostede dixo no momento da votación do Estatuto do País Vasco e do Estatuto catalán... Non albisque esa intención. Simplemente é o contraste de pareceres distintos nun momento e noutro. Será malo ou será bó, pero malevolencia pola miña parte non hai ningunha.

Ó falar da cotas dixo: “Non xogamos con este asunto.” ¿Quere dicir que eu si? O que me satisfai moito é que vostede agora se apunte ós que din que as cotas garanten o prezo. Non foi sempre esa a postura do Partido Popular, máis ben as demonizaron. Máis ben crearon expectativas en agricultores sobre ese tema dicíndolle-lo que non se podía dicir. Por facer oposición faise de todo. Agora está ben. Eu podo seguir dicindo sobre as cotas exactamente o mesmo que dicía o portavoz socialista, e vostede cambiou. Pois tampouco son malévolas estas alusións. Eu teño que contrasta-las distintas formas de manifestarse vostede segundo quen sexa goberno en Madrid, segundo como lle pete o vento na veleta do cambio de opinión. ¿Que quere que lle diga!

Falou do centro de deseño e eu non o citei nin figura nese papel -chámelle vostede papelucho, se quere, pero é moi serio, ¡eh!-. Eu non falei de centro de deseño ningún. E admitindo que nos equivocáramos nese famoso Museo de Terra Santa, acertamos no 99%; pois non está mal.

Cando quixo salvar, non sei por qué, a intervención do señor Orza na Comisión de reindustrialización, dixo vostede: “E que iso se refería ó período 85-95.” Nalgunhas cousas si, pero noutras non. Por exemplo, no de emprego referíase do 88 ó 95. Díxeno textualmente. Oia, por riba de que eu vou á fonte do seu conselleiro de Economía para que non teña dúbida... Non me dirá que minto se lin textualmente. Quen facía esa demoledora análise da situación de Galicia era o seu conselleiro. Eu non teño culpa de que el veña á Comisión de reindustrialización neste Parlamento e diga unhas cousas e cando lle pasa a vostede os papeis para prepara-lo debate lle diga outras. ¡Destituíao!. -Perdón, señor Orza-. Se el aproveita e vén a este Parlamento e queda ben dicindo “esto es lo que hay” e despois a vostede lle pasa uns papeis que din outra cousa e que o poñen en evidencia, destituíao. Se eu fose presidente do Goberno destituíriao de

inmediato. -Perdón, señor Orza-. ¡Que lle imos facer! Dígame outra cousa, pero eu lin textualmente a intervención.

Cando falamos do paro, o único que di é: “Son distintos índices.” Non, sexamos serios. Vostede ten citado neste Parlamento a enquisa de poboación activa como un dato para ter en conta e para utilizar, fidedigno, verdadeiro e todo o que vostede queira. Agora non lle convén e di: “No, oiga, a mi la EPA...” ¡Home, que nos escoita a xente! Que saiba a xente que vostede utilizou eses datos aquí cando lle conveu, e que agora se o usan os demais di que ese dato non... Pois é así. A vostede lle puxeron nos papeis do discurso que o paro nos últimos doce meses descendeu e resulta que as enquisas de poboación activa din exactamente o contrario: que aumentou o paro no 1,3% mentres en España aumentou o emprego un 2,6%. ¡Que lle imos facer! Son 11.000 postos de traballo aquí para abaixo e en España son trescentos e pico mil para arriba. Claro, é que é difícil aceptar que cada día do seu Goberno lle custou a este país 35 empregos. Cada día do seu mandato, desde os sete anos, este país foi perdendo día tras días 35 empregos. ¡Pois claro! ¡Que lle imos facer!

E di que a débeda está entre os límites legais. ¿Dixen eu o contrario? Eu dixen que a multiplicou por 15. ¿É verdade ou é mentira? ¿Multiplicou vostede a débeda deste país por 15? ¿Si ou non? Nin sequera dixen nada sobre se está ben ter máis ou menos débeda. Depende. Pero a realidade é que vostede a multiplicou por 15. ¿É verdade ou é mentira?

Falou da autonomía financeira que nos proporciona o sistema e dixo que aumentaba máis do 40%. Non é verdade. Alcanzamos un 42% de autonomía financeira con este sistema partindo dun 17%. Polo tanto, reste e verá que subimos un vinetantos; Cataluña sobre un 60%, incrementa un 60%. E é verdade que as do 143 alcanzan un nivel de autonomía financeira maior, e por suposto tódalas históricas. Non é verdade o dato que lle puxeron de que aumentamos un 40%. Chegamos a un 42% de autonomía pero partiamos do 17% xa; polo tanto, aumentamos un vinetantos. Non sei se por isto deberá destituílo pero polo de antes seguro que si, porque o de antes si que lle fixo a vostede fraco favor.

Fala de Huarte e di: “Está resolto.” Iso recorda a unha frase do presidente Aznar: “Había un problema y lo resolvimos.” Pero ¿como está resolto? Mire, eu formuleille unhas preguntas concretas e vostede fixo o que puido para non contestalas. ¿Imos mañá ver ónde están os 2.400 millóns de pesetas en materiais aprovisionados? Se imos mañá ver eses materiais e están, eu demito da política por dicir aquí que hai 2.400 millóns de pesetas en materiais inexistentes. Se vostede mañá me leva a ver eses materiais e eu teño a oportunidade de constatar que existen eses materiais aprovisionados e que non hai un buraco, eu demito. Entre outras cousas, é imposible, porque se mira os papeis verá que no adianto que se fixo se pagou man de obra e se pagou a colocación dos materias; polo tanto, xa de entrada é imposible que exista o total. Pero é que ademais os ascensores non están aprovisionados desde hai tres anos.

Cando vostede dicía aquí que había que velar pola eficacia do investimento novo, falando de hospitais e de sanidade, nese mesmo momento, en novembro de 1993 xa tiña vostede alguén na Consellería e no SERGAS que estaba gastando deste xeito. Mire que caso lle facían. Se imos ve-los materiais e están os 2.400, a miña demisión da política activa será inmediata, porque serei coherente co que digo.

E falando da Universidade, dei cifras. Eu deille unhas cifras publicadas polo Consejo de Universidades en canto a niveis de trinta e tantos puntos menos de gasto na Universidade da Coruña, de en torno a vinte en cuestións como gastos de persoal por número de estudantes, en cuestión de investimentos reais por número de estudantes, en cuestión de gastos en bens e servizos. Non foron rebatidos. Aí están. Contrapuxen estas cifras a afirmacións feitas neste Parlamento por vostede, por algún conselleiro e por algún deputado do seu grupo de que erámo-la comunidade autónoma que máis investía en universidades en termos comparativos. Estas son cifras reais e que, desde logo, non é que canten, senón que berran; berran o que berran, ¡que lle imos facer tamén neste caso!

Despois, cun exemplo concreto, pregunta vostede: “¿Quen quería facer unha residencia universitaria?” Señor Fraga Iribarne, a Universidade de Vigo, que ten iniciadas accións xurídicas para evitar que chegue a

cumprirse ese convenio. Eu non falei de que o convenio fose ilegal. Eu dixen que non lle queren dar á Universidade de Vigo diñeiro para infraestructuras docentes de diverso tipo. Néganllo incluso para residencias universitarias e danllo a unha fundación destas características. E non só isto, senón que obrigan ó Concello a cambia-lo destino dunha dotación de terreos para que lle retire á Universidade a parcela e lla dea á Fundación San Rosendo.

Sexa rigoroso e conteste estas cuestións. Vostede pregunta quen quere construí-la residencia e eu digo que a Universidade de Vigo, porque o dixo o seu rector, porque teñen iniciadas accións xurídicas para opoñerse á decisión do Concello de Ourense e, por suposto, porque reclamaron moitas veces os 450 millóns que lle dan a esa fundación moitas veces.

Respecto diso din que farán o milagre dos pans. ¡Home! non é serio. A vostede pintano como o gran timonel. Non o pintan, citouno o señor conselleiro como gran timonel. Hoxe, a don Dositeo fóiselle a man un pouco na pelota e tamén fixo moita, pero ¡ata chegar a face-lo milagre dos pans...! Non os crea, que non é vostede Deus. Ten vostede un problema se os chega a crer, porque, ademais, dino agora, mentres está no *machito*; cando non estea, como a Vidal Cuadras, igual: nin caso. Dígollo eu, créame, que como eu llo digo desde partido distinto é máis certo (*Murmuros*). Cando non estea, nin gran timonel nin nada de nada. ¡Se son todos así!

O señor PRESIDENTE: Agradézolle que vaia rematando, señor deputado.

O señor CORTIZO NIETO: Di que bromeo. Recórdollo: 15.000 millóns para financiar preescolar. Eu xa non cuestionei nin sequer as subvencións ó privado. Non entro no debate privado-público. O que digo é que coas carencias que hai neste país no ensino secundario, no ensino público, ¿vostede recorre ós pans e os peixes detraendo 15.000 millóns do sector público para financia-lo preescolar privado non obrigatorio? Non me refiro ós conceptos. Claro, se a resposta a por qué retirou vostede 15.000 millóns do ensino público para destinalo a isto é dicir que farán o milagre dos pans e dos peixes, pois non é serio.

Di que bromeo coa moda galega. Non, ou me expresei mal ou non me entendeu ben. Supoño que me

expresaría mal. Eu non bromeo coa moda galega. Claro que a min Zara ou Inditex non só me merecen o maior dos respectos, senón que oxalá tivesemos moitas así. Pero Inditex non a creou a Xunta. A Xunta si financiou un desfile benéfico e, ademais, mire, no colmo da ineficacia, o desfile, que era para recadar fondos, recadou menos do que subvencionou a Consellería de Industria, ¡que xa hai que ser parvos, señor conselleiro!

O señor PRESIDENTE: Agradézolle que vaia rematando.

O señor CORTIZO NIETO: Financiar un desfile benéfico xa é unha cousa que desde o punto de vista industrial ten bastante pouco que abordar, pero encima que sexa benéfico e que recaden menos do que vostede lle dá de subvención debería facelo pensar un pouco a vostede.

Remato xa, señor presidente, co desfile.

A min Deus me libre de ironizar co I+D. Nin me rin do granito -igual me tiran algún cacho-. Eu dixen que investiron en I+D, e puxen un exemplo: 300 millóns na creación e construción do Centro Tecnolóxico do Granito no Porriño. E a continuación dixen: “Agora estase utilizando para impartir módulos de FP e para sede da Asociación Galega de Graniteiros”. Non dixen máis ca iso. A vostede poderalle parecer que é un investimento, desde o punto de vista de I+D, eficaz, eficiente e rendible construír un espacio físico onde se van impartir clases de FP. Que, por certo, son moi necesarias, porque hai miles de mozos neste país que non teñen praza en FP. Pero eu dixen o que dixen e son dono das miñas palabras. Vostede, se quere replicar, pode.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, señor deputado.

O señor CORTIZO NIETO: Está no seu dereito, pero as cousas deben quedar moi claras.

Máis, nada e moitas grazas, señor presidente.

(Aplausos nos escanos do Grupo Socialista).

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cortizo.

Ten a palabra o señor portavoz do Grupo Parlamentario Popular.

O señor RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ: Señor presidente, señorías.

Señor Beiras, eu quixera simplemente reproducir unhas palabras que vostede dixo: “Non atura que o traten de igual a igual, non atura que non o traten con xenuflexións previas”. Eu creo, sinceramente, que vostede cada mañá, cando se levanta, mírase no espello e di: “Que listo son, que intelixente, non hai outro igual.” Sentimos moito que un humilde deputado teña que explicar diante desta Cámara, lexitimamente, a posición do Partido Popular no debate máis importante que temos no ano neste Parlamento. É un debate de política xeral, e o Partido Popular practicou unha política durante sete anos, clara, consciente, coñecida polos electores e revalidada polos electores, e pedímoslles a vostedes, os parlamentarios do BNG, que nos expliciten cál é a súa política económica, que nos expliciten cál é o papel da empresa pública, que nos expliciten a súa política de nacionalizacións, que nos expliciten o seu papel de Europa (*Murmurios*). Temos dereito lexítimo a facelo, porque o que quere o pobo galego é saber cómo pensan os que pretenden gobernar, cómo traballan os que os gobernan e cómo queren traballar e cómo queren actuarlos que pretenden gobernar. E vostedes néganse constantemente a explicita-la súa política e a súa liña (*Protestas*).

O pobo galego, que nos está vendo nestes momentos, ten o dereito lexítimo a saber qué é o que pensan vostedes para poder saber racionalmente a quen apoiar.

Eu, son, efectivamente, un individuo, un membro do Grupo Popular, un parlamentario pola provincia de Lugo, da que me sinto especialmente orgulloso, e, desde logo, creo que falar de falta de respecto a esta Cámara é non dici-lo que se pensa, non dicir cómo se pensa actuar e non defender lexitimamente unha acción de Goberno sería, unha acción de goberno transparente que realmente -e iso demostrámolo cos feitos e co que se pode palpar día a día- está contribuíndo a mellora-la nosa terra.

Señor Cortizo, sabe vostede -ademais, fóra desta Cámara eu penso que seguimos sendo amigos persoais aínda que aquí somos contendentes políticos- que

nós botamos moito de falta ó señor Vázquez Portomeñe. E tamén sei -non me importa recoñecelo diante desta Cámara- que eu son moito menos brillante que o señor Portomeñe. Iso non me importa, porque cada un ten que sabe-las súas limitacións.

Pero o que si sei é que intentei defender claramente a posición do Partido Popular, do Grupo Parlamentario Popular, nesta Cámara, con feitos, con razoamentos, con argumentos e con palabras que creo que son convincentes porque expresan a verdade do que fixemos.

Moitas gracias.

(Aplausos nos escanos do G.P. Popular de Galicia).

O señor PRESIDENTE: Gracias.

Ten a palabra o señor presidente do Goberno para a rolda de dúplica.

O señor PRESIDENTE DO GOBERNO (Fraga Iribarne): Gracias, señor presidente.

O señor Beiras, ó que trato de igual a igual, volve determinar que non temos nin líder nin portavoz. Non vou facer ningún comentario. É o seu xeito de desprezo e de prepotencia de sempre. Pero si quero dicir que para nós demostra pouco coñecemento de dereito constitucional e da distinción entre procedemento parlamentario e sistema presidencialista. Que un conselleiro actúe como deputado é absolutamente normal; e, por certo, o señor Portomeñe, de quen quero facer público eloxio, sempre foi conselleiro nestas dúas lexislaturas, primeiro, de Relacións Institucionais e despois de Cultura; ultimamente, para máis adicarse ó Parlamento, conselleiro sen carteira. Polo tanto, un pouco de seriedade.

En todo caso, señor Beiras, perdoe que llo diga, o día que lle gusten os nosos discursos, teremos un disgusto tremendo, porque, evidentemente, algo faríamos mal. A súa intervención, que vostede acolle sen sentido do humor -que, por certo, se hai alguén que o demostre é vostede- non foi seria, non estivo á altura do debate. Pero, en fin, xa que vostede agora quixo sacar algúns datos en materia de profesorado -ese comunicante que o chamou seguramente defende intere-

ses persoais-, este ano hai 130 profesores máis que o ano pasado. O que ocorre é que algún deses profesores aínda non teñen destino definitivo; pero, desde logo, é o propósito -cumprindo o regulamento, xa que cambiaron de destino coa ESO- do conselleiro de Educación colocalos progresivamente nos postos vacantes.

Sacou o tema do ferrocarril. Mire vostede, o ferrocarril pódese empezar por aí ou por alí; pero que se empeza ata Valladolid en vez de estar parado moito tempo, é evidente. E que iso vai a prol de nós é certo. Pero teño que engadir que, efectivamente, o da comisión que vai estudar este asunto é un criterio serio.

En todo caso, non vale coller un artigo pequeno. ¿Cal foi a suma dos investimentos especificados para Galicia nos presupostos do Estado? En 1990, 50.000 millóns; en 1991, 37.000 millóns; en 1992, 36.500 millóns; en 1993, 15.200 millóns; en 1994, 22.600 millóns; en 1995, 26.835 millóns. Este ano pasamos a 76.000 que é a cifra máis alta respecto dos anos anteriores.

Fala vostede de Ferrol. Ben, primeiro nós reunímo-la comisión especial cos alcaldes e cos líderes sindicais. E en pouco tempo haberá outra xuntanza. Segundo, eu recibín o consello de administración -que, por certo fixo agora en Bazán, para celebra-lo das novas fragatas, unha xuntanza por primeira vez- e recibín en Ferrol algúns sindicalistas. Pero o conselleiro de Industria recibiu o comité de empresa e traballou con eles, como é natural. Xustamente, esa relación e o éxito das nosas xestións -que evidentemente non depende dunha intervención dos seus famosos deputados- pois, efectivamente, xustifica que eu amablemente lles diga de qué serviron as mobilizacións cando a inxusta reconversión de ASTANO produciu o que produciu. Logo fixéronse plans especiais para Ferrol, pero a situación de conflictividade non favoreceu os investimentos, como é público e notorio.

En todo caso, espero que non lle moleste que eu visite os xaponeses, que, efectivamente, neste momento están mellorando a nosa balanza de pagos, que nunca estivo ó nivel que está na actualidade.

Señor Cortizo: goberno amigo, si señor. Vostede prefíreo e así o diremos: goberno amigo. E diremos "gracias a Deus".

SOGAMA, ¿quen a parou? ¿Quen foi o que andou nos concellos ou anda nos concellos dicíndolles a algúns que fagan plans especiais ou diferentes? Espero que neste momento esas xestións vaian a menos.

En canto a se as súas palabras son malévolas ou benévolas, francamente, moitas veces son mesmo velenosas. Pero en todo caso, desde agora terémolas por benévolas se é ese o seu sentido da benevolencia.

En canto a Pravda, calquera comparación dese famoso xornal en relación coa prensa de Galicia, activa, importante e lida, paréceme que é unha broma de moi mal gusto.

Fala vostede dos estatutos. Oia vostede, ¿quen foron os dous deputados que se ergueron da Comisión? Dous deputados da que era entón Alianza Popular. Un dos cales era eu. E traballamos neles; como é natural, entendendo cáal era o noso papel naquel momento ó servizo de Galicia. Gracias a iso foi un Estatuto que pasou dúas veces polas Cortes e que tivo que ser revisado.

En canto ó das cotas, nós sempre dixémo-lo mesmo. Nós queremos máis cotas, pero queremos cotas. E, naturalmente, o contrario é falso. Agora mesmo desafío a que me diga ónde dixen eu que non me gustaba o sistema de cotas.

En canto á enquisa de poboación activa, vostede non leu a última. Porque na última figuran exactamente os datos que eu mencionei. En todo caso, convén recordar cando se menciona o aumento dos parados en Galicia, que no período de 1993 ó segundo trimestre de 1996 o número de parados novos por día no conxunto de España se cifraba en máis de 390, así que estamos moi por debaixo desta media.

Invítoa a ler un excelente discurso que en ocasión semellante á miña pronunciou o *lehendakari* vasco sobre este tema, para que vexa a diferenza da nosa situación con outras comunidades mesmo moi desenvolvidas.

En canto ás universidades manteño as cifras globais. E punto. No tocante a San Rosendo buscou a fórmula máis económica dentro da legalidade.

En fin, o gran timonel, evidentemente, era outro. Certamente non correspondía á socialdemocracia, senón ó socialismo chamado real, pero, en todo caso, non é a nosa terminoloxía. E por unha vez se admitirá que se falei dos pans e dos peixes era con ese sentido do humor que se nos nega.

Unha cousa si teño que dicir: Inditex, como é natural, é o éxito, a creación extraordinaria duns grandes empresarios, pero unha parte do seu desenvolvemento foi gracias, neste momento, a créditos importantes de INESGA para a súa expansión comercial. Algo tiñamos que dicir sobre isto. O que digo eu é que o fenómeno da moda está a ser apoiado, con máis ou mellor suceso pero, certamente, constantemente e a tódolos niveis pola Xunta de Galicia.

En todo caso, sobre o tema do Porriño, quero dicir que, efectivamente, aí se gastaron 232 millóns de pesetas, dos cales 134 foron na obra e 98 no equipamento. Fíxose un convenio entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación Galega de Graniteiros para a utilización do centro tanto para actividades docentes -FP, módulo de albanilería e granito- como de investigación e práctica dos estudantes no laboratorio de investigación e control de calidade. O cal, por certo, está a punto de conseguila súa homologación, e que, por suposto, é un centro de investigación.

En canto a Huarte, como é natural, os seus papeis verdes non tiveron tempo de velos, pero manteño todo o que dixen e serán contestadas tódalas súas preguntas. En todo caso, volvo repetilo punto clave: todo está avalado, e se en todo houbera algunha falla os avais terán que funcionar.

Finalmente, señor Cortizo, non se moleste en explicarme que vostede pertence a un partido distinto. Partido que afirmaba non hai moito tempo que chegaría setembro e o noso saltaría feito cachos. Evidentemente non parece te-lo mesmo grao de unanimidade que nós temos. Pero, en todo caso, quero dicir, que non vou destituír a ninguén, senón que, sobre todo, desexo que vostede continúe onde está e que non demita. Convennos moito que siga onde está.

(Aplausos nos escanos do G.P. Popular de Galicia).

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor presidente.

Conforme os acordos da Mesa e da Xunta de Portavoces os grupos parlamentarios teñen un prazo de ata as 12 da mañá para presentar propostas de resolución. A partir desa hora serán cualificadas pola Mesa, e para o seu debate reiniciarase a sesión ás catro e media da tarde.

Ata entón suspéndese a sesión.

Suspéndese a sesión ás oito e corenta e cinco minutos da tarde.

